

Revista galega  
de pensamento  
 cristián



ESTUDIO

Non é a persoa para o sábado: contra as  
deformacións e opresións do relixioso  
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

APORTACIÓNS

Carta a Teresa de Jesús  
TEREIXA LEDO REGAL

Proxecto Home Galicia: dez anos loitando  
pola vida  
MANUEL REGAL LEDO

Dous congresos en torno á globalización  
FRANCISCO REGUEIRA  
IX CONGRESO XUSTIZA E PAZ  
ASOCIACIÓN DE MULLERES *DORNA*

CRÓNICAS DA ACTUALIDADE  
Política  
Cultura  
Relixión

Número 118  
Maio-xuño  
2000

Encrucillada

---

*MESA DE REDACCIÓN*

Andrés Torres Queiruga (Director)  
Xavier R. Madriñán (Redactor-xefe)  
Engracia Vidal Estévez (Secretaria)  
Agustín Díaz Blanco      Xesús Portas Ferro  
Xaime M. González Ortega      Sandra Rodríguez Couso  
Pilar Wirtz Molezún

*ADMINISTRACIÓN*

Amalia Tomé Rocha

*CONSELLO DE REDACCIÓN*

Xesús Acuña Garrido (Pontevedra)	Amancio Liñares Giraut (Negreira)
Xoán Bernárdez Vilar (Vigo)	Arximiro López Rivas (Lugo)
Alfonso Blanco Torrado (Guitiriz)	Xosé Antón Miguélez Díaz (Somozas)
Xoaquín Campo Freire (Ferrol)	Xosé L. Pastoriza Rozas (Cangas)
Hermelinda Dapena Tarela (Pontevedra)	Pilar Pena Búa (Cuntis)
Manuel Dourado Deira (Rianxo)	Victorino Pérez Prieto (Ferrol)
Manuel Espiña Gamallo (A Coruña)	Xosé María Pin Millares (Vigo)
Miguel Fernández Grande (Ourense)	Manuel Regal Ledo (Santiago)
Bernardo García Cendán (Lugo)	María do Carme Solloso Blanco (Narón)
Mariano Guizán Sánchez (Ames)	Manuel Suárez Suárez (Santiago)
Antón Vidal Andión (Vigo)	

---

*REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN*

Tel. e Fax 986 84 61 82 - e-mail: encrucill@netcom.es

Rúa Nova de Arriba, 1 - 6º Dta.

36002 PONTEVEDRA

*Precio subscripción (5 números):*

- Ordinaria ..... 2.500 Pta
- De apoio ..... Desde 3.000 Pta
- Estudiantes ou parados ..... Desde 1.500 Pta
- Número solto ..... 600 Pta

*Publicación bimestral*

*CONTAS CORRENTES*

Caixa de Aforros de Galicia: 2091-0342-28-3040000681 - Santiago

Caixa Postal: 04369847 - Pontevedra

---

# Encrucillada

---

*Revista galega de pensamento cristián*

---

Nº 118/Volume XXIV (2000/maio-xuño)

## SUMARIO

<i>Guieiro,</i> por Xaime M. González Ortega .....	3/235
<b>ESTUDIO</b>	
<i>Non é a persoa para o sábado: contra as deformacións e opresións do relixioso</i> por Andrés Torres Queiruga .....	5/237
<b>APORTACIÓNS</b>	
<i>Carta a Teresa de Jesús</i> por Tereixa Ledo Regal .....	20/252
<i>Proxecto Home Galicia: dez anos loitando pola vida</i> por Manuel Regal Ledo .....	35/267
<b>DOUS CONGRESOS EN TORNO Á GLOBALIZACIÓN</b>	
<i>Semana Galega de Filosofía. Conclusións</i> por Francisco Regueira .....	44/276
<i>IX Congreso Xustiza e Paz. Manifesto Final.</i> .....	51/283
<i>Muller e globalización. Reflexións desde un barrio popular de Vigo</i> pola Asociación de Mulleres Dorna. ....	53/285

---

## CRÓNICAS

- Crónica política: Arrastrándose...*  
por Agustín Díaz Blanco ..... 62/294
- Rolda da cultura: Aquel primeiro Día das Letras Galegas*  
por Xoán Bernárdez Vilar ..... 69/301
- Rolda de Igrexa: Pedriñas evanxélicas para botar abaixo un sistema inxusto*  
por Victorino Pérez Prieto ..... 79/311

## RECENSIÓNS

- Hacia una teología cristiana del pluralismo religioso, de Jacques Dupuis*  
por Xosé Antón Seoane ..... 90/322
- Por el Dios del mundo en el mundo de Dios. Sobre la esencia de la vida religiosa, de Andrés Torres Queiruga*  
por M<sup>a</sup> Pilar Wirtz Molezún ..... 92/324
- Ética Xeral, de R. del Prado*  
por Andrés Torres Queiruga ..... 95/327
- Quiroga Palacios no seu tempo, de Xosé Mínguez Goyanes*  
por Victorino Pérez Prieto ..... 96/328
- Antoniana Margarita, de Gómez Pereira*  
por Andrés Torres Queiruga ..... 98/330
- Libros chegados á Redacción,*  
por Engracia Vidal Estévez ..... 100/332

## ILUSTRACIÓNS

- por Soledad Pite ..... 15/247, 38/270

A relixión é unha tarefa humana e como tal pode, ó lado de grandes realizacións, producir tamén auténticas deformacións das súas intuicións orixinais, deformacións que afectan á intención orixinaria de todo fenómeno relixioso: a salvación.

**Andrés Torres Queiruga** aborda no estudio deste número as razóns da vivencia, facilmente constatable hoxe, do relixioso como opresivo e limitador da realización humana, unha vivencia que foi para moitos motivo para o abandono da práctica relixiosa e para outros fonte de contradición e desasosego. Resalta o autor o papel que tivo a Modernidade na percepción do cristianismo (unha relixión que nace con vocación auténticamente liberadora) como “limitadora da persoa, freo do progreso e coartadora da liberdade”. Ve as razóns desta percepción moderna, non só na asociación do cristianismo coa concepción premoderna do mundo, senón tamén na traducción que a teoloxía cristiá foi facendo da experiencia orixinal. Reclama o autor unha recuperación da experiencia orixinaria de “creación como salvación” na “gran parábola de Deus”, Xesús de Nazaré, “o espello máis limpo onde podemos ir vendo unha imaxe menos deformada do seu misterio e buscar unhas palabras menos inadecuadas para o expresar”.

Aparece a continuación un traballo, escrito a modo de diálogo coa santa, no que **Tereixa Ledo Regal** nos axuda a descubrir como Teresa de Jesús foi medrando na súa comprensión da acción de Deus no corazón humano. Un Deus que apoia e regala, que o dinamiza todo a través do seu amor. É unha pequena guía de espiritualidade a través do *Libro da Vida*, a obra máis estudiada da santa castelá.

*Encrucillada* non quere permanecer allea á celebración do décimo aniversario de *Proxecto Home Galicia*, unha institución surxida no ano 1990 da man das dioceses galegas, que ven prestando un servizo inestimable a toda a sociedade a través do tratamento da drogadicción. **Manuel Regal Ledo** dános a coñecer desde dentro os obxectivos e a forma de traballar de Proxecto Home. Tampouco a revista podía obviar a fecunda semana de reflexión e busca que Pontevedra e Vigo viviron na semana de Pascua. Baixo o título *Dous congresos en torno á globalización* recolleemos as conclusións da *Semana de Filosofía* e do *Congreso Xustiza e Paz*, así como unha experiencia próxima –xa que tivo lugar nun barrio de Vigo– narrada neste último. Complétase este número coas crónicas de actualidade e un nutrido feixe de recensións bibliográficas.

**Xaime M. GONZÁLEZ ORTEGA**

---

XV FORO RELIXIÓN E CULTURA EN  
GALICIA

*Novos horizontes da Ética*

4 de novembro de 2000  
Santiago

Anteproxecto do programa

*Ética e “Nova Economía”*

Luis de Sebastián. Profesor de Economía no ESADE,  
Universitat Ramón Llull de Barcelona.

*Ética e Bioloxía*

Pilar Nuñez-Cubero. Xefa de Servicio de Xinecoloxía e  
Obstetricia no Hospital do Espiritu Santo de Barcelona.  
Colaboradora científica e profesora de master no Instituto  
Borja de Bioética.

*Ética e Moral*

Marciano Vidal. Doutor en Teoloxía Moral. Autor de  
numerosos estudos desta disciplina.

# Non é a persoa para o sábado: contra as deformacións e opresións do relixioso

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

## **1. Intención orixinaria e ambigüidade histórica**

A Fenomenoloxía da Relixión coñece diversas clasificacións do feito relixioso: relixións da natureza e da cultura, nacionais e universais, místicas e proféticas... Pero, ó mesmo tempo, sabe moi ben que na súa intencionalidade máis radical e orixinaria cada unha delas é sempre relixión de *salvación*. Porque, en definitiva, alí onde aparece –e non coñecemos nin cultura nin etapa histórica onde de algunha maneira non o faga– a relixión nace da percepción, máis ou menos clara e distinta, de que a vida no mundo tal como a experimentamos na súa inmediatez non é autofundada nin autosuficiente. Por iso a humanidade, nas súas angustias o mesmo que nas súas esperanzas, nas súas realizacións o mesmo que nas súas frustracións, séntese ou pre-séntese envolta por unha Presencia fundante, que a orixina, a acompaña e a envolve, abríndolle a posibilidade dun sentido último, dunha realización plena. Da salvación.

Pero pola súa mesma natureza esa percepción resulta escura e aoutiñante. Feitas sobre o mundo e a-feitas a el, a nosa sensibilidade e a nosa intelixencia teñen dificultades inmensas para a captación do “Outro” do mundo, do Transcendente, é dicir, do que por esencia está máis alá dos seus modos e maneiras. Disto foi sempre consciente a reflexión relixiosa: “distinto do coñecido e tamén do descoñecido”, dicía a Kena Upanishad; “os meus camiños non son os vosos camiños”, recórdanos a Biblia (Is 55, 8).

Non pode estrañar que, de xeito inevitable, á hora das concrecións aparezan a dúbida e a escuridade, o tropezo e a deformación, a ambigüidade e mesmo a perversión. Se ollamos tan só para os seus aspectos de sombra, a historia das relixións, ó lado de realizacións magníficas, ofrece tamén un auténtico catálogo de horrores, que inclúe desde supersticións e excomuñóns a sacrificios humanos e guerras en nome de “deus” ou dos “deuses”. Negalo sería inxenuo; descualificar por iso a experiencia relixiosa sería carecer dun mínimo realismo histórico.

A deformación é o prezo inevitable de toda experiencia que entra na historia, sexa cal sexa o seu tipo: cultural, relixiosa ou política. En canto empeza a ser exercida, a pureza da intención orixinal, sen desaparecer de todo, tende tamén a recubrirse de intereses bastardos; ou, en palabras de Max Weber, o “carisma” arrefría necesariamente en “institución”, que tende a apagalo, adminístralo e moitas veces a pervertelo. Por sorte, fóra daqueles casos nos que se chega á desaparición, a experiencia orixinaria segue a arder baixo as cinsas da historia e pugna incansable por facer sentir o seu dereito. De aí que en toda relixión viva xurdan sempre movementos que reivindicán a orixe: son as típicas tensións entre “profetismo” e “sacerdocio”, entre “carisma” e “institución”, que por veces mesmo poden levar a unha verdadeira *refundación*, como foi o caso do budismo respecto do hinduísmo brahmánico ou do cristianismo respecto do xudaísmo (o que non impide que aqueles proseguisen por outros camiños, mantendo ata hoxe pola súa banda a mesma dialéctica interna).

Como é obvio, a relixión bíblica non podía escapar á lei universal.

## **2. O carácter liberador da relixión bíblica**

De entrada, a relixión da Biblia naceu cun enorme potencial liberador. Na súa fundación definitiva con Moisés (Abraham e os patriarcas son ante todo un “prólogo” reconstruído *a posteriori*), tivo a sorte inmensa de enfocar a súa comprensión do Divino non desde a sacralidade da natureza senón desde chamada relixiosa da historia. Como en ampla medida aparece



nas relixións veciñas de Exipto e Mesopotamia, a *natureza* fai prevalecer unha relixiosidade de carácter cíclico, pechada no retorno idéntico das estacións, nunha sucesión de morte-inverno e vida-primavera, que deixa pouco espacio á novidade histórica e limita as posibilidades do avance ético e moral. A *historia*, en cambio, chama á profundidade inesgotable da relación persoal co Divino e ó proceso sempre aberto do avance ético<sup>1</sup>.

Iso sucedeu gracias a que Moisés (re)descubriu o “Deus dos pais” non na neutralidade do culto, senón no compromiso vivo pola liberación real: “Teño visto as miserias do meu pobo en Exipto, oín as súas queixas contra os seus opresores, coñezo os seus sufrimentos” (Éx 3,7). A relación relixiosa quedou así enfocada cara a un Deus preocupado polos humanos, sobre todo e ante todo polos marxidados e asoballados: os pobres e as viúvas, os orfos, os escravos e os estranxeiros... Ata o punto de que responder a esa preocupación vaise converter no criterio definitivo da Alianza. Non a mentalidade animista ou as prácticas máxicas, non a veneración dos mortos, nin sequera o culto divino e os sacrificios no templo, senón a sentencia xusta e o salario equitativo; non o cumprimento legalista, senón a axuda efectiva e a compaixón solidaria darán a medida válida da resposta humana á alianza divina.

Os profetas non cansarán de o recordar: e será precisamente nesa volta ó recordo do pasado fundante –a *memoria liberationis*– e non, como aínda ás veces se pensa, nos prognósticos de futuro onde residan o seu carácter revolucionario e a súa verdadeira orixinalidade. Gracias a iso, eles serán a espiña cravada en todo intento de pechar a Deus no templo ou de equiparar culto e piedade: “Aborrezo e rexeito as vosas festas, non soporto o cheiro das vosas liturxias. (...) O dereito é o que ten que fluír coma auga e a xustiza coma manancial perenne” (Am 5, 21. 24). De xeito que, como é ben sabido, Xeremías chega a identificar compromiso ético-relixioso e coñecemento de Deus: “Xulgou a causa do coitado e do pobre e entón foille ben. ¿Non consiste nisto coñecerme a min?, di o Señor” (Xr 22,15).

Con Xesús de Nazaré esta liña alcanza a súa culminación máxima. Por iso, con moita probabilidade, a primeira comprensión do seu misterio expresouse chamándolle “profeta” ou “o profeta”. Edward Schillebeeckx, que insiste con particular forza neste punto, titula xustamente un apartado:

---

<sup>1</sup> Cf., por ex., R. Albertz, *Historia de las tradiciones de Israel en tiempos del Antiguo Testamento I*, Madrid 1999, 57. 95. 103. 109. 145-146; desde un punto de vista algo distinto, R. Draï, *La salida de Egipto. El hallazgo de la libertad*, Bilbao 2000, sobre todo o Anexo: “Destino teológico y filosófico de una exigencia” (p. 425-451).

“O Profeta escatolóxico, ‘cheo do Espírito de Deus’, que, para a salvación dos oprimidos, trae a boa nova: ‘Deus vai reinar’”<sup>2</sup>. E, en todo caso, resulta evidente que desde o primeiro momento esa foi a súa actitude fundamental: desde o “benaventurados os pobres” do inicio ó “vinde benditos do meu Paí, porque tiveren fame e me destes de comer...” do final, a proclamación insubornable do Deus liberador vertebrou toda a súa actividade.

Por esa proclamación xogou o seu prestixio e a súa vida. Por ela puxo en crise a súa relixión. Por ela, xustamente por ela, o mataron.

### 3. A distorsión histórica da experiencia orixinaria

Sendo isto así, ¿cómo foi posible que o cristianismo se lle apareza hoxe a unha parte moi importante da cultura xustamente como o oposto: como limitador da persoa, freo do progreso e coartador da liberdade? Compréndese que a esta pregunta non se pode responder de maneira simplista. Un proceso tan complexo non admite diagnósticos monocausais. É todo un movemento histórico o que está en xogo, e nel entran densos procesos sociais e fondos desenvolvementos ideolóxicos. Despois de indicar algo acerca do primeiro, centrareime ante todo no segundo.

Falar da “era constantiniana” resulta tópico, pero indica algo moi real: son máis de mil anos de historia durante os cales a figura pública do cristianismo estivo encarnada nunha institución cada vez máis xerarquicamente estruturada e que foi adquirindo un peso inmenso na sociedade occidental. Cando coa chegada da Modernidade o mundo que así se fora configurando entrou en crise irreversible, era natural que unha institución tan identificada con el e tan definitoria das súas características resultase cuestionada de maneira radical, e que, en resposta, ela tratase de opoñerse á nova situación. Conflictos de todo tipo foron a consecuencia lóxica: teóricos, en oposición ás novas ciencias e á nova filosofía; prácticos, en oposición ó novo espírito de liberdade, de tolerancia e sobre todo de revolución social e política; morais, en oposición ás pautas de conducta que marcaban a entrada nunha nova situación para a conducta humana.

Como resultado, o cristianismo foi cobrando ante a opinión a figura dun poder caducado que se opuña ó novo avance da humanidade. Os

---

<sup>2</sup> *Jesús. La historia de un viviente*, Madrid 1981, 409-417. Insiste con particular forza neste punto E. Schillebeeckx, *Jesús. La historia de un viviente*, Madrid 1981, 409-417, que titula xustamente: “O Profeta escatolóxico, “cheo do Espírito de Deus”, que para a salvación dos oprimidos trae a boa nova: ‘Deus vai reinar’”.

movementos “proféticos”, que dentro da institución nunca desapareceron e sempre loitaron polos novos valores, mantiveron aceso o lume da experiencia orixinaria, evitando que se perdesa a súa conciencia e conservando o dereito á súa lexitimidade histórica. Pero non lograron marcar a súa figura pública, que ante a cultura e a sociedade segue a ser definida pola xerarquía oficial. As “historias criminais do cristianismo”<sup>3</sup> e as distintas descrições das posturas reaccionarias da institución eclesiástica son inxustas cando pretenden reducir a iso a presenza cristiá no mundo; pero son xustas, e deben constituír un aviso saudable, cando marcan os efectos terribles das súas deformacións.

Paralelo a ese proceso institucional correu o outro, o *ideolóxico*: á hora de traducir reflexivamente a experiencia orixinaria, foise configurando unha visión da historia da salvación que, aínda sen chegar a anulalo, distorsionou e encubriu gravemente o carácter liberador da mesma<sup>4</sup>. Refírome a ese esquema, simple pero poderoso, que como unha vulgata obvia e indiscutible habita o inconsciente cultural:

*paraíso/caída → expiación/redención → salvación/condenación como premio/castigo por parte de Deus.*

Difícilmente pode subliñarse a terrible importancia deste feito en aparencia inocuo. Paga a pena miralo cun certo detalle, pois, de maneira espontánea e moitas veces nin sequera moi consciente, ese é o esquema que está na base da comprensión tradicional da experiencia cristiá.

Durante moito tempo puido funcionar sen causar grandes estragos. Mentres se mantivo o período da cristiandade podía ser asimilado, porque na vivencia práctica era equilibrado polos valores reais da vida crente e na comprensión teórica a situación cultural facíao practicamente “invisible” nun ambiente no que a fe gozaba dunha forte plausibilidade social. Pero coa crise moderna ese mundo caducou, de xeito que agora –*para todos*, crentes e increntes– a estrutura faise “visible” e, a pouco que se analice, aparece en toda a súa crueza, como unha construción increíble, que mantida acriticamente acaba converténdose nunha ideoloxía opresiva.

Son palabras moi fortes, pero cada vez fáiseme máis firme a convicción de que ese esquema, que moitos crentes toman como base para comprenderen

---

<sup>3</sup> Cf. K. Dreschner, *Historia criminal del cristianismo I-IV*, Barcelona 1991-1993 ou, entre nós, a obra de G. Puente Ojea, por ex., *Fe cristiana, iglesia y poder*, Madrid <sup>2</sup>1992.

<sup>4</sup> Ocupeime con máis detalle deste problema en *La fe en Dios creador y salvador*, de inminente aparición na revista lisboeta “Didaskalia”.

a súa fe, o mesmo ca moitos increntes para a rexeitaren, está envelenando a conciencia cristiá e facendo moi difícil un verdadeiro diálogo coa cultura actual. Pensemos, en efecto, no seu significado fundamental, sen necesidade de entrar en moitos detalles, pero tomando honestamente as palabras polo que *efectivamente significan* para a conciencia normal.

Primeiro paso. Deus tería creado un mundo perfecto, o paraíso, e nel a parella humana, o pai e a nai da humanidade, felices e libres de toda mordedura do mal. Pero, a pesares da súa perfección (!), eles pecaron. Entón Deus castigounos, expulsándoos do paraíso e abrindo a caixa de tódolos males: traballo, conflitos, sufrimento, enfermidade e morte.

Calquera que teña un mínimo de experiencia na lectura das linguaxes míticas, sabe que nesa narración, *ben lida*, cabe descubrir cousas moi belas e profundas. Pero non foi ese o tipo de lectura que nos chegou. No seu canto impúxose unha versión literalista, que no contexto actual resulta sinxelamente horrorosa. Cando ninguén sería capaz de lle pegar a un neno para se vingar dunha ofensa do seu pai, ¿cabe crer nun “deus” que tería castigado a miles de millóns de persoas –en definitiva, inocentes, dígase o que se diga– porque os supostos primeiros antecesores cometeron, hai máis dun millón de anos, un pecado, nin sequera especialmente grave senón máis ben banal? Máis tremendo aínda: dese xeito resulta que o máximo problema da existencia humana, o *mal* en tódalas súas formas –precisamente “a rocha do ateísmo”, como lle chamou Georg Büchner– tería por responsable voluntario a Deus, pois sería resultado do seu castigo (castigo que puido non impoñer e que, enriba, podería levantar cando quixese). ¿Cómo entón crer nese “deus”, se calquera persoa normal e honesta non dubidaría un segundo en eliminar todo o mal do mundo, se estivese na súa man?

Segundo paso. Deus redime e perdoa. Pero para iso esixe nada menos có sacrificio do seu fillo inocente: en definitiva, un prezo para perdoar e un crime para redimir unha culpa. ¿Cabe aínda crer nese “deus” e proclamalo coma o Deus do amor e do perdón?

Terceiro paso. En consecuencia, instáurase un réxime de mandato e obediencia, de mérito e demérito, de premio e castigo (e qué castigo: inmenso por pecados humanos, eterno por culpas no tempo). Por outra parte, a figura de Deus que así se induce é a dun ser interesado no propio proveito, que esixe “honra” e “servicio”; co cal non só se rebaixa o seu misterio e se eclipsa o seu amor, senón que se infantiliza a conducta relixiosa. Esta, en efecto, non consiste así na realización madura da persoa, senón nun actuar para, ó final da vida, conseguir un premio ou evitar castigo (péñese nuns pais que lles impuxesen esa condición ós fillos).

Ben sei que esta exposición representa unha caricatura brutal das verdadeiras intencións do cristianismo. Ningún verdadeiro crente expresaría así a súa fe. Recórdese que estou a falar dun *esquema*, é dicir, de algo que de ordinario non se expón con esa crueza e que moitas veces nin sequera está presente na conciencia expresa. Pero xustamente por iso cómpre poñelo ó descuberto, pois nese ocultamento está o segredo da súa terrible eficacia. Como dalgún xeito sucede cos esquemas kantianos, que, “enterrados nas profundidades do espírito”, determinan a configuración dos conceptos, tamén aquí ese esquema está marcando a lume a comprensión relixiosa do cristianismo. Algo que, á forza de séculos de estar dado por suposto e formar parte decisiva na estruturación da teoloxía, se deixa sentir non só na mentalidade ordinaria, senón que demasiadas veces aparece aínda intimamente inviscerado na trama de moitas obras teolóxicas, incluso de bastantes das que se pretenden actuais.

#### **4. Recuperar a experiencia orixinaria: creación como salvación**

Buscar parches e mendos é a tentación ante a necesidade do cambio. Pero convértese tamén no peor remedio, cando o cambio foi radical e existe unha “revolución conceptual” ou un “cambio de paradigma” (Th. S. Kuhn). Á primeira vista, pode parecer máis prudente e mesmo máis piadoso — tamén máis cómodo— non remover demasiado os problemas e ir tirando con pequenos amaños. Pero a longo prazo acabará resultando mortal para a fe. Cando, ademais, a unha ollada normal, que se abra limpamente ás novas incitacións, non lle resulta difícil comprender que por debaixo da letra que estivo alimentando a visión caducada transparece con claridade o sentido máis xenuíno e profundo da historia da salvación.

Abonda, en efecto, con recordar cómo a experiencia fundante do Deus que “libera” no Éxodo levou a ver á súa mesma luz os mitos da *creación*. Por iso na Biblia a creación non é froito terrible dun sacrificio primordial (coma no mito de Marduk en Babilonia ou no de Purusha nos Vedas) nin sequera produto neutro dun “ovo cósmico”<sup>5</sup>. No libro da Xénese a creación é froito directo do amor de Deus, que crea coa *única intención* da máxima felicidade para todo home e toda muller: ese é o significado profundo do “paraíso” (a meta píntase como comezo; en termos técnicos, a escatoloxía como protoloxía). Polo mesmo, a súa presenza no mundo vai ser “historia de salvación”, é dicir, un constante e amoroso acompañar e

---

<sup>5</sup> Cf., por ex., M. Eliade, *La búsqueda: historia y sentido de las religiones*, Barcelona 1999.

potenciar a aventura humana, ensinándolle o camiño do ben e apoiándoa na loita contra o mal, alimentando sen cesar a esperanza do logro final (a iso simbolicamente apunta xa a promesa dun redentor).

Este esquema de fondo, non vai contra a intención xenuína da interpretación tradicional (non nega ningún “dogma”); simplemente, pon todo nunha nova luz. O resultado é entón unha visión máis clara e coherente, máis respectuosa co amor de Deus e máis coherente coa intelixencia e a sensibilidade humana. Un brevísimos repaso:

A *creación* aparece así en todo o seu esplendor como “beizón orixinal”<sup>6</sup> nunca retirada, como inicio perenne do proceso da salvación: como salvación ela mesma, pois representa a presenza constante e incansable de Deus –*creatio continua*– sustentando e potenciado o noso ser.

Non se nega tampouco –aínda que chame a reinterpretalo moi radicalmente, empezando xa polo nome– o *pecado orixinal*. Porque, como moi ben ensina o Vaticano II, nel “o que a revelación divina nos di coincide coa experiencia”<sup>7</sup>. É dicir, o que ese dogma intenta expresar é a nosa impotencia para a auto-salvación plena: o feito de que a nosa liberdade, en canto entra na realización persoal e histórica, resulta incapaz de manter unha inocencia total e sempre se contamina *tamén* de culpa; que, ademais, froitos da pura intención creadora por parte de Deus, entramos nun mundo *xa tamén* sempre contaminado polos pecados que nos preceden e nos condicionan...

E, por suposto, non se nega a *salvación* en Xesús o Cristo. Todo o contrario, aparece en toda a marabilla da súa gloria. Non hai espazo para entrar en detalles. Pero cabe intuír a dirección de fondo. A creación do finito realízase por forza no tempo: na imperfección inicial e no necesario proceso do crecemento na historia individual e colectiva (non existe outra *posibilidade*: igual que os pais non poden traer ó mundo fillos adultos, senón criaturas que teñen que *chegar a selo*). Ese crecemento –un pouco de reflexión mostra que non pode ser doutra maneira– ten inevitablemente que realizarse no contraste do ser e do non ser: tratándose do mundo físico: na harmonía e no choque, na saúde e na enfermidade, no gozo e no sufrimento, na vida e na morte; tratándose da liberdade: no logro e no fallo, na realización da bondade e no fracaso da culpa. Tendo isto en conta, a salvación brilla nas dúas dimensións fundamentais.

---

<sup>6</sup> Cf. M. Fox, *Original Blessing*, Santa Fe, 1983.

<sup>7</sup> *Gaudium et Spes*, 13.

Primeiro, porque este esquema fai ver a Deus coma o *Anti-mal*, coma aquel que, creándonos por amor e para a felicidade, está sempre da nosa parte, apoiándonos contra os límites inevitables da nosa impotencia, contra o mal que facemos e contra o mal que padecemos. As desgracias, os conflitos, os sufrimentos, a morte non son un “castigo” seu, senón, todo o contrario: o que Deus non quere, o que por simple impotencia ou por libre malicia se opón *identicamente* ó seu impulso creador-salvador e ó noso ben e felicidade<sup>8</sup>.

Segundo, porque Deus aparece así coma o *Salvador*, que en Cristo nos leva á plenitude. Creándonos por amor, permanece totalmente empeñado na nosa historia: xera esperanza, anuncia perdón, habita e potencia o corazón de cada home e muller. Nese proceso, suscita “profetas” e “salvadores”: aquelas persoas que, percibindo e acollendo mellor, axudan ós demais colaborando con El. Sucede en toda relixión e cultura, conforme ó que permite cada situación (péñese nos grandes fundadores e reformadores relixiosos). Na relixión bíblica alcanzou unha culminación definitiva: Xesús de Nazaré, acollendo e prolongando desde a súa experiencia filial o logrado antes, abriu as claves definitivas do seu amor de *Abbá* e do noso ser filial. San Paulo díxoo moi ben: “Pois Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo, non levando conta dos delitos dos homes e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación” (2 Cor 5, 19). (Nótese que Deus é o suxeito primario e Cristo, o seu colaborador).

A fidelidade de Xesús custoulle a vida nunha morte violenta. Pero esa morte foi un *asasinato* en toda regra, non algo que Deus “quixese” ou “esixise” —¿cómo puido algunha vez pensarse tal horror? ¿cómo ía Deus querer un crime? Foi, coma tantas veces na historia, o produto malvado dunha desgraciada conxunción de interpretacións equivocadas e intereses bastardos que, ferindo o máis fondo do seu amor, o Pai tivo que soportar<sup>9</sup>. Pero na resurrección de Xesús revelóusenos con toda claridade o que xa sempre a humanidade presentiu: que mesmo na morte nos acompaña o amor

---

<sup>8</sup> Para a fundamentación de todo isto remito ó meu libro *Do Terror de Isaac ó Abbá de Xesús*, Vigo 1999, capítulo 4, que ofrece tamén a restante bibliografía.

<sup>9</sup> Que Alí Agca pedise hai pouco que o liberasen da cadea, porque tratando de asasinar o Papa, el non fixera, en realidade, máis ca cumprir un desígnio providencial –profetizado pola Virxe de Fátima–, pode resultar sorprendente. Pero non cabe negar que razoaba en plena coherencia con esta “lóxica perversa”. Lóxica que aínda pervive en certas concepcións que non ven un gran mérito na actitude de Xesús ó afrontar a paixón, pois xa estaba todo previsto e, ademais, sabía que ía resucitar... Episodios coma este deberían alertar contra certos resistencias “teolóxicas” a ver a incoherencia de certas afirmacións e negar a urxencia dun repensamento radical.

de Deus (sempre ó lado da vítima, nunca ó lado dos verdugos), e que o respecto divino á liberdade humana na historia non significa impotencia definitiva. No destino de Xesús recoñecemos a salvación universal: Deus acaba rescatando a tódalas vítimas, vencendo incluso a morte, ese “derradeiro inimigo” (1 Cor 15, 26) e realizando, por fin, o seu propósito inicial, pois ó final El “será todo en todos” (1 Cor 15, 28).

Por iso a vida humana segue a ser unha aventura *nosa*, porque a creación non substitúe a liberdade senón que a funda e potencia. Pero é unha aventura acompañada, lonxe daquela visión desolada que, por exemplo, aparece ó final da alegación atea de Jacques Monod: a dun home en “soidade total”, que “coma un cingaro, está á marxe do universo onde debe vivir; universo xordo á súa música, indiferente ás súas esperanzas, ós seus sufrimentos e ós seus crimes”<sup>10</sup>.

## 5. Salvación que realiza a creación

Este cambio de esquema reorganiza o enteiro campo da comprensión teolóxica e, polo mesmo, transforma de maneira moi profunda o modo de vivir a fe. As consecuencias son enormes, tanto no marco xeral como nos aspectos máis particulares.

Cambia ante todo a *visión global* de Deus e do mundo. Non un Deus que o podería solucionar todo, pero que pon á proba e acaba castigando cos males da vida e a ameaza do inferno. Non un mundo “caído”, que, como froito do pecado, máis ca lugar *no* que se realiza a salvación, aparece coma o lugar *do* que nos libra a salvación. Agora, en cambio, a creación mesma é, toda ela, inicio e camiño de salvación, beizón orixinal nunca retirada: esforzo de Deus cos homes e mulleres, para ir superando a inercia e as contradicións inevitables do finito. E o mundo non é unha realidade caída, senón un proxecto “en construción”: non para ser negado, senón para ser realizado na súa verdadeira e auténtica plenitude. Hai negatividade e contradicción, pero non como carga e castigo impostos por Deus, senón como custos dun crecemento no que Deus apoia e ampara o esforzo da nosa liberdade.

Iso leva a unha *hermenéutica positiva* de todo o proceso salvador, é dicir, a interpretalo sempre de xeito que apareza no seu significado auténtico de axuda, nunca de carga. De aí, por un lado, a necesidade de ler con coidado frases como a de “negarse a si mesmo” que interpretadas no

---

<sup>10</sup> *El azar y la necesidad*, Barcelona 1971, 186.





esquema anterior parecen anular a realidade humana, cando en realidade buscan a súa máxima afirmación. Trátase, en efecto, de negar o que nega, distorsiona e impide o verdadeiro avance do noso ser. Por iso, acoller a acción creadora-salvadora de Deus –seguir a Xesús– significa vivir xa unha “vida eterna”, que salta máis alá da morte (Xn 4, 14); por iso a visión adiantada non é a da anulación, senón a da plenitude: “coñecerei como son coñecido” (1 Cor 13, 12); “chegado alí serei verdadeiramente persoa”<sup>11</sup>.

Por outro lado, a *moral* non é un mandato “heterónomo”, é dicir, unha lei dictada desde fóra, unha carga que Deus impón porque El é quen quere e manda (podería non mandar ou mandar o contrario); de xeito que a vida consiste en facer méritos para gañar premio e evitar castigo. Pola contra, a moral é simplemente o modo de realizarmos o noso ser auténtico. Ten a súa gloria e os seus custos, pero estes non son imposición de Deus, senón condición necesaria do crecemento. Por iso, a mesma teoloxía afirma cada vez con maior unanimidade que a moral en si é “autónoma”, é dicir, unha tarefa *humana*; de xeito que, en principio, non ten por qué ser diferente para un crente e para un non crente. A única diferenza radica en que o crente sabe que ese esforzo está apoiado e amparado por Deus (a autonomía é idénticamente “teonomía”: lei do noso ser e ó mesmo tempo vontade amorosa de Deus cara á súa realización). Unha fe consciente, lonxe de experimentar coma unha carga ou coma un ollo inquisidor a presenza divina, vívea coma ánimo, orientación e esperanza. Pénsese simplemente en cómo vemos de adultos o que de pequenos nos puido parecer “imposición” ou incluso abuso dos nosos pais. Por algo Paul Ricoeur falou nunha ocasión da “dureza da ética e do consolo da relixión”.

E desde logo, este esquema induce unha visión aberta, integral e positiva de toda vida e historia humanas. A creación, como proxecto, abre o futuro; de xeito que todo o que sexa *avance* da cultura e da sociedade ou crecemento da liberdade e da historia, está na liña do seu dinamismo: contra un malentendido moi espallado (e, por desgracia, non menos practicado), nada hai máis contrario á fe no Deus creador ca unha postura conservadora ou retardataria. E isto vale en tódalas dimensións, pois, como dadora do *ser*, a creación busca a realización *integral*: todo sen excepción, material ou espiritual, individual ou social, con tal de que vaia cara ó ben humano, prolonga a acción divina. Por iso, en definitiva, para a fe viva non existe sagrado e profano, porque toda acción ou actitude *positiva* é sagrada, como vindo de Deus, e toda é profana, como realización nosa: “ora comades, ora

---

<sup>11</sup> Ignacio de Antioquía, *Ad Romanos* VI, 2 (*Padres Apostólicos*, Madrid 1965, 478).

bebedes...” (1 Cor 10, 31). E por iso o crente, sen necesidade de o bautizar, non só pode recoñecer a presenza de Deus en todo traballo humano auténtico (aínda que teoricamente apareza motivado na increnza), senón que tamén pode e debe colaborar con el.

Todas estas actitudes teñen correlación coa imaxe de Deus que nelas vai implícita. Aínda que sexa taquigraficamente, paga a pena sinalar algunhas características. Un Deus que desde a súa absolutez se mostra sempre con exquisito *respecto* polas súas criaturas<sup>12</sup>. Un Deus que, como ben viron Schelling e Kierkegaard, xusto gracias á infinita plenitude do seu ser, non concorre coa *liberdade* creada, senón que a funda e potencia. Un Deus que creando desde o amor-agape non busca o seu proveito senón única e exclusivamente o da criatura: que busca a nosa gloria e non a súa, que quere *servir* e non ser servido.

Esta última frase, tan contraria ás expectativas normais da nosa psique e mesmo a redropelo da normal linguaxe relixiosa, remite á figura de Xesús, pois tal vez só gracias a el podemos nós ousar unha expresión tan enorme. Isto abre a porta ó último apartado destas reflexións

## **6. O sábado para o home, non o home para o sábado**

Xesús, en efecto, constitúe para os cristiáns a gran parábola de Deus, o espello máis limpo onde –con respecto, humildade e atención– podemos ir vendo unha imaxe menos deformada do seu misterio e buscar unhas palabras menos inadecuadas para o expresar. “Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir” (Mc 10, 45): velaquí unha desas frases, seguramente xa coloreadas pola reflexión cristiá, pero que remiten a ese impacto único dun home –en definitiva, novo, se, como parece seguro, morreu ó redor dos 30 anos– que elevou a percepción e vivencia do divino a unha pureza insuperable. Pureza que, rompendo de entrada tódolos esquemas, se nos aparece logo coma o máis “evidente”, se, gracias a el, logramos acoller con ollada limpa a presenza do Señor. A esas frases débese en boa medida o mellor que tanto a piedade como a reflexión teolóxica foron conseguindo nos séculos de tradición cristiá.

---

<sup>12</sup> A do respecto divino é unha das categorías que merecerían máis atención por parte da teoloxía; moito mellor, no meu parecer, cá cabalística do *zimzum* –o “encollerse” de Deus para deixar lugar á creación–, que logrou unha certa moda a través dalgúns teólogos alemáns, coma J. Moltmann, *Gott in der Schöpfung. ökologische Schöpfungslehre*, München 1985, 98-105. Sobre o respecto de Deus cf. as finas consideracións de G. Morel, *Questions d'homme: L'Autre*, Paris 1977, 131-139. 225-240 e *passim*.

Para rematar, vou tomar tres que sirvan para iluminar e confirmar o que as reflexións anteriores trataron de expoñer. Non ignoro que o fago nun claro “círculo hermenéutico”, pois intento confirmar mediante elas o que só gracias a elas puido ser descuberto. Pero non se trata dun estéril “círculo vicioso”, senón dun auténtico avance “maiéutico”, no que a palabra que axuda a “dar á luz” é á súa vez confirmada pola experiencia que ela mesma suscita.

Sexa, pois, a primeira frase: “non xulguedes, para non serdes xulgados” (Mt 7, 1 e par.). Estas palabras tomáronse demasiadas veces como ameaza, cando a súa intención primaria é claramente a de pedir *respecto* para os demais na súa intimidade inviolable, só accesible a Deus. Un Deus que, como claramente aparece na contextualización de Lucas, unicamente busca a xuízo e a medida do amor: “Sede compasivos coma o voso Pai é compasivo. Non xulguedes, e non vos xulgarán; non condenedes, e non vos condenarán; perdoade, e hantvos perdoar. Dade, e darásevos a vós” (Lc 6, 36-38). E non hai máis ca mirar toda a actitude de Xesús para ver que a súa vida constitúe a mellor e máis entrañable esexese.

A segunda frase é esta: “Se ó presentáre-la túa ofrenda no altar te acordas entón de que o teu irmán ten queixas contra ti, poua a ofrenda alí mesmo, diante do altar, vaite primeiro reconciliar co teu irmán, e logo volve a presenta-la túa ofrenda” (Mt 5, 23-24). Resoa aquí, sen dúbida, a predicación dos profetas contra o ritualismo. Pero a concreción tan singularmente persoal fai indeleble a impresión: nin sequera o pretendido honor ou gloria de Deus, senón a auténtica realización interhumana se constitúe no criterio principal; a relixión non é para absorbernos ou anularnos, senón para afirmarnos e potenciarnos. Comprenderano ben san Vicente de Paul, cando falaba de “deixar a Deus por Deus”<sup>13</sup> e, xa antes, santa Teresa de Jesús: “Que no, hermanas, que no; obras quiere el Señor ; y que, si ves una enferma a quien puedes dar algún alivio, no se te dé nada de perder esa devoción y te compadezcas de ella ; y si tiene algún dolor, te duela a ti ...”<sup>14</sup>

Finalmente: “O sábado fíxose para o home, e non o home para o sábado” (Mc 2, 27). Sería preciso captar en toda a súa viveza o valor supremo que no xudaísmo postexílico revestía o sábado, para comprender a enormidade do que aquí afirmou o Nazareno. A soberanía de Deus, que repousou o sábado (Xén 2, 1-3), e a identidade do pobo, que tiña aquí tal

<sup>13</sup> *Obras completas*, IX/2, Salamanca 1975, 725.

<sup>14</sup> *Moradas quintas*, c. 3, 11 (*Obras Completas*, BAC, Madrid 1979, 400).

vez a súa marca fundamental, ceden ante o decisivo: o servizo do home. Algo tan atrevido, que xa o mesmo Marcos o trata de dulcificar –de “sacralizar”–, poñendo no verso seguinte “Fillo do home” en lugar de home normal e corrente: “Así que o Fillo do Home é Señor incluso do sábado”. Mateo (12, 8) e Lucas (6, 5) nin sequera se atreverán xa a repetir a primeira frase que é a todas luces a orixinal<sup>15</sup>.

Non sobra recordar isto último, porque fai patente algo fundamental: a entrega divina polo ben da humanidade é tan enorme, sorprendente e inesperada que non somos capaces a crer nela. Continuamente tendemos a retorcela, facendo un deus á nosa imaxe e semellanza: un deus do temor e non do amor e do perdón, un deus poder e non do servizo, un deus do ceo e non da terra. Só a volta constante á figura de Xesús, coa súa chamada á confianza absoluta no Deus Pai-Nai (*Abbá*) e a súa praxe de entrega total, de “home-para-os-demais”, poden irnos axudando a remontar a nosa incredulidade.

En derradeira instancia, trátase unha vez máis de que intentemos achegarnos a ese abismo de luz que se anuncia na revelación fundamental: “Deus é agape” (1 Xn 4, 8. 16), é dicir, Deus consiste en amar, pois por amor nos creou, por amor nos acompaña e por amor se pon ó noso servizo para salvarnos.

**Andrés TORRES QUEIRUGA**

---

<sup>15</sup> Entre a abundante bibliografía cf. os comentarios de J. Jeremías, *Teología del Nuevo Testamento*, Salamanca 1974, 244-5 e J. Gnilka, *El Evangelio según san Marcos. Mc 1-8,26*, I, Salamanca 1986, 138-145. Para indicar a profundidade da afirmación xesuánica, ambos sinalan que o verbo pasivo empregado (*gñeszai*= foi feito) remite á creación divina (p. 244 e 278, respectivamente); e para subliñar a orixinalidade, recordan que vai contra a *halaká* rabínica, que só en perigo de morte admitía excepcións (244-5 e 143). Jeremías insiste aínda no interese polo home: o rexeitamento de Xesús é porque “esa tradición impide o cumprimento do precepto do amor” (245). O cap. 11 de J. Moltmann, O. c., 281-298, resulta moi suxerente.

# Carta a Teresa de Jesús

Por Tereixa LEDO REGAL

Benqueridiña Teresa de Jesús, irmá maior :

Acabo de ler o teu *Libro da Vida*<sup>1</sup>, de relelo despois de anos... graciñas.

Gracias pola túa vida, pola túa vida toda. Polas ensinanzas que dela fuches sacando para proveito de todos/as nós. Fuches unha gran muller, unha muller verdadeira; unha verdadeira muller, porque te soubeches ir poñendo toda e cada vez máis nas mans de Deus.

Gracias por teres vivido con tanta claridade que todo vén de Deus, que a súa forza é quen todo o fai e move.

Gracias pola túa humildade; porque no espello de Deus e da man de El/a non te asustaches coa túa verdade.

---

<sup>1</sup> *Libro de la vida*, Sta. Teresa de Jesús, Ed. De Espiritualidade, 4ª edición, Madrid, 1987. Nas citas, o primeiro número corresponde ó capítulo, o segundo ó parágrafo.

Sinalar que unha primeira lectura dos escritos da santa pode confundirnos e ter en nós resonancias excesivamente espiritualistas (vendo dualismos: oración/acción; Deus/xente ; vontade de Deus/

Gracias por tantos traballos como pasaches por *Su Majestad*, pola Igrexa toda.

Graciñas porque soubeches abrirte ó Amor que vivía en ti (e en todo e en toda a xente), un amor que non ten límites nin condicións... porque te deixaches levar polo Amor ata te facer unha con El/a.

Xa sabes canto saboreo as túas palabras, canto me sinto expresada e guiada pola túa experiencia, canto me toca o corazón... Oxalá me moveran (aunque só fora un pouco) a máis *determinación* cara ó Señor, que no fondo é o único que conta e vale.

Sabes cantas veces che pedín consello e apoio, Teresa; canto che pido que me vaiais aprendendo os bos camiños que ti soubeches andar.

Tamén lles pido moitas veces ó velliño Aniceto e ó Ricardo, meus antigos veciños, e a outros/as defuntos/as amigos/as tan queridos/as que viven xa nos brazos do Amor, que me vaian coidando e aprendendo a vivir con ese amor verdadeiro...

... Tanta frouxidade noto en min, tanta capacidade para o pecado, tanto pasotismo e conformidade co mal, tanta morneza para amar e servir...

---

liberdade persoal; ... que non son o vertebrador nin da vida nin dos escritos da nosa irmá Teresa de Jesús e sí, en todo caso, froito das linguaxes e concepcións teolóxicas da época e tamén de moitas interpretacións posteriores (esas sí con tendencias espiritualizantes tanto da santa como da espiritualidade carmelita).

Cómprenos logo un esforzo de *resituación* que nos faga capaces de superar *formas* e nos leve ó *fondo*; que nos leve ó Espírito.

Para axudarnos neste labor de reencadramento, recollemos tres citas breves tomadas do libro *Castillo interior o Las Moradas* (Ed. De Espiritualidade, 6a ed. Madrid, 1989) que centran o discurso: para Santa Teresa o amor ós irmáns é o primeiro sinal e inconfundible de que andamos polos camiños de Deus:

“... no está la cosa en pensar mucho, sino en amar mucho ; y así lo que más os despertare a amar, eso haced ...” (*Cuartas Moradas*)

“Acá solas estas dos cosas que nos pide el Señor: amor de Su Majestad y del prójimo es en lo que hemos de trabajar ... La más cierta señal que, a mi parecer, hay de si guardamos estas dos cosas, es guardando bien la del amor del prójimo ...” (*Quintas Moradas*)

“Cuando yo veo almas muy diligentes a entender la oración que tienen y muy encapottadas cuando están en ella ... háceme ver cuán poco entienden del camino por donde se alcanza la unión (con Dios) ... Que no, hermanas, que no ; obras quiere el Señor ; y que si ves una enferma a quien puedes dar algún alivio, no se te dé nada de perder esa devoción y te compadezcas de ella ; y si tiene algún dolor, te duela a ti ...” (*Quintas Moradas*)

**1. Gracias, Teresa, porque coa axuda do Espírito que todo o ensina, fuches comprendendo desde o fondo do teu corazón que é a forza de Deus a que actúa en nós para facelo todo. Ela é a que busca e se empeña, a que chama unha e mil veces.**

**O Espírito de Deus é quen apoia e regala; quen o anima e o empuxa todo. El é quen ama en nós.**

¡Qué ben entendeu o teu ser que esa enerxía de Deus é a que desexa e axuda, a que loita en nós para levarnos á Vida!

Desta maneira se viven os santos e as santas a si mesmos/as e por iso vos recoñecemos como guías no noso camiño. ¡Quen soubera andar con esta verdade!

Ti sábelo recoñecer en moitas ocasións e dísnolo coas túas palabras:

“ ... y lo que ha de hacer el alma, o por mejor decir, hace Dios en ella, ...” (17,1)

Bien entendía yo no venía aquello de mí, ni lo había ganado con mi diligencia, ... Su Majestad me había dado fortaleza para ello por su sola bondad.” (22,11).

“ Quiere el Señor que veamos muy clara no es ésta obra nuestra, sino de Su Majestad...” (29,3)<sup>2</sup>.

Coa túa experiencia e coas túas palabras, recórdasme que na medida en que imos sendo capaces de abrírnos á forza de Deus (ó comezo con máis traballo e esforzo noso e despois deixando obrar maiormente ó Espírito), nesa mesma medida deixamos que vaia actuando efectivamente na nosa vida a Vida de Deus.

O querer de Deus (ou desexo ou vontade) non é algo arbitrario, senón que depende da nosa apertura a El/a, da capacidade de acollida en nós do seu Ser.

Deus nunca se nega a nós, nunca se pecha nin limita. Sempre está disposto/a para o encontro de amizade :

“Todo es dado de Dios; mas parece para esto nos podemos mucho ayudar con considerar nuestra bajeza y la ingratitud que tenemos con

---

<sup>2</sup> Cf.: “ ... para caer, había muchos amigos que me ayudasen; para levantarme, hallábame tan sola, que ahora me espanto cómo no me estaba siempre caída, y alabo la misericordia de Dios, que era sólo el que me daba la mano” (7,22); “¡Oh Señor mío, cómo sois vos el amigo verdadero! ¡Y, como poderosos, cuando queréis podéis, y nunca dejáis de querer si os quieren!” (25,17) e tamén: 2,8; 4, 1; 6,5; 7,8; 7,9; 8,2; 8,6; 9,7; 11, 12; 12,4; 12,6; 13,6; 14,1; 20,16; 23,1; 23,15; 24,7; 24,8; 25,17; 27, 1; 28,6; 28,9; 31,17; 34,11; 35,19; 36,6; 38,22.



Dios; lo mucho que hizo por nosotros; su Pasión con tan graves dolores; su vida tan afligida; en deleitarnos de ver sus obras, su grandeza, lo que nos ama ... (10,2).

“ ... porque si persevera, no se niega Dios a nadie...” (11, 4).

“Tener confianza, porque conviene mucho no apocar los deseos, sino creer de Dios que, si nos esforzamos, poco a poco... podremos llegar a lo que muchos santos con su favor; (13,2).

“Dióseme a entender ... que jamás me dejaría; mas que era menester hiciese yo lo que es en mí” (39,20)<sup>3</sup>.

Pero aínda esta capacidade nosa de irnos abrindo ó Espírito de Deus e de ir acolléndo en nós, aínda iso tampouco non nos pertence, porque non sabemos de canta xente nin de qué experiencias é dependida ó longo da nosa vida (nin tampouco a nosa incapacidade para acoller e obedecer o Espírito).

**2. Porque fuches descubriendo paso a paso este movemento da acción de Deus na túa vida e en todo, por iso mesmo, a túa vida se foi convertendo nun prolongado canto de acción de gracias a ese Deus que nos necesita cabo dEl/a, un canto cada día máis harmónico e total:**

“Sea Dios alabado, que me dio vida para salir de muerte tan mortal” (9,8)

“Entendamos bien... que nos lo da Dios sin ningún merecimiento nuestro, y agradezcámoslo a Su Majestad, porque si no conocemos que recibimos, no despertamos a amar.” (10,4)<sup>4</sup>

Teresa, santiña amiga, ti fuches entendendo que dEl/a vén toda a bondade. Todo en ti se foi facendo palabra e feitos de agradecemento ó Señor, ata a vida plena no Amor que agora xa estás gozando (aunque non completa aínda porque faltamos moita xente de chegar...).

É algo que me admira moito de ti, unha das cousas que máis me chaman a atención e que me gustaría ir aprendendo: todo o vives como saído e activado e promovido polo Espírito do Señor. E polo tanto sabes agradecerllo.

Son moitas as palabras que expresan esta vivencia túa. Todo o que falas está enchido desta experiencia. Nótase que é o que máis viviches.

---

<sup>3</sup> Cf.: 11,10; 23,2; 31,18; 35,13.

<sup>4</sup> Cf.: 10,9; 16,4; 18,3; 29,14.

Os mellores seguidores/as de Xesús Cristo souberon andar por este camiño de dar grazas por todo e en todo momento. Souberon que a enerxía de Deus é capaz de transformalo todo, tamén o mal; que nada se lle resiste. A resurrección de Xesús nolo amosa. Ti tamén o sabes:

“ Aquí comenzo el demonio a descomponer mi alma, aunque Dios sacó de ello harto bien” (5, 3).

“Yo a hacer obras para descubrir la que era; y el Señor encubrir los males y descubrir alguna pequeña virtud, si tenía, y hacerla grande en los ojos de todos ...” (7,18).

“... el Sabedor... miraba... no los grandes pecados, sino los deseos que muchas veces tenía de servirle y la pena por no tener fortaleza en mí para ponerlo por obra” (7,18).“... y mientras mayor mal, más resplandece el gran bien de vuestras misericordias. ¡Y con cuánta razón las puedo yo para siempre cantar!” (14,10).

### **3. Por iso me admira tanto, Teresa, que cada vez con menos medos, foras deixando que o Espírito de Deus che fora amosando con tanta claridade un gran coñecemento de ti mesma.**

Foiche dando un gran coñecemento de ti mesma e de toda a condición humana, sen inxenuidades e sabendo canta capacidade para o mal hai en calquera de nós.

O mesmo Xesús sabía canta forza e poderío pode ter o mal en nós que tantas veces nos avisa (“... o Espírito está disposto, pero a carne é débil” ...) e Deus mesmo sabe da nosa debilidade e conta con ela para face-las súas marabillas :

“... vine a ir entendiendo la verdad de cuando niña, de que no era todo nada, y la vanidad del mundo, ...” (4,5).

“... pido yo se guarden de las ocasiones; porque puestos en ellas no hay que fiar donde tantos enemigos nos combaten y tantas flaquezas hay en nosotros para defendernos” (8, 10).

“Y es un género de humildad no fiar de sí ... Verdad es que yo soy más flaca y ruin que todos los nacidos...” (8,22).

“...delante de la Sabiduría infinita, créanme que vale más un poco de estudio de humildad y un acto de ella, que toda la ciencia del mundo” (15,8)<sup>5</sup>.

---

<sup>5</sup> Cf.: 2,4; 3,2; 9,3; 16,12; 28,18.

Este coñecemento de ti mesma e dos máis á luz de Deus, axúdache a nunca te asustar nin te escandalizar do mal e do pecado; en cambio, si que te dispón *con determinación* para que a forza de Deus vaia podendo con eles.

Mirarte tal como es e sen medos nin mentiras é unha das facetas que máis me gustan da túa experiencia espiritual.

Ir recoñecendo máis e máis o mal que hai nun/ha non quere dicir verse malo/a ou minusvalorarse ou malquererse. Non. A túa experiencia tampouco non é de autodesprezo; todo o contrario. Esta clase de *humildade* ben viches ti non a era:

“Parecíame yo tan mala... Esta es una humildad falsa que el demonio inventaba para desasosegarme y probar si puede traer el alma a desesperación... inquietud y desasosiego... alboroto... oscuridad y aflicción... sequedad y mala disposición para oración ni para ningún bien... ahoga el alma y ata el cuerpo...” (30,9)

Porque a verdadeira humildade recoñece o mal, pero prevalece o ben de Deus como experiencia primeira e máis importante, e así volve a un/ha agradecido/a con El/a e misericordioso/a cos máis e co pecado que hai neles/as.

“Porque la humildad verdadera (aunque se conoce el alma por ruín y da pena ver lo que somos y pensamos grandes encarecimientos de nuestra maldad...), no viene con alboroto, ni desasosiega el alma... antes la regala...: con quietud, con suavidad, con luz; pena que por otra parte conforta de ver cuán gran merced la hace Dios en que tenga aquella pena y cuán bien empleada es. Duélele lo que ofendió a Dios... la ensancha su misericordia; tiene luz para confundirse a sí y alaba a Su Majestad porque tanto la sufrió” (30,9).

“Pues procuremos siempre mirar las virtudes y cosas buenas que viéremos en los otros, y tapar sus defectos con nuestros grandes pecados”(13, 10)

Este valioso coñecemento e cheo de sabedoría xurde porque se mira na bondade de Deus, e á luz desa bondade un/ha vese e vívese cada vez máis pobre e pequeno/a e espido/a (e polo tanto vaise un/ha abrindo tamén máis e máis ó agradecemento de Deus).

É unha experiencia na que un/ha aprende a querer-se non polo que fai-non fai, ou pode-non pode, ou ten-non ten, ou é-non é, senón por ser sinxelamente fillo/a e amado/a polo Deus da Vida.

É, polo tanto unha experiencia moi liberadora porque non depende só dun/ha (¡uf!), senón do amor de Deus, que sempre foi e é e será, total e

incondicionalmente (¡ese amor non falla!). Un/ha vai adquirindo deste xeito unha verdadeira liberdade na medida en que se vai poñendo todo/a el/ a nas mans de Deus; na medida en que a súa vida se rexe por escoitar e obedecer ó Espírito que fala e guía.

“... una alma dejada en las manos de Dios, no se le da más que digan bien que mal, si ella entiende bien entendido... que no tiene nada de si” (31,16).

A capacidade de ir mirándose sen medos, cos ollos do Espírito (e así descubri-la propia pobreza), vai así en relación coa medida en que un/ha se vaia abrindo a ese Espírito de Deus (vai en relación coa medida en que un/ha se vaia abrindo ó Amor na propia vida).

Teresa, como a túa vida se foi abrindo grandemente a Deus, por iso fuches tendo un coñecemento tan grande das túas miserias, aínda das máis pequeniñas. Graciñas irmá, polo ben que nos fixeches a todos e a todas.

“Pues así comencé de pasatiempo en pasatiempo, de vanidad en vanidad, de ocasión en ocasión, a meterme tanto en muy grandes ocasiones, y andar tan estragada mi alma en muchas vanidades, que ya yo tenía vergüenza de... tratar de oración... y ... como crecieron los pecados, comenzome a faltar el gusto y regalo en las cosas de virtud” (7,1).

“Aquí no sólo las telarañas ve de su alma y las faltas grandes, sino un polvito que haya, por pequeño que sea, porque el sol está muy claro. Y así, por mucho que trabaje un alma en perfeccionarse, si de veras la coge este Sol, toda se ve muy turbia” (20,28)<sup>6</sup>.

**4. O amor de Deus, sempre un pouquiño máis acollido no corazón do teu ser (na túa alma), foi o que che foi permitindo irte coñecendo na túa verdade (é dicir con humildade) e así irlle agradecendo a Deus as súa bondades e ir medrando en comprensión e misericordia cos demais.**

El tamén é o que te foi levando a vivilo todo e cada vez máis “para gloria de Deus” (é dicir para gloria da túa alma, para que a Vida vencera, que todo é no fondo o mesmo), e segundo a maneira do Espírito; ata deixar

---

<sup>6</sup> Cf.: “... me pesaba mucho de que me tuviesen en buena opinión como yo sabía lo secreto de mi” (7,1) “Pues sí a cosa tan ruin como yo tanto tiempo sufrió el Señor ... ¿que persona, por mala que sea, podrá temer? (8,8) “Aquí se gana la verdadera humildad, para no se le dar de decir bienes de sí, ni que lo digan otros. Reparte el Señor del huerto la fruta y no ella; y así, no se le pega nada a las manos; todo el bien que tiene va guiado a Dios. Si algo dice de sí, es para su gloria” (20,29) e tamén: (4,4) (5,1) (6,3) (7,9) (9,2) (13,1) (16,14) (19,3).

que todo o teu ser (os teus desexos, a túa vontade, o teu actuar... ) todo en ti se configurara ó xeito, de Deus.

Vou comprendendo que foi un longo percorrido de encontro na amizade de Deus, que foi un deixarte envolver máis e máis confiadamente nas correntes do Amor... desde un intentar non facer nada que fora para o seu descontento, “ata facelo todo para gloria e servicio dEI/a”, porque “... no vivo yo ya, sino que Vos, Criador mío, vivís en mi” (7,9).

Desde un intentar non facer nada para descontento de Deus, pero sen conseguilo moitas veces e con moito pecado...

“... aquella pequeña falta... me empezó a enfriar los deseos y comenzar a faltar en lo demás” (2,1)

“Fatígame ahora ver y pensar en qué estuvo el no haber yo estado entera en los buenos deseos que comencé” (2,7).

“...si entendiésemos que no está el negocio en guardarnos de los hombres, sino en no nos guardar de descontentaros a Vos, ...” (2,7).

... pasando por buscar contentar a Deus en todo...

“Sí, que no está el amor de Dios en tener lágrimas, ni estos gustos y ternura ... sino en servir con justicia y fortaleza de alma y humildad” (11, 13)<sup>7</sup>.

... ata pasar pola Cruz, se é necesario...

“todos llevan sus cruces ... que por este camino que fue Cristo han de ir los que le siguen” (11,5).

“Si esta tierra está muy cavada con trabajos y persecuciones y murmuraciones y enfermedades —que pocos deben llegar aquí sin esto—...” (19,3)<sup>8</sup>.

... e chegar a vivilo todo guiada polo Espírito Bo...

“Que no vivo yo ya, sino que Vos, Criador mío, vivís en mí, según ha algunos años que... me tenéis de vuestra mano y me veo con deseos y determinaciones... de no hacer cosa contra vuestra voluntad, por

---

<sup>7</sup> Cf.: “... creamos es todo para más bien nuestro; gué Su Majestad por donde quisiere; ya no somos nuestros, sino suyos, harta merced nos hace en querer que queramos cavar en su huerto, ...” (11,12) e tamén : (4,2) (7,11) (15,5) (19,3) (27,14) (35,6) (39,6).

<sup>8</sup> Cf.: “... gran fundamento es ... el comenzar con determinación de llevar camino de cruz desde el principio ... pues el mismo Señor mostró este camino de perfección diciendo ... Toma tu cruz y sígueme” (16,13) “... de muy buena gana tomaría todos los trabajos por un tantito de gozar más de entender las grandezas de Dios; pues veo que quien más le entiende más le ama y le alaba” (37,2) e tamén : (15,11) (16,5) (19,2) (21,10) (27,6) (33,4) (34,16) (38,5).

pequeña que sea, aunque debo hacer hartas ofensas a Vuestra Majestad, sin entenderlo” (7,9).

“Aquí está mi vida, aquí está mi honra y mi voluntad. Todo os lo he dado, vuestra soy, disponed de mi conforme a la vuestra ... Bien veo yo, mi Señor, lo poco que puedo; mas llegada a Vos... todo lo podré...” (21,5)<sup>9</sup>.

Neste camiñar cara á vida en Deus, recoméndonos coidar e mimar a alma (non traela arrastrada) e si en cambio levala con suavidade:

“... participa esta encarceladita de esta pobre alma de las miserias del cuerpo; y las mudanzas de los tiempos y las vueltas de los humores muchas veces hacen que, sin culpa suya, no pueda hacer lo que quiere, ... Entiendan son enfermos ... pasen como pudieren este destierro ... Suave es su yugo ... y es gran negocio no traer el alma arrastrada ... sino llevarla con suavidad para su mayor aprovechamiento...” (11, 15-16).

Nunha muller que tanto empeño puxo en servir a Deus aínda con grandes traballos, é de moita estimanza este consello ¡Canto me gusta escoitarcho! ¡Canto quero aprender del, para andar con cariño comigo e terme paciencia coma ma ten Deus. Tantas veces me vexo tan dura, tan pouco comprensiva e paciente, tan pouco atenta ós ritmos do meu ser, ... O Espírito de Amor si que sabe de cariños e paciencias, de esperas. ¡Que saiba escoitalo e non ser intransixente... e aceptar que aínda non chegou o momento, que aínda anda infantil, que aínda precisa maduracións...!

Ademais recórdanos con realismo a verdade do noso ser: que nesta vida non vai poder vivir todo e sempre en Deus e para El/a (por iso tantas ansias ten ás veces de atoparse xa co Amor...):

“Díjome una vez, consolándome, que no me fatigase (esto con mucho amor), que en esta vida no podíamos estar siempre en un ser; que unas veces tendríamos hervor y otras estaría sin él; unas con desasosiegos y otras con quietud y tentaciones, mas que esperase en El y no temiese” (40,18).

... Porque quen probou unha gota do Amor, xa non pode vivir totalmente contento/a nesta vida e ansía e desexa xa o Encontro Total ...

“Y qué gran premio, que basta un memento para quedar pagados todos los trabajos que en ella puede haber” (18,9).

“... con sólo una gota que gusta un alma de esta agua de él parece asco todo lo de acá; pues cuando fuere estar engolfada en todo ¿qué será?” (21,1).

<sup>9</sup> Cf.: 20,22; 20,24; 20,27; 21,5; 25,19; 40,3-4.

¡Canto te envexo, Teresa! Ver canto fuches capaz de irte fiando máis e máis de Deus, de deixar pouco a pouco que toda a túa vida se enchera e guiara totalmente polo Espírito. ¡Canto te abriches ó Espírito!

Cústame entender por qué o noso ser ten tantos medos e non termina nunca de entregarse. ¡Por qué é tan folgazán e comodón e pon sempre tantos *peros*, tantos freos?

**5. E todo o teu camiñar (o camiñar de Deus en ti), foi sendo posible polo trato de amizade con Deus no fondo da túa alma, pola oración, polo Encontro no Amor co mesmo Amor que dentro de nós aníña e espera.**

“... no es otra cosa oración mental, a mi parecer, sino tratar de amistad, estando muchas veces tratando a solas con quien sabemos nos ama” (8,5).

“... los que comienzan a ser siervos del amor, que no me parece otra cosa determinarnos a seguir por este camino de oración al que tanto nos amó...” (11, 1).

Todo o teu libro e toda a túa vida vánnolo contando e vannos explicando cómo isto se vai realizando en nós. Así, fálanos de catro graos de oración en función de “cuatro maneras de agua”:

“Paréceme a mí que se puede regar de cuatro maneras: o con sacar el agua de un pozo, que es a nuestro gran trabajo; o con noria y arcaduces... es a menos trabajo... y sacase más agua; o de un río o arroyo, esto se riega muy mejor, que queda más harta la tierra de agua y no ha menester regar tan a menudo y es a menos trabajo mucho del hortelano; o con llover mucho, que lo riega el Señor sin trabajo ninguno nuestro, y es muy sin comparación mejor que todo lo que queda dicho.” (11,8).

Do primeiro grao de oración, dis:

“De los que comienzan a tener oración, podemos decir son los que sacan el agua del pozo, que es muy a su trabajo... que han de cansarse en recoger los sentidos; ... estar en soledad ... pensar su vida pasada... no acaban de entender que se arrepienten de los pecados... se determinan a servir a Dios tan de veras... tratar de la vida de Cristo, y cansase el entendimiento en esto... ternura y sentimiento interior de devoción... en muchos días no hay sino sequedad y disgusto y desabor y tan mala gana para venir a sacar agua... alegrarse u consolarse y tener por grandísima merced de trabajar en huerto de tan gran Emperador... su intento no ha de ser contentarse a sí, sino a El, alábele mucho que hace de él confianza... ayúdele a llevar la cruz... ni deje jamás la oración... y así se determine, aunque para toda la vida le dure esta sequedad, no dejar

a Cristo caer con la cruz... importa mucho que de sequedades, ni de inquietud y distraimiento en los pensamientos, nadie se apriete ni aflija ... comience a no se espantar de la cruz... hacer muchos actos para determinarse a hacer mucho por Dios y despertar el amor, otros para ayudar a crecer las virtudes... tener gran confianza ...todo se puede en Dios... siempre la humildad delante para entender que no han de venir estas fuerzas de las nuestras..." (11,9 a 13,22).

En canto ó segundo grao de oración, explícasnos tamén o seguinte:

"... este modo... que llaman quietud... Aquí se comienza a recoger el alma... sola la voluntad se ocupa... sólo da consentimiento para que la encarcele Dios, como quien bien sabe ser cautivo de quien ama... estese en su gozo y quietud... todo esto que pasa aquí es con grandísimo consuelo, y con tan poco trabajo, que no cansa la oración, aunque dure mucho rato... hace crecer las virtudes ... noticia de los gustos de la gloria ... perder la codicia de lo de acá... porque se ve claro que un memento de aquel gusto no se puede haber acá, ni hay riquezas, ni señoríos, ni honras, ni deleites que basten... está Su Majestad tan cerca... que ya no ha menester enviarle mensajeros, sino hablar ella misma con El... Lo que aviso mucho es que no deje la oración... Más hacen aquí al caso unas pajitas puestas con humildad... que no mucha leña junta de razones muy doctas ... las letras en estos ratos de oración poca necesidad hay de ellas... comenzar con determinación de llevar camino de cruz desde el principio... se le comienza un amor con Dios muy sin interés suyo. Desea ratos de soledad para gozar más de aquel bien ... no anden las almas tan fatigadas cuando llegaren aquí por la bondad del Señor ..." (14,1 a 16,15).

Sobre o terceiro grao de oración:

"... el Señor... El es el hortelano y el que lo hace todo... El gusto y suavidad y deleite es más sin comparación que lo pasado... morir casi del todo a todas las cosas del mundo y estar gozando de Dios... desatinada y embriagada en este amor... muchas palabras en alabanzas de Dios... nada ya la puede regalar fuera de Vos... no tiene en nada su descanso a trueque de haceros un pequeño servicio... Aquí... dejarse del todo en los brazos de Dios; si quiere llevarla al cielo, vaya; si al infierno, no tiene pena, como vaya con su Bien; si acabar del todo la vida, eso quiere; si que viva mil años, también... comienza a obrar grandes cosas... ve más claro que poco ni mucho hizo, sino consentir que la hiciese el Señor mercedes... la voluntad atada y gozando y en mucha quietud... el entendimiento y memoria tan libres que pueden tratar en negocios y entender en obras de caridad... obrando juntamente en vida activa y contemplativa ... Representase aquí nuestra miseria, y muy claro el gran poder de Dios..." (16,1 a 17,8).



### Sobre do cuarto e último grao de oración:

“Acá no hay sentir, sino gozar sin entender lo que se goza... es unión... una agua... del cielo viene muchas veces cuando más descuidado está el hortelano... viene el Señor a tomar esta avecita y ponerla en el nido para que descansa... Estando así el alma buscando a Dios, siente con un deleite grandísimo y suave casi desfallecer toda con una manera de desmayo... La voluntad debe estar bien ocupada en amar, mas no entiendo cómo ama... Queda el alma... con grandísima ternura... promesas y determinaciones heroicas, la viveza de los deseos, el comenzar a aborrecer el mundo, el ver muy claro su vanidad... humildad más crecida... vese claro indignísima... ve su miseria... se le representa... la gran misericordia de Dios... Comienza a aprovechar a los prójimos casi sin entenderlo ni hacer nada de sí... conoce la multitud de vuestras grandezas y misericordias y su miseria!... no se fíe de sí, pues puede caer, ni se ponga en ocasiones en ninguna manera...” (18,1 a 19,15).

A oración foi facendo posible esa maravillosa aventura do encontro de amizade con Deus no fondo do teu ser, cada vez máis no centro do teu ser.

A túa experiencia quere animarnos tamén a nós a vivir a nosa propia experiencia grande de encontro co Deus da Vida. Así, dis que escribes “para que se esfuercen y animen los que esto leyeren a dejarlo todo del todo por Dios” (21,12). Oxalá sexa así.

Anímanos a vivir a nosa propia experiencia de encontro con Deus, nas mans de Deus:

“Con libertad se ha de andar en este camino, puestos en las manos de Dios. Si Su Majestad nos quisiere subir a ser de los de su cámara y secreto, ir de buena gana; si no, servir en oficios bajos y no sentarnos en el mejor lugar... Dios tiene cuidado, más que nosotros, y sabe para lo que es cada uno. ¿De que sirve gobernarse a sí quien tiene dada ya toda su voluntad a Dios?” (22,12).

Anímanos a vivir a nosa propia experiencia cadaquén á súa maneira, que “por muchos caminos y vías lleva Dios las almas” (22,2).

Moitos son os camiños do Espírito, (parece que a xente pobre e a nosa pobreza son os seus dous camiños principais), pero todos van levando ó mesmo lugar: ó lugar do Encontro co Amor.

Así uns/has son levados/as polo camiño do servicio ós/ás irmáns, dos/as máis pobres; e nese encontro van descubriendo a propia pobreza persoal, chegando así ó centro do seu ser: ó Amor.

Otras persoas son levadas ó Amor polo camiño interior do encontro con Deus, e nese encontro van descubriendo a propia pobreza e por aí tamén

a irmandade cos demais pobres, chegando ó centro da vida, ó seu propio centro: ó Amor.

Pouco a pouco vou comprobando que aínda estes dous grandes camiños (de múltiples e variadas tonalidades cada un deles) son un e o mesmo camiño; moitos camiños aparentemente diferentes, pero todos no fondo ben igualiños: a debilidade, a pobreza (e o recoñecemos irmáns nesa debilidade e pobreza) que van levando todo ó centro da vida, ó Amor.

En todo isto que falas do trato de amizade con Deus, hai dúas cousas que me axudan moito de ti, Teresa :

A primeira é que falas sempre desde a túa experiencia persoal, desde a túa relación real e concreta con Xesús, co Señor, con Deus. Nesa relación, o Espírito foiche ensinando grandes verdades para o noso coñecemento, para que vaiamos comprendendo mellor e sobre todo nos vaiamos deixando encher do seu amor:

“... que si el Señor no me mostrara, yo pudiera poco con los libros aprender, porque no era nada lo que entendía hasta que Su Majestad por experiencia me lo daba a entender...” (22,3).

“... que muchas de las que aquí escribo no son de mi cabeza, sino que me las decía este mi Maestro celestial...” (39,8).

Nunca falas desde a teoría, desde o que aprendiches doutras persoas (aunque si te deixas guiar moito por elas, pero sempre para vivir o teu propio camiño, para deixar que o Espírito actúe en ti coa súa orixinalidade), e en cambio sempre o fas desde o que vas vivindo e experimentando.

Hoxe (¿tamén noutras épocas?) vivimos moito, de *ideoloxía* cristiá e pouco de experiencia persoal de encontro co Amor. E isto fainos moito mal. A un/ha mesmo/a, á Igrexa, a todos e todas.

Porque só o Amor é quen de facer ou de desfacer con xeito, de falar ou de calar con oportunidade, de construír ou de romper cando é necesario. O que El/a non faga, de nada serve.

Oxalá vaiamos aprendendo de ti para axudarnos uns a outras e atrevemos así a experimentar en nós a amizade que Deus sempre está disposto/a a ofrecernos sen condicións (coa única condición de desexala de verdade abríndonos a ela).

A outra das cousas que me serviu de consello e guía e me segue valendo moito aínda hoxe é a túa ensinanza de nunca deixa-la oración, pase o que pase.

Falas de que é a meirande das tentacións (je ti sábelo porque a viviches!);

“Este fue el más terrible engaño que el demonio me podía hacer debajo de parecer humildad, que comencé a temer de tener oración, de verme tan perdida...” (7,1).

“... estuve un año, y más, sin tener oración, pareciéndome más humildad. Y ésta, como después diré, fue la mayor tentación que tuve...” (7,11).

“No me parece es otra cosa perder el camino sino dejar la oración.” (19,12).

E de que nunca debemos deixala, aunque nos custe. A oración é porta para o encontro con Deus e con ela poderemos sacar ben ata do mal :

“... tratéle de mi oración. Díjome que no la dejase, que en ninguna manera me podía hacer sino provecho... Pasé una vida trabajosísima, porque en la oración entendía más mis faltas.” (7,17).

“De lo que yo tengo experiencia, puedo decir; y es que, por males que haga, quien la ha comenzado no la deje; pues es el medio por donde puede tornarse a remediar, y sin ella será muy dificultoso. Y no le tiene el demonio... a dejarla por humildad...” (8,5).

“... es la puerta la oración; cerrada ésta, no sé cómo las hará; porque, aunque quiera entrar a regalarse con un alma y regalarla, no hay por dónde; que la quiere sola y limpia y con gana de recibirlos” (8,9).

“Digo que no desmaye nadie de los que han comenzado a tener oración con decir: si torno a ser malo, es peor ir adelante con el ejercicio de ella... sí no la deja, crea que le sacará a puerto de luz” (19,4).

“... que alma que tenga con perseverancia oración... todas las caídas que la hace dar la ayudan, por la bondad de Dios, a dar después mayor salto en lo que es su servicio” (19,4).

Tantas horas escribiéndoches, Teresa... e a sensación grande de inutilidade... a pregunta constante de se isto está servindo ó Señor... de se isto obedece á propia ansia de saber (que é unha forma ben sutil ás veces de posuír, de apropiarnos ata de Deus)...

O Espírito parece estar chamando a calar, a repousar, a escoitar... e cansa o meu ser con todo esto que sinto coma un remexer sen sentido, un rebule-bule atoleirado... cando todo parece querer levar ó descanso silencioso no Amor...


... El hame de aprender todo o preciso para a Vida... ¿Qué máis necesito?...

Teresa, amiga e mestra, máis que nunca necesito da túa man para guiarme polos camiños de Deus. Que saiba escoita-los teus consellos para non perderme con tanta debilidade e pecado.

Ensíname e axúdame nos camiños do Amor, ti que vives no Amor xa para sempre.

... O Espírito segue esperando, animando, amando...

tereixa



# Proxecto Home Galicia: dez anos loitando pola vida

Por Manuel REGAL LEDO

## **Os froitos dun traballo asiduo**

A partir do 23 de xaneiro do presente ano Proxecto Home Galicia estivo celebrando o seu décimo aniversario. Foron diferentes os actos programados e levados a cabo para conmemorar unha data tan significativa: conferencias sobre temas relacionados co mundo da drogadicción dada por especialistas nos temas correspondentes; unha exposición itinerante de pintura, titulada e *Arte e solidariedade*, posibilitada pola xenerosidade de moitos artistas galegos que se quixeron sumar a unha causa esperanzadora para cantos están sumidos na negrura da drogodependencia; un festival final de Milladoiro e Amancio Prada en Santiago de Compostela; a edición dunha memoria que recolla a evolución do traballo realizado en Proxecto Home Galicia nestes 10 anos de vida e de tarefa rehabilitadora.

¿Qué é o que se estaba celebrando con todos estes acontecementos conmemorativos? ¿Qué é o que Proxecto Home estivo sendo en Galicia durante estes 10 anos de presenza na nosa terra?

Proxecto Home abre en Galicia as súas portas no ano 1990 por iniciativa dos bispos de Galicia, que ven nel a posibilidade dunha oferta de rehabili-

tación para moitos mozos e mozas que sofren os efectos da súa condición de adictos á droga. Nacera esta alternativa en Italia na década dos setenta e empezara a implantarse en España con considerable éxito na década dos oitenta. Cando os bispos deciden estrea-la oferta escollen o crego ourensán Ramón Gómez Crespo para o labor de dirección; con el á fronte o Programa vai adquirindo un importante desenvolvemento que se concreta no momento presente nas seguintes realidades: Centros de Acolida e de Reinserción Social (primeira e terceira fase do Programa) en Santiago (ano 90), Vigo (ano 93), Ourense (ano 97) e Lugo (ano 97); apertura dun centro de rehabilitación de alcoldependentes na Coruña (ano 98), apertura dun programa específico para adolescentes (Ourense 1998), Comunidade Terapéutica (segunda fase do Programa) nas Cernadas, Val do Dubra (1990), Programa de Apoio (forma alternativa de face-lo proceso de rehabilitación) en Santiago de Compostela (1993). Ó mesmo tempo fóronse abrindo pisos de apoio en tódalas cidades de Galicia onde estaba implantado o Programa, para residencia de persoas que, por calquera circunstancia especial, non podía ser acompañada diariamente ó centro por algún membro da súa familia.

É moi clara a finalidade desta diversificación da oferta terapéutica tanto no referente a lugares de rehabilitación como no referente a formas concretas de rehabilitación: facer posible que quen queira acceder a unha axuda terapéutica apropiada –a axuda en concreto que facilita Proxecto Home– teña oportunidade de o facer sen demasiadas complicacións; en definitiva acadar que o Programa terapéutico Proxecto Home non se converta nun Programa selectivo, e que sexan os máis desfavorecidos, se cabe, os que con maior facilidade se beneficien desta alternativa terapéutica.

O éxito relativo de Proxecto Home en Galicia non se mide, xaora, pola simple presenza dos diferentes Programas nos diferentes lugares de Galicia; mídese –porque esa é a finalidade do mesmo– polo número de persoas que puideron acceder a unha forma de vida libre, sa, autónoma, feliz, superado xa o tempo da súa vinculación adictiva a calquera sustancia. Esas persoas son hoxe xa máis de 650.

### **Unha forma específica de traballar con drogodependentes**

Proxecto Home presenta unha alternativa terapéutica específica, que en puntos pode semellarse a outras que circulan na oferta social de apoio ós drogodependentes, pero que tamén se diferencia en aspectos importantes ata constituír unha modalidade de rehabilitación específica.

Pártese, de entrada, de que o problema non o é a droga. A droga estivo e está aí, e punto. Pártese, polo tanto, de que o problema sómolo as persoas que facemos un uso pervertido da droga, empregándoa na maioría dos casos como forma de resolver dificultades persoais previamente identificadas. Neste caso a drogadicción pasa a ser síntoma claro dunha desestructuración persoal, que á súa vez é síntoma tamén dunha desestructuración social. De aí que, fronte a unha visión excluín-te do feito da drogadicción, resulte máis positivo e realista falar dunha visión incluín-te: todos temos parte na formación dunha cultura que produce persoas fáciles para atopar na droga unha saída ficticia a problemas reais; máis aínda, somos moitos os que nos drogamos aínda que sexa con substancias ou con formas de vida que non se identifiquen co que realmente chamamos droga. Desde o fútbol, ata o afán pola moda, desde o coidado desaxustado do propio corpo ata o emprego indiscriminado do alcol, a gama de conductas asimilables á dun drogodependente típico pode ser, é, enorme. Despois, por casualidades incontrolables, por opcións persoais moi determinadas, haberá un grupo concreto que optará por un sistema de adicción especialmente destrutivo, especialmente deshumanizador. Pero do mesmo pozo bebemos moitas veces todos as mesmas augas.

En Proxecto Home, polo tanto, a resposta terapéutica parte deste marco de comprensión da realidade do drogodependente. Se non temos diante un delincuente, non é axeitado darlle unha resposta penal. Se non temos diante un enfermo clásico, non é axeitado darlle unha resposta fundamentalmente médica, anque o apoio médico teña un papel importantísimo que xogar dentro do proceso. Se temos diante unha persoa desestructurada, cunha desestructuración previa ou posterior á condición de drogodependente, deberemos intentar superar esa desestructuración. E a forma de superar tal desestructuración será ofertar un marco de apoio suficiente para que a propia persoa sexa capaz de reanda-lo seu propio camiño de constitución como persoa adulta, autónoma, libre, capaz de xestionar-la súa propia realidade persoal e social dunha maneira equilibrada.

De aí que en Proxecto Home entendámo-lo traballo terapéutico como un traballo fundamentalmente educativo. E este traballo educativo facémolo con varios criterios, que, cun funcionamento harmónico, constitúen as bases do noso traballo.

Primeiramente a abordaxe que se fai da realidade persoal do drogodependente é unha abordaxe global, onde nada queda á intemperie do traballo de rehabilitación. Non se trata soamente de que a persoa deixe de tomar drogas –para, se cadra, volver a consumir de alí a pouco tempo–;





trátase de que tódolos campos do individuo que teñen que ver coa súa estabilidade persoal e social sexan tidos en conta, sexan atendidos, sexan coidados, sexan potenciados. Soamente así poderemos garanti-la estabilidade do rehabilitado como tal rehabilitado. Estamos falando, por exemplo, da capacidade de quererse ben a si mesmo, de estimarse; da capacidade para recoñecer e expresar sentimentos, e non tragalos; da capacidade de relación e de integración familiar e social; da capacidade de identificación e de comunicación do mundo persoal; da capacidade de tolera-lo fracaso e o sufrimento; da capacidade de desenvolver axeitadamente as propias enerxías afectivas, da capacidade de responsabilidade persoal, etc., etc.

A máis diso, o achegamento educativo-terapéutico á persoa do drogodependente vaise facendo dun xeito progresivo, demandando do individuo o que o individuo pode dar en cada momento da súa evolución persoal, pero facendo nese momento que o paso concreto se dea. Esta progresividade educativa faise evidente, xa de entrada, na estrutura do programa, organizado en tres fases: *Acollida*, *Comunidade Terapéutica* e *Reinserción Social*, cada unha destas fases cos seus obxectivos, coas súas formas de traballo correspondentes, sempre camiñando do máis superficial ó máis fondo, do máis simple ó máis complexo, do menos persoal ó máis persoal. Así empézase o programa en *Acollida*, traballando fundamentalmente a área comportamental, para que a persoa vaia modificando as formas do seu desenvolvemento diario, e desde aí se abra á expectativa e á ilusión de emprender traballos máis consistentes sobre a súa propia persoa. Logo en *Comunidade Terapéutica* traballará na área de coñecemento persoal, desde o presente do individuo e desde a súa mesma historia, para identificar aqueles lugares nucleares onde pode estar aniñando a súa condición de drogodependente. Por último en *Reinserción Social* atenderá especialmente á área de toma de decisións nun momento en que debe retomar con autonomía crecente os diferentes aspectos dunha vida persoal, familiar e social totalmente normalizada.

Pódese preguntar calquera como é posible esta abordaxe total, extensa, intensa sobre a realidade da persoa en proceso de rehabilitación. En Proxecto Home isto faise posible botando a andar catro dinamismos que se conxugan para a mesma fin: as enerxías do propio drogodependente, a asistencia familiar, a participación do voluntariado e o equipo terapéutico cos sucesivos instrumentos de traballo que vai poñendo a disposición do que intenta rehabilitarse.

Cada un destes catro factores xoga un papel específico e intransferible. O drogodependente, metido nunha dinámica grupal de autoaxuda,

practicamente sempre se volve capaz de sacudir do seu interior adormecido por influxo da súa conducta de adicción, unhas potencialidades que parecerían inimaxinables, se a práctica non nos fose alertando da súa posibilidade. El é o axente principal, el é o protagonista dun traballo que os outros que o rodean, ó máis, lle poderán facilitar. Sempre que é posible, contamos coa familia para o proceso de rehabilitación; ten moito que ver no espacio onde surxe a experiencia de drogadicción, e ten moito que ver tamén no proceso de maduración persoal do adicto a drogas. Necesita saber estar ó lado do drogodependente en rehabilitación, e recibirá axudas oportunas para iso, pero ó mesmo tempo ela mesma ten moito que aportar no proceso, no que desempeña en boa medida un papel de *cuasi* terapeuta. Sen o voluntariado faríanse imposibles moitísimas cousas, desde a referencia exemplificadora de persoas sas, libres, solidarias, que enmarquen todo o traballo de rehabilitación, ata unha chea de pequenas pero imprescindibles contribucións complementarias do proceso de rehabilitación que poñen moitas veces o aquel de gracia e de atractivo especial en todo o camiño de recuperación: deportes, graduado escolar, manualidades, saídas culturais, etc., etc.

E por último, o equipo terapéutico. É a referencia directa do que fai o programa. É o responsable de que toda a mecánica rehabilitadora funcione, e funcione axeitadamente. Posiblemente ten nas súas mans o toque especial para que unha persoa poida “engancharse” positivamente, e medre en motivación cara a un traballo que se presenta longo e por veces árido e cheo de incidencias. Ofrece profesionalidade, e algo máis, un *plus* de presenza, de empatía, de solidariedade fonda que converte en dinámicas vivas de apoio, de confrontación, de proximidade, de urxencia equilibrada cara ó cambio, dentro dun respecto ó marco de liberdade no que se quere situar todo o proceso terapéutico. Un conxunto de esixencias que non é doado temperar dun xeito equilibrado. Pero nesas se anda, e con ilusión.

### **Unhas cantas referencias oportunas**

Proxecto Home Galicia forma unha unidade organizativa e de intervención e está integrado nunha Asociación de Programas espallados por toda a xeografía española. Únenos unha mesma filosofía de traballo, adquirida nun proceso de formación específica realizado na escola de formación da que dispón esta asociación.

Esa *filosofía de traballo* implica tamén unhas características ou uns principios ben importantes para a nosa presenza na sociedade. Somos un

programa fundamentalmente aberto á xente nova, porque normalmente é a xente nova a que se presenta con dificultades en relación coa drogadicción. De todos os modos as posibilidades de intervención de Proxecto Home non se pechan nin no marco da xente nova nin sequera no marco da rehabilitación. De feito desde hai dous anos longos estamos traballando con alcólics –problema de drogas é, en definitiva, pero cos seus matices ben diferenciados–; de feito traballamos tamén nalgún centro polo menos nunha Escola de País, vinculada a un traballo específico con adolescentes; e de feito tamén estamos empezando a levar á práctica un proxecto de prevención que encamiña os nosos pasos cara a un mundo e unhas realidades relativamente novas.

Somos un programa sen finalidade lucrativa; economicamente apoiámonos nos cartos públicos que cobren unha parte importante do noso presuposto, nas axudas de persoas e de institucións privadas e na colaboración libre e responsable das familias das persoas en rehabilitación. Tendo moi claro sempre que ningunha persoa deixe de facer un camiño rehabilitador polo feito de non ter medios económicos para iso. Pensamos que ninguén é alleo a que na sociedade aparezan persoas drogodependentes; dalgunha maneira todos contribuímos cos estilos e vida que asumimos e potenciamos a que sexan máis ou menos fáciles as conductas adictivas; de aí que todos a través das institucións públicas debemos implicarnos seriamente nun problema público, social, e non precisamente con apoios esmoleiros.

Proxecto Home traballa claramente desde unha cultura da non droga desde o primeiro momento en que o adicto ó seu consumo se achega ás súas portas. Igualmente desde a cultura da non violencia. Polo tanto, o proceso de rehabilitación sempre se enmarcará nun ámbito imprescindible de liberdade e de respecto; isto non ten por que chocar coa necesidade de ampara-la aposta dubitativa do drogodependente cunhas pautas precisas de comportamento, sobre todo ó comezo do seu proceso; e tampouco ten por que chocar coa necesaria urxencia terapéutica da que o drogodependente precisa para iniciar o camiño da rehabilitación e para avanzar no camiño emprendido.

Por último Proxecto Home en toda a súa andaina galega actúa como unha entidade promovida pola Igrexa Católica, pero ó mesmo tempo sendo non confesional no seu desenvolvemento terapéutico. Cremos que é un acerto esta postura da Igrexa. Non se trivializa o feito relixioso, pero enténdese que son outros os espazos nos que se lle dea resposta a unha persoa en relación con estas cuestións. Por outra banda, quen traballe apoiando procesos de rehabilitación como crente, ou quen o viva na súa

propia persoa tamén como crente, facilmente comprenderá que o traballo de facer que unha persoa sexa persoa está ben achegado ó Deus da vida que quere que a vida campe en tódolos seus fillos, e ben achegado tamén a Xesús de Nazaré que fixo do seu achegamento a persoas en desfeita o criterio máximo de fidelidade a Deus.

**Manuel REGAL LEDO**



## Dous congresos en torno á globalización en Vigo e Pontevedra

*A semana Pascual foi fecunda en Pontevedra. De luns a venres tivo lugar na capital a XVII Semana de Filosofía enfrontando o tema do cambio de Milenio e dedicando unha fonda análise ó fenómeno da globalización. Este foro ven sendo organizado pola Aula Castelao, que este ano viu recoñecido o seu labor de case dúas décadas coa concesión do Premio da Crítica na súa modalidade de iniciativas culturais. O mesmo venres comezaba en Vigo o IX Congreso Xustiza e Paz co título “Sementes de esperanza” organizado polas Comunidades Cristiás do Cristo da Victoria.*

*Se en Pontevedra era o profesor norteamericano James Petras, de recoñecida traxectoria na loita polos dereitos dos pobos, quen puña fin á reflexión –na que as duras críticas ó sistema non tiveron excepción en ningún dos relatores–, en Vigo foi o peruano Gustavo Gutiérrez, creador e primeiro sistematizador da Teoloxía da Liberación, quen denunciaba as inxustizas e as desigualdades que xera. Dúas plataformas de diferente orientación, con ambientes distintos, o primeiro máis reducido a universitarios, o segundo máis aberto ó pobo; na Semana citouse a Casaldáliga ou a Ellacuría, no Congreso non faltaron Marx ou a Escola de Frankfurt.*

*Cando se vai á verdadeira busca do humano podemos chegar ó encontro, á sintonía e á unión de obxectivos. Nas páxinas seguintes transcribimos as conclusións da Semana de Filosofía e o Manifesto final do Congreso Xustiza e Paz. Tamén nos pareceu interesante recoller unha experiencia da tarefa realizada por unha asociación de mulleres no barrio de Coia e que foi presentada no citado congreso.*

# Semana Galega de Filosofía. Conclusións

Por Francisco REGUEIRA

A *XVII Semana Galega de Filosofía* chega, neste acto, ó seu final. Aló van dezanove anos desde a constitución da Aula Castelao cos obxectivos claros e precisos de innovación (educativa, didáctica e programática); de galeguización (é dicir, incorporación á vida e ó ensino dos contidos propios da realidade galega); e, por último, a presenza pública en todos cantos foros puideran espallar os dous anteriores. Mais é esta cita anual o lugar máis acaído de materialización dos mesmos. Cunha estruturación, que se ven repetindo a partir da primeira, arredor de tres eixes: sesións de mañá (presentación do modelo teórico sobre o que versa a Semana); sesións de tarde (aplicación a Galicia do paradigma analizado no relatorio matinal); e sesións de noite (divulgación a toda a sociedade das ideas e actitudes utilizadas nas devanditas sesións). Clausúrase unha *Semana* máis, proxectada cuns obxectivos específicos para cada sesión e unha complementariedade entre todos eles. ¿Cumpríronse? Velaí o que se vai explicitar nas conclusións:

1. A Semana non foi un espectáculo, un lugar para a imaxe, senón un lugar de encontro e de fondo debate do que se inferiu que pensar é necesario; do contrario outros o farán por nós. O pensamento, a ideoloxía non é, nin moito menos, un estorbo. Só molesta ós que tentan que se decida

desde a carteira ou desde o medo e queren poñer fin ás ideas e á historia. É un atranco para os que desexan perpetuar, e non mudar, a realidade. Para os pragmatistas e os utilitaristas groseiros que soamente avalían positivamente o que produce beneficio e se mide en termos de rendemento e acaban por converter as mesmas persoas en mercadorías. O pensamento non se vende, unicamente se exercita de cara a que as persoas teñan dignidade.

2. Centrándose nas sesións de mañá, que tiñan por obxectivo estudar a globalización e os seus cinco piares (economía, política, tecnoloxía, cultura, exércitos), afirmase a realidade da mundialización e da internacionalización. A interdependencia entre todos os pobos do mundo é un feito, preñado de posibilidades, pero, é así mesmo verdade, que está a parir unha mancha de desigualdades non só entre os pobos, senón dentro de cada pobo. Se o primeiro, a mundialización levaría á harmonía; no segundo, á uniformización e, por enriba de todo, á desigualdade social, política, ideolóxica e ecolóxica.

Os profesores Martínez, Petras, Lledó, Álvarez e Ramonet, logo de analizar a parcela correspondente, concluíron que a realidade é imperialista. A competitividade e a concentración levaron ó que hai. ¿E que hai? Acumulación en poucas mans, pobreza, desregulación, expansión do modelo cultural americano..., e os instrumentos ou medios, que non fins, son os cinco devanditos. Isto é: un neoliberalismo no que o lucro e a competitividade se mudaron en valores de actuación e xustificación. Sen embargo o anterior non é natural, é froito dunha historia que é mester coñecer. Ignoralo sería descoñecer a arqueoloxía e a xenealoxía do presente, renunciar á pregunta filosófica polas causas e, o que resulta peor, a negación da utopía e da posibilidade de construción dun futuro diferente. Ficar nun presente sen historia (as cousas son así e non poden ser doutra maneira) só beneficia a quen *goza* dun éxito creado por todos e *esquece* o duro camiñar dos que se entregan a un traballar permanente e son agora lanzados ás beirarrúas ou ignorados baixo a xustificación ideolóxica de que non existen dereitas nin esquerdas, senón que *funciona ou non funciona, é eficaz ou non* (ou como se dicía fai uns anos: “non importa que o gato sexa branco ou negro, senón que cace ratos”). Neste caso, ¿que cabe esperar? A morte do planeta e a nosa canda el.

Precísase, xa que logo, un suxeito histórico que organice o cambio e o mercado non pode ser tal suxeito. A utopía liberal da morte do Estado, restando só o mercado e as súas leis, conduce a unha maior *explotación* da man de obra, ó paro e á noite dun futuro diferente. A política ten de voltar

a ser o centro. As cousas son así, mais podemos facer que sexan diferentes. A economía non ten de ser por forza imperialista, os exércitos non poden seguir a ser baluartes dun mundo baseado no beneficio, a política non pode renunciar ó seu papel, a cultura ten de ser crítica, aberta, plural, non uniformizadora. En fin, as novas tecnoloxías, necesarias en tempos de mundialización como o foron o ferrocarril e as estradas na Industrialización, son unicamente iso instrumentos e non fins. Para o anterior precisamos referentes e suxeitos novos, que non poden vir da memoria dos vencedores, senón da subversión dos vencidos que, polo feito de selo, viven na utopía do contrapoder que pide, ó menos, un desenvolvemento sustentable de cara a asegurar a vida dos que nacerán, e para os actuais traballo, educación, saúde e pensións. Obxectivos que non logrará un mercado sen regras e control político. “A dictadura mascarada de liberalismo e tecnoloxía converte os pobres en non intelixentes, os miserentos en delinquentes e as vítimas en culpables”.

3. Situándonos nas sesións de tarde, nas que o obxectivo xenérico era o estudio do presente e as perspectivas de futuro de Galicia no fin de milenio, temos que afirmar que Galicia está inmersa na interdependencia mundial, europea e española. O seu papel pode ser o de *ignorarase, odiarse, non recoñecerse* como protagonista do seu desenvolvemento ou esixir e tomar nas súas mans a soberanía e organización do propio. Nun mundo no que a totalidade é o suxeito do ser, a moda é a renuncia dos pobos a ser suxeitos de non querer ser *reaccionarios* e camiñar a contrapé da historia. De facelo así cada pobo cumprirá o papel asignado por ese suxeito mundial. Hoxe o normal é o fanatismo (o pertencer á economía única, á cultura única, á moda única, á igrexa única) cos dogmas, ritos e normas do Imperio. Galicia amosou na historia, a tamén hoxe, a capacidade de crear produtos *universais* desde a súa realidade. Contando con ideas, materias, produción e distribución propias logra, en moitos campos, ser universal.

Os relatores, señores Sáez, Barreiro Rivas, Álvarez Pousa, Herminio Barreiro, Traba, Freire, Prado e Souto, deixaron claro o *qué* podemos, *como* podemos e o *para qué*, mais na base de todas estas preguntas estaba crer e partir do propio. Só con personalidade propia se pode ofrecer ós outros produtos diferentes. A uniformidade non é harmonía. A multiculturalidade non é asimilación. O producir, crear e vivir desde o propio non é separatismo. Para todo isto requírese vontade política, a vontade de non deixar nas mans doutros a nosa *soberanía*. Mais, ¿cremos realmente en nós? ¿será verdade que o drama de Galicia e o de “ser ou non ser”? ¿somos un edificio administrado politicamente por caseiros que non cren no futuro da casa?



¿agárdanos un futuro con limitacións na produción e nas comunicacións? As respostas son de vostedes.

4. Nas sesións de noite o obxectivo era reflectir sobre a realidade educativa en tempos de fondo desconcerto. Os profesores Marina, Fernández Enguita, Jerez Mir e Victoria Camps concluíron, desde posicións moi diverxentes, que a educación xa non é en exclusiva un produto da Escola e da Familia, pois o seu principal axente son os *mass media*, mudados en *escola* da sociedade global, a aula sen muros. Eles son os transmisores dos valores, papel que antes correspondía ás familias, en primeiro lugar, e á escola en segundo. ¿Que papel retén, xa que logo, a escola? Desde logo non pode ignorar que hai outras realidades, outros axentes e outros docentes fóra dela. Non obstante segue a ter o papel de non renunciar en tempos de fuxidas. E nesa non renuncia a función primeira e ser transmisora duns valores conforme ós que *construír* a aqueles que lle son asignados; darse conta de que ten nas súas mans algo *inconcluso*. A segunda, complementaria da anterior, consistiría en amosar que existe diferenza entre uns valores e outros. Que non é o mesmo tratalos como persoas na vez de cousas, sería a terceira. Persoas conscientes, responsables e críticas, fins e non medios.

O anterior é punto de partida para crear seres que se decaten de que o seu ser lles pertence e que perciban que non é o mesmo ser solidarios que competitivos, razoadores que *opinadores*, asimétricos que simétricos. A escola terá ademais que deixar de ser centro de acollida e divertimento, de non traumatismo, de domesticación, para mudarse en centro de traballo, de posibilidades, de educación en valores, de formación de persoas con ideas propias, que non pensen ó compás das opinións interesadas dos *media*. Fronte a unha escola de preparación para o traballo na empresa, ten de ser o lugar onde a persoa aprende a vivir, ser independente e gozar. A paixón polo saber, polo ser e non polo estar, será a meta final. A especialización, a preparación para a carreira profesional, será obxectivo accidental nos ensinos primario e secundario, sendo o primario ter personalidade, ser.

Para concluír: a educación non pode ser un negocio. Ninguén pode entender e usar a escola como beneficio, pois é un servizo que ten por obxectivo crear persoas educadas, o que significa, nin máis nin menos, persoas que pensan, actúan e conviven desde valores de solidariedade, dignidade e respecto, ás raíces do ser. Eu non son sen os outros e os outros non son sen min. Non son o inimigo a derrotar, o outro a quen temer, son o compañeiro co que contar para ser. A escola non é o campo de batalla,

non é lugar comercial, non é sitio para ridiculizar, non é para vencer con argucias a quen se cre que representa o poder. Non é o espacio onde se nega, adoutrina ou somete. É, xa se dixo, o lugar no que se entregan uns valores, unhas posibilidades, un mapa para construírse e convivir. Mais todo isto son palabras se a sociedade non entrega desinteresadamente uns medios e non se valora a utilización dos mesmos desde parámetros distintos ós da rendibilidade, favorecendo o traballo, a autonomía, a crítica e a liberdade. Isto é vontade política e non cuestión económica.

5. Todo o anterior pensouse e debateuse así mesmo en interminables reunións e discusións fóra da sala deste Congreso. Mudouse Pontevedra, unha vez máis, en cita de galegos e non galegos preocupados por estar ó día e por facer provisión de materiais para as súas aulas e para as súas vidas; foi outra vez fermento que leveda a masa de todo un ano laboral, abrindo vieiros, proporcionando bibliografía, facilitando intercambios e contactos, creando e facendo medrar as relacións humanas. *Nós non pretendíamos acabar con todos os males do mundo e de Galicia, de xeito que xa non houbese guerras, fames, colonialismos, imperialismos, paro... Non, aquí non vendemos froitos, vendemos semente.*

6. Unha última conclusión que xira arredor do cartel e dos textos incorporados ó material da Semana. O primeiro, o *trasno de Castelao*, que require da lupa para ver tras da aparente inxustiza que se esconde. Alédase de que no fondo do mundo viva esa realidade ferinte que, na situación actual, sería a dunha globalización que deixa a máis da metade da humanidade na miseria, e, en tempos de Castelao, deixaba a un 80% dos galegos nas gadoupas dos foros, das oblatas e da fiscalidade. Para iso lle serve o debuxo a Castelao: concienciar do que hai (revelación) e do que non hai (rebelión). Non é un estupefaciente para durmir as consciencias e anular a potencialidade humana. Non pon a súa arte, as súas ideas, a súa actividade política ó servizo dunha anorexia ética e dunha bulimia estética. As imaxes teñen un ser e un estar, serven para algo, non son neutrais, non son para esconder a miseria e a marxinalidade.

O fragmento de Eduardo Galeano, do seu libro *Patas arriba. La escuela del mundo al revés*, indica como a linguaxe é fundamentalmente instrumento dunha clase social, que, ó perverter a mesma, consegue ocultar o verdadeiro significado das verbas. Convértese a pragmática nunha manipulación, non por certo inconsciente, das mensaxes semánticas. Nunha sociedade tan competitiva, baseada nas aparencias, o que triunfa é a desvergonza. A forma moderna de esconder a vergonza é a mentira: ocultar

o que pensamos empregando as palabras para dicir o contrario do que se pensa. Sirvan como recordatorio dese texto:

*O Capitalismo loce o nome artístico de economía de mercado. Ó imperialismo chámase globalización. A traizón recibe o nome de realismo. Os pobres son carentes de recursos. Ó dereito do patrón a despedir ó obreiro sen indemnización e sen explicacións chámase flexibilización laboral. As torturas denomínanse coaccións ilegais. Os mortos en batalla son baixas e os civís que lles toca, sen comela nin bebela, son danos colaterais. As bombas non son bombas, son artefactos que estouran. Os ladróns de boa familia non son tais, senón cleptómanos...*

Estas cinco que a Aula ten a ben engadir:

*A privatización da Sanidade chámase creación de Fundacións Sanitarias. As plantas de recollida de lixo son ecoplantas. A innovación do ensino noméase como levar os centros a Internet, co que do “dubido, existo” pasaríase a “se me conecto, existo”. A reforma do tren, de xeito que non chegue aquí o AVE, chámase velocidade alta. E o darwinismo social, liberdade.*

Finalmente o texto de Castelao, que figura na carpeta de cada congresista, de *Sempre en Galicia*, pretende recordar, con palabras claras e precisas, o dereito dos pobos a dispor de si mesmos e ser suxeitos de seu. Os galegos teñen nas súas mans o seu futuro. Fronte á aldea única, ó pensamento único, ó idioma único... a defensa do diferente, o recoñecemento da pluralidade. A diversidade non é o mal dos tempos, ese mal é a dominación, a asimilación, a anulación do propio. A diversidade é o único que nos queda.

En fin, fago uso das lembranzas de Primo Lévi ó relatar as agresións que sofre un soldado conducido a Auschwitz: sente sede dentro do tren no que van moitos xudeus amoreados e, ó tentar apagalala cun caramelo que colga da fiestra, o soldado-vixía esmágalle o xeo no rostro dun culatazo. Lévi preguntalle o porqué e o soldado responde que non hai porqués. A *Aula Castelao* pretendeu, pretende e, a bo seguro, pretenderá abrirse a todo tipo de porqués. Renunciar a eles é renunciar á ideoloxía, á memoria, é o sometemento a un mundo no que desaparece o ser e non resta, xa se dixo, outra cousa que o estar. Isto foi o que quixemos sementar. De fructificar a semente agromará un novo día no que o medo e o pragmatismo deixarán de ser as razóns do vivir.

De non ser así a humanidade verase abocada á extinción no plano medioambiental e social. Nós somos, mais non podemos pechar o paso ás

xeracións vindeiras. Un bo peche podería ser a frase do bispo Casaldáliga: “Se axudo ós pobres, chámanme santo e quérenme canonizar, pero se pregunto polo porqué da pobreza, chámanme comunista e ven de eliminarme”.

**Non renunciemos ós porqués e ó pensamento crítico, pois sería a morte da utopía e o triunfo da untotopía.**

**Francisco REGUEIRA**



## IX Congreso Xustiza e Paz. Manifesto final

Perto de catrocentas persoas de todo o territorio español, na súa gran maioría crentes, reunidas no *IX Congreso de Justicia y Paz* dos Dominicanos/as de España, baixo o lema: “Xustiza e solidariedade: semente de esperanza”, recoñecemos que sen a vivencia da solidariedade como norma e a xusticia como valor social obxectivo, o sufrimento das vítimas da globalización non será visto como un increíble mal social, senón como un sacrificio necesario

### **Por iso, denunciámos:**

1. As contradicións entre un ideal que postula un mundo único, cun sistema económico que ten a desigualdade como motor do seu desenvolvemento, cunhas interpretacións ideolóxicas que mistifican e ocultan a realidade das vítimas do noso mundo.

2. A perda de autoridade económica e a crise dos gobernos nacionais ó conceder cada vez máis vantaxes fiscais e laborais ás grandes empresas e mercados financeiros, que abre serios interrogantes sobre o respecto ós dereitos individuais e políticos, económicos, sociais e culturais da cidadanía.

3. O *exceso de información* determinante do grave *descenso da comunicación e contacto directo* que orixina a perda de dimensións fundamentais da persoa.

4. A utilización das novas tecnoloxías, baixo a lei do máis forte, sen contemplacións e de acordo cos intereses das corporacións trasnacionais e da defensa militar.

5. Os grupos sociais que conseguiron domina-la globalización para se enriquecer abusivamente, deixando excluídas áreas xeográficas e grupos sociais enteiros ós que lles resulta imposible escapar do sufrimento ou da degradación progresiva da condición humana.

6. As redes globais do crime organizado por este capitalismo global: tráfico de drogas, de armamento, de meniños e de mulleres para a prostitución ou explotación laboral, de inmigrantes ilegais...

**Para isto, ímosnos solidarizar na loita:**

1. Pola aceptación da globalización con senso crítico e tentando gobernarla para a poñer ó servicio do aumento do benestar da sociedade.

2. Pola defensa e desenvolvemento dos dereitos civís e económicos que acrecenten a coalición entre as vítimas do sistema e os movementos populares.

3. Por afondar nunha espiritualidade profética liberadora, nada nunha Igrexa popular que xere como Xesús *signos e comportamentos* que sacudan a cultura da cegueira e o esquecemento solidario e teñan unha opción preferente polos empobrecidos

4. Cos que fomentan novas sensibilidades e esixencias socioculturais, por unha maior calidade de vida para todos, pola defensa do equilibrio ecolóxico, pola paz, contra a discriminación sexista.

5. Por muda-lo noso estilo de vida centrado na obtención de diñeiro e no consumo para vivi-la cultura da austeridade.

6. Por reforza-los novos movementos sociais e potencia-la forza transformadora das ONG.

7. Por apoiar iniciativas obreiras e sindicais para conseguir máis xustiza e igualdade.

8. Por fomenta-la cultura da insubmisión á orde imperante e recupera-la capacidade humanizadora, a dimensión ética e política que nos convirtan nun “grupo profético de choque”.

# Muller e globalización. Reflexións desde un barrio popular de Vigo<sup>1</sup>

Pola Asociación de Mulleres DORNA<sup>2</sup>

Partindo do que nos dicía Ivone Gevara, teóloga feminista e brasileira, no encontro de Mulleres e Teoloxía a cerca de que o ano 2000 é un momento de parada para facer avaliacións e planear obxectivos que leven a unha mudanza progresiva, este Congreso deunos ás mulleres da nosa asociación esta dobre oportunidade.

En primeiro lugar, reflexionar sobre o noso proceso histórico de liberación.

En segundo lugar, provocar en nós a necesidade de dar resposta progresista ós novos retos suscitados pola globalización. Tomar conciencia de que é un proceso complexo, non lineal (non tódolos barrios, nin tódalas

---

<sup>1</sup>Experiencia narrada no *IX Congreso Xusticia e Paz*, que tivo lugar en Vigo durante os días 28, 29 e 30 de abril de 2000. O orixinal estaba redactado en castelán porque no Congreso se reuniron Comunidades doutras autonomías. Isto explicará algunhas referencias, como explicar que é unha dorna (*N. da T.*).

<sup>2</sup>Parroquia do Cristo da Victoria, no barrio de Coia en Vigo.

mulleres están nas mesmas condicións), senón que inclúe aspectos económicos, socio-políticos e relixioso-culturais que inflúen seriamente na realidade da muller.

A nosa reflexión ten dúas partes:

1. O noso nacemento e proceso asociativo: logros, conquistas, loitas e problemas.

2. As nosas propostas como mulleres nun barrio popular ante o fenómeno da Globalización. Estas propostas están baseadas no noso *convencemento de que as nosas accións, logros e pequenas utopías conseguidas teñen repercusións na sociedade mundial.*

## **1. Historia, obxectivos e estratexia**

Debo aclarar que o termo *parroquia* significa en Galicia o territorio civil, polo tanto utilizarei o termo parroquia a secas para o termo civil e parroquia cristiá para referirme á Igrexa.

### *1.1. Breve historia:*

A parroquia do Cristo da Victoria é unha zona maioritariamente obreira do polígono de Coia. É, tamén, suburbana nada na etapa do desenvolvemento máis forte de Vigo –entre 1970 e 1980–. Formouse baixo a dictadura franquista onde a especulación salvaxe, por falta dun sistema democrático, dominaba o sector urbanístico e a tendencia era crear barrios dormitorio onde poder recupera-la forza de traballo. Este fenómeno tiña para nós unha dobre vertente: exclusión social da muller afastada dos poderes político-sociais (non tiñamos dereito a votar nas asociacións) e o deterioro ecolóxico-urbanístico (falta de colexios, centros comerciais, autobuses, zonas verdes, centros de socialización e moito lixo...)

Nun primeiro momento, estas tristes realidades vivíamolas en soidade, illadas. A maioría viñamos do medio rural e entramos nunha realidade inhóspita e descoñecida, sufrindo as consecuencias negativas en maior grao cós homes, xa que viviamos as 24 horas do día no barrio. Repercutían en nós as carencias de todo tipo.

O inicio da nosa historia parte da convocatoria ós veciños por parte da parroquia cristiá. Foi o comezo dun proceso concienciador do pobo, no que os oprimidos e oprimidas toman conciencia da súa condición de suxeitos, do seu dereito a ser protagonistas da súa historia partindo dos problemas



comúns que sufriamos. A toma de conciencia da nosa realidade levounos ás mulleres (a maioría silenciosa) a nos agrupar, a nos mentalizar e a nos comprometer esixindo os nosos dereitos político-sociais.

No 1976 viámo-la necesidade de nos asociar. A partir dun estudio sociolóxico sobre da muller en Coia, feito polo dominico Emilio Corujo, analizados os datos e vistas as proxeccións, decidímonos a crear a primeira Asociación de Mulleres en Vigo (*Dorna*: barca moi fráxil pero moi resistente á marusía). Ó principio eramos unhas vinte, agora somos preto de oitocentas.

A promoción integral da muller, principalmente dos sectores máis débiles, era o noso obxectivo, en relación recíproca co home e así facer posible a igualdade real en tódolos eidos.

Foi un traballo moi custoso: primeiro de contacto directo, ir vivenda por vivenda, facer reunións polos portais para concienciar dos problemas, das necesidades... sacar as mulleres das casas e que sentiran a necesidade de estar con outras mulleres para falar de problemas comúns foi todo un logro. Tamén as interesabamos polas clases de alfabetización, graduado escolar, cursos de autoestima e participación noutras plataformas tanto do barrio como de Vigo.

Certamente na emancipación da muller no noso barrio confluíron factores de cambio tan decisivo como a revolución industrial, a tecnoloxía, o mercado de traballo, o cambio democrático... con todo, a achega de *Dorna* como axente acelerador foi moi interesante.

## *1.2. Medios e Estratexias:*

¿Qué pensamos nós que proporcionou a asociación ó tecido social do barrio?

1.2.1. No aspecto ideolóxico a Asociación de Mulleres *Dorna* caracterizouse desde o comezo pola realidade do noso barrio como referencia fundamental. Trátase dunha referencia dobre: de orixe e finalidade.

De orixe, porque tódalas nosas accións, todo o noso planeamento, toda teoría, toda vivencia, todo proxecto... partía da realidade das mulleres da nosa zona.

De finalidade, porque se trata sempre dun proceso asociativo que apunta, en definitiva, a un obxectivo central: volver á realidade do barrio.

Partir da realidade significou tamén partir de abaixo cara a arriba, é dicir, desde a experiencia, desde a base; non desde o laboratorio intelectual, nin desde as decisións verticais da autoridade, nin desde unha mentalidade *progre* que estaba moi de moda. Traballabamos con todo tipo de plataformas de mulleres pero sen perde-la nosa identidade, sempre desde a base, enraizadas no modo propio de ser da muller popular galega.

Significaba, tamén, partir de dentro cara a fóra, é dicir, ir concienciando as persoas e a asociación, de forma democrática, con capacidade de espera e moi teimudamente...

Respecta-la realidade, deixarse levar por ela. Esta paixón pola realidade levounos a: *a)* evita-las abstraccións estériles e entrar no concreto e práctico para chegar paso a paso á transformación real e *b)* abandonar todo idealismo e intimismo, poñer os pés no chan da praxe, do compromiso.

Esta actitude de realismo e análise permanente levounos a momentos difíciles e dolorosos que obrigou á parroquia tanto civil como cristiá a permanecer dando a cara e a non nos deixar vencer polos problemas, combinando en todo momento o festivo, o gratuíto e o compartir. Coido que podemos afirmar que nunca perdémo-la esperanza de que a comunidade de iguais é posible.

### 1.2.2. No aspecto cultural:

a) A mentalización crítica ó discurso machista dominante daquel tempo colaborou eficazmente á caída da dominación patriarcal nas institucións, no ambiente do barrio, mesmo na propia Igrexa.

b) Fóronse mudando as linguaxes, valorándose a nosa presenza, respectando a nosa igualdade participativa, fóronse cambiando as nosas familias e as nosas relacións pasando a ser recíprocas.

c) Ante unha participación igualitaria fomos insubornables. Enfrontámonos a calquera outro tipo de concepción do poder.

d) A antropoloxía cristiá no senso máis profundo invitou e capacitou a moitas mulleres a ser altruístas, mantendo a esperanza utópica a pesares das dificultades, xunto cun senso ético que fixo que a política da Asociación resultara distinta e desconcertante ó materialismo, utilitarismo e *trepismo* reinante da época.

e) Valores hoxe tan de moda coma a autoestima, a liberdade sexual, o dereito ó pracer, separación entre reprodución e sexualidade, o control da

natalidade, a maternidade como elección, a distribución das tarefas domésticas, o dereito ó traballo fóra do fogar... foron calando no tecido social do barrio e, polo menos, operan hoxe coma un valor de deslexitimación cara a quen non comparte esta mentalidade.

f) Unha forte autoestima reinou sempre no noso proceso, potenciada moitas veces polos obxectivos conseguidos no terreo público e urbanístico, que facía posible a medra do valor do subxectivismo feminino...

g) O crecemento da nosa conciencia internacionalista foi favorecido polo encontro con grupos de mulleres doutras autonomías e países, xunto coa influencia do *Comité Oscar Romero* de cara ás mulleres do terceiro mundo.

### 1.2.3. No aspecto socio-político

a) A loita levada dentro do Movemento Cidadán (plataforma asemblearia formada por representantes das distintas asociacións e tódolos veciños que queiran) para que noso barrio fose máis humano, solidario, vertebrado e seguro fixo posible, tal vez, a creación do mellor barrio de Vigo.

b) Na experiencia de animación comunitaria que vivimos sentimos que a diversidade é factor positivo e non un elemento segregador.

c) Introducimos na nosa historia formas de democracia máis real e asemblearia, facendo política de barrio e non partidista.

d) Partimos sempre da nosa conciencia de barrio e nacionalista, abertas a outras culturas. A nosa loita non é exclusivamente no noso barrio. Estamos dentro dos movementos de reivindicación das mulleres encadeadas, drogadictas, enfermas de sida, prostitutas, IMAN (auto-apoio e seropositivas).

e) Somos membras do Consello municipal da muller; pertencemos á plataforma para a defensa da Sanidade pública, Concello municipal de cooperación internacional e Asociación da prevención de calquera tipo de violencia. Pertencemos ó Consello parroquial e ó Movemento cidadán *O Noso Barrio*, á Asociación cultural RUEIRO, Asociación xuvenil LUAR, á eco-pacifista MODACO. A unha de nós fiolle concedido polo seu traballo con mulleres o título de *Viguesa distinguida*. As mulleres da asociación somos valoradas pola nosa conciencia, integridade, compromiso e apertura.

Faltaríamos á verdade se non recoñecemos o papel fundamental que en todo isto tivo a parroquia como Igrexa popular e a pertenza de moitas de nós ás comunidades cristiás.

Non queremos remata-la historia do noso camiñar sen afirmar que estamos convencidas de que o compartir, a tenrura, a acollida... en definitiva, a linguaxe da misericordia pode ser entendida na Babel na que vivimos e ó mesmo tempo recoñecer que algúns homes cren en nós, acompañannos, apoianos no noso camiño e acollen sen reservas o noso mundo feminino.

## **2. Propostas ante a Globalización**

Hai tres camiños para afronta-lo fenómeno da Globalización: refugalo, como fai o fundamentalismo laico e relixioso, (un exemplo, a degradación das mulleres pola revolución talibana); aceptala incondicionalmente como o fai o neoliberalismo, pero “o liberalismo está moi ben para o máis forte e gañador, pero abondo peor para o feble” (Martine Anbry) ou aceptalo e intentar gobernalo (orientalo), poñendoo ó servicio do aumento do benestar de todos e de todas..

Avanzar por esta terceira vía esixenos replantea-las súas consecuencias específicas para a muller nos aspectos económicos, socio-políticos e socio-culturais.

Todas estas propostas que imos facer, algunhas xa están sendo realidade no noso camiñar, anque as expresemos en futuro.

### *2.1. No nivel económico*

As nosas propostas son as seguintes:

a) En xeral, opoñernos ó modelo de globalización occidental actual xa que non é globalizable e destrúe os recursos naturais, ambientais e empobrece cada vez máis a muller (o setenta por cento dos pobres son mulleres, sociedade do malgasto que vivimos e destrúe).

b) Seguir loitando contra a desigualdade económica da muller, porque atenta contra a igualdade esencial do ser humano: a muller ten menos dereitos civís e liberdades políticas, como menos capacidade para gozar dos bens públicos; igualdade de salarios a igualdade de traballo.

c) Reforza-los organismos económicos internacionais a fin de que poidan gobernar e controlar a globalización financeira e económica, xa que

as consecuencias das súas especulacións resultan moi negativas para os países que as sofren, especialmente para o sector feminino (votando partidos progresistas, favorecendo a democracia real: política, social e económica).

d) Recuperar unha maior liberdade dos Estados para xestionar-la súa política económica nacional, principalmente, a política social, como instrumento correctivo eficaz para a igualdade da muller. Trataremos de converter a Europa dos *mercaderes* en *social*, onde exista unha igualdade de oportunidades, de realización e socialización.

e) Ante a feminización da pobreza esiximos para a muller:

— un maior grado de participación no emprego.

— un sistema de protección social que transfira rendas cara a este problema.

— un sistema de regulamento de mantenza dos fillos no caso de divorcio ou separación; facilitar traballo á muller; prestacións económicas á familia; sistema de garantía de ingresos mínimos.

— animaremos as mulleres a participar no desenvolvemento científico e así non se poñerá tanto en risco o futuro (mulleres universitarias do barrio).

— implicarémonos nunha valoración da finalidade da economía e do traballo como medio de realización humana e socialización e, non como o principal instrumento de reparto de riquezas.

— trataremos de organizar cooperativas femininas.

— verémo-la posibilidade de realizar proxectos de microempresas comunais.

## *2.2. No nivel socio-cultural*

a) Trataremos de humanizar-las relacións humanas, case convertidas en comerciais, cos nosos valores éticos e esperanza na utopía.

b) Ante o exceso de información que vivimos, loitaremos para vivir con maior comunicación e así poder conseguir dimensións fundamentais da persoa coma intimidade, a soidade, tenrura, acollida...

c) Defenderémo-lo respecto á diferenza fronte a determinados fundamentalismos tanto culturais coma relixiosos ou políticos.

d) Trataremos de definir e enriquecer máis a nosa identidade en reciprocidade co masculino. *Rescata-la cultura feminista.*

e) Colaboraremos en acrecentar a mundialización da conciencia que emerxe (cidadanía mundial): calidade de vida, senso solidario, o mundo como fogar, erradicación da pobreza, o camiño cara o universalismo moral e xurídico.

f) Mentalizar as mulleres cara ós efectos das novas tecnoloxías; adaptación con senso crítico á produción, distribución e consumo de bens informativos; seguimento de ata onde, cando, como, quen, con qué fins, se usa a tecnoloxía xenética para alterar a capacidade de procreación da muller.

g) Ante a sociedade mediática que vivimos trataremos que a muller de noso barrio sexa máis participativa e crítica, sentíndose como cidadá activa na construción dun barrio máis humano, solidario vertebrado e seguro.

h) Defenderemos e potenciarémo-las tres ecoloxías: a reconciliación consigo mesma (ecoloxía mental); a convivencia cos demais semellantes (ecoloxía social) e o respecto ós demais seres (ecoloxía ambiental).

i) Ante a sociedade do tempo libre, maior conciencia de noso tempo *libre* para que así resulte liberador para a muller.

l) Seguir loitando para desterra-la raíz patriarcal da cultura que pon freo á adquisición do poder real das mulleres.

### 2.3. *No nivel familiar*

a) Cremos na complementariedade e a igualdade dos sexos nas diversas funcións do fogar: homes e mulleres son bioloxicamente distintos, pero iguais en dignidade e dereitos.

b) Loitaremos por unha estrutura familiar que contemple a cooperación entre os membros e así a muller poida desenvolver unha actividade profana fóra do fogar simultaneamente á súa condición de nai. Para isto:

— Apoiaremos toda política que permita á muller e ó home gozar dunhas condicións laborais máis flexibles: compaxina-la súa actividade laboral, coa vida familiar, o ocio e o compromiso.

— Defenderémo-los dereitos dos nenos e nenas a estar cos seus pais, e a recibir unha educación igualitaria.

— Defenderemos a muller solteira que pola falta de estudos, falta de traballo, ingresos baixos e incertos, falta de instalacións adecuadas para o coidado dos fillos converta o seu papel de pai e nai en case heroico.

— apoiaremos para que as amas de casa sexan recoñecidas como poboación activa, con dereitos sociais.

— apoiaremos-la decisión de toda muller a ser nai.

— queremos que se incorpore o concepto de *coidado* a enfermos e vellos como actividade necesaria á vida colectiva, e non case exclusiva das mulleres.

#### *2.4. No nivel político*

a) Cuestiona-la democracia formal e tratar de convertela en real participando no tecido social.

b) Esforzarnos en incorporar masivamente as mulleres ás decisións políticas, ós asuntos colectivos, como medio de introducir novos valores, distintas prioridades e novas formas de manexar a política

#### *2.5. No nivel relixioso*

a) Defenderemos unha Igrexa popular como medio de cohesión e resistencia, de socialización e liberdade integral.

b) Animarémonos a vivir a fe en comunidades populares como instancias de reflexión teolóxica liberadora, celebración encarnada e compromiso co pobo.

c) Esixiremos unha maior participación da muller en particular e dos laicos en xeral.

d) Denunciaremos tantas violacións dos dereitos humanos que dentro da igrexa sofren as mulleres.

e) Defenderemos unha nova imaxe de Deus expresada tamén a través de símbolos femininos.

**Asociación de Mulleres *DORNA***

*Traduciu Engracia Vidal*

# Arrastrándose...

Por Agustín DÍAZ

*Os cenáculos políticos de Madrid e tódolos tertulianos da vila e corte quedaron impresionados. O señor Fraga Iribarne, o único don Manuel da vida política española, acababa de proclamar urbi et orbi que volvería a ser candidato á presidencia da Xunta de Galicia; e aínda máis, engadía que estaba disposto a seguir loitando por ese posto mentres puidese, aínda que fose arrastrándose. E isto último xa lles parecía demasiado... Coñecido o espírito de loita do personaxe, non cabe dudar das súas intencións, pero seguramente a emoción do momento levou a súa lingua ata máis aló do seu pensamento. Se os seus máis incondicionais admiradores soñan con que as cousas sucedan así, todos lle recoñecen tamén a capacidade de saber deixar paso a outras persoas: así o demostrou en dúas ocasións á fronte do seu partido en Madrid, cun soado fracaso, na primeira ocasión, e co éxito que hoxe perdura, no segundo intento.*

Esas emocionadas palabras parecían se-la segunda parte das pronunciadas na celebración dos dez anos da chegada de José María Aznar á súa segunda sucesión na cabeza do partido. Manuel Fraga dirixíase naquela ocasión o recente gran triunfador das eleccións, para invitalo ardentemente a esquece-la

promesa que fixera no seu día, de non optar a un terceiro mandato no goberno.

Estas proclamas do presidente-fundador chocan coa reiterada consigna de renovación que pregoan os seus continuadores na dirección do Partido Popular. Os mesmos que veñen reclamando –e



conseguindo en boa medida— cambios nos cadros dirixentes do propio Partido Popular de Galicia e dos seus cargos institucionais.

### **Novo goberno**

O segundo goberno de José María Aznar cumpriu a fondo a consigna de renovación. Nesta ocasión o presidente non dependía de ningún elemento político exterior e tiña perfectamente controlada a organización interna do propio partido. Así puido deixar fóra a ministros moi queimados, como Matutes, Arias-Salgado, Romay, Mariscal de Gante, Isabel Tocino; cambiar ao utros de posto, como Piqué ou Posada, ou o propio Álvarez Cascos, milagrosamente *repescado*, aínda que rebaixado de categoría.

Destaca, neste contexto, a promoción do máximo protagonista da campaña electoral, Mariano Rajoy, sobre todo por contraste con Rodrigo Rato, que perde mesmo algunhas competencias. Entre as novas incorporacións merecen citarse ministras como a ex *esquerdosa* alcaldesa de Málaga Celia Villalobos (en Sanidade), ou a responsable do novo ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, Ana Birulés, ou a de Educación, Pilar Castillo, que fora xa ministra *in pectore* no 96, pero non aceptara que a dedicasen a Medio Ambiente. Tamén hai que lembrar a Federico Trillo, en Defensa, e mailo galego de orixe Pío Cabanillas.

En resumo, aumenta en dous o número de ministros; só tres seguen nos mesmos postos, cinco cambian de ministerio e oito son novos no goberno: toda unha revolución. E por outra parte as sorpresas son máis pola novidade ca por unha presunta falta de adecuación co posto, por máis que Trillo parece destinado a Xustiza e non a Defensa, que non se lle vía especial vocación a Álvarez Cascos para Fomento e que Josep Piqué semellaba queimado polas súas pasadas relacións con De la Rosa.

### **Outras renovacións**

Menos felices semellan outras renovacións en chanzos inferiores, como pode se-lo caso do novo delegado do Goberno en Galicia. E non é que o anterior deixase moi alto o prestixio do posto, senón que non se lle acaban de ve-los méritos ó novo. Efectivamente de Arsenio Fernández de Mesa sábese que levaba moitos anos dando guerra no concello de Ferrol e varias lexislaturas no Congreso, onde se ocupaba sobre todo de asuntos relacionados coa Defensa, maiormente coa principal empresa da súa cidade, a Bazán.

Pero non están tan lonxe as liberdades que se tomara á hora de confecciona-lo seu currículo académico nunha das anteriores convocatorias electorais. Pero, como diría o presidente da Xunta falando

do conselleiro de Cultura, trátase de que sexa un bo xestor e non de que teña os máximos coñecementos na materia relacionada co seu departamento.

Con todo iso en Ferrol hai moita xente –e non só os adversarios do partido no poder– que non comprenden os fundamentos deste nomeamento. Non faltan tampouco os que cren lembra-la figura de Fernández de Mesa nos feros cachorros que nos anos da transición se dedicaban a impoñer nas rúas de Ferrol certas normas de orde que non son precisamente as que lle acaen a un partido de centro.

### **E agora, en provincias e cidades**

O proceso de renovación chega agora, segundo o calendario establecido polo partido no goberno, ás provincias e cidades. Na provincia coruñesa o parto da nova dirección produciu moita dor e se Torres Colomer renunciou a plantar cara fronte a Couceiro foi polo insistente consello da superioridade e prometendo polo baixo que virían outros tempos. O propio ex ministro Romay Beccaría non tivo case nin dereito á palabra no congreso que referendaba a súa sucesión.

En Pontevedra chegaron a un consenso con moita menos dor. Non había ninguén con desexos de morrer por ningunha causa.

Estableceuse así unha directiva presidida por un novo valor, xurdido dun posto secundario nun concello rural. Pero Louzán preside unha executiva na que conviven pesos do volume de Mariano Rajoy e Xosé Cufía, que proclamaron previamente a máis firme alianza e deron por morta unha rivalidade que nunca recoñeceran expresamente.

En Lugo xa anuncian que Francisco Cacharro é quen de compaxina-los postos de concelleiro e presidente da Deputación, cos de senador e presidente provincial; ou sexa, que segue, e que renovará o que lle pareza oportuno a nómina de colaboradores, como xa fixera nas listas do Congreso e Senado. En Ourense seguramente Baltar, que deixou o Senado, manterá os outros postos.

Virá logo o asunto das cidades. En Ferrol o predestinado era Fernández de Mesa e agora haberá que buscar alguén con capacidade de supera-los fortes conflitos. Na Coruña non se prevé conflito, pero o partido é feble, situación semellante á de Pontevedra; en Lugo e Ourense os presidentes provinciais saberán atopar un candidato. Pero en Vigo, unha vez máis, a crise non favoreceu precisamente a unidade.

### **Touriño manda**

Mentres tanto nas filas socialistas e aproveitando o baleiro de

poder en Madrid Emilio Pérez Touriño vai atando cabos. Os resultados das municipais do ano pasado e das xerais deste ano déronlle unha certa marxe de manobra: non foron resultados brillantes, pero supuxeron para-lo proceso de declive electoral. E por outra parte non houbo ninguén que conseguise mentres tanto facerse forte fronte ó secretario xeral.

Os reiterados ex abruptos do alcalde da Coruña non supuxeron, polo menos de momento, unha forte oposición a Pérez Touriño. Francisco Vázquez non foi de presentar unha alternativa no congreso nin no proceso de primarias argallado polo secretario xeral para poñer as súas forzas en orde de combate electoral. E o resto dos cadros socialistas bastante ocupados están en desempeña-los cargos institucionais que ostentan, como para poñerse a argallar alternativas.

O difícil proceso de renovación do PSOE facilitoulle paradoxalmente a tarefa ó secretario xeral galego. Os militantes viven o proceso un tanto desconcertados, pero os seus debates non cuestionan a actividade do PSdeG, no cal o secretario xeral e mailos seus colaboradores máis próximos evitan con esmero verse envoltos na polémica estatal. Ó sumo aproveitan para facer ver que, unha vez máis, Francisco Vázquez ten unha actitude fondamente centralista e pouco autonomista.

## Un ano nos concellos

O alcalde da Coruña volveu nas últimas semanas a cuestionalo pacto municipal que lles permiten ós socialistas gobernar nuns corenta concellos onde non teñen maioría (incluídos Santiago e Lugo) e ós nacionalistas en media ducia, pero contando a Vigo, Ferrol e Pontevedra. É precisamente a situación dos pactos nestas cinco cidades á que deu pé en máis dunha ocasión a diferencias e mesmo polémicas entre as dúas partes.

Se ben en liñas xerais socialistas e nacionalistas reiteraron a súa avaliación positiva ó se cumprir un ano dos novos concellos, as situacións son moi diversas, en función do peso relativo dos dous grupos asociados e da súa propia coherencia interna. Se en Pontevedra os socialistas quedaron moi debilitados polos resultados electorais, en Ferrol unha mellor situación departida tornouse en febleza polas disensións internas. Por iso as diferencias existentes co partido do alcalde non foron a maiores.

En Lugo e Santiago, o claro predominio dos socialistas deixou pouca marxe de manobra ós nacionalistas, que fixeron de tripas corazón e foron compasando a súa política ás pautas marcadas polos respectivos alcaldes.

Onde as cousas foron moito máis complicadas foi en Vigo, concello difícil desde sempre, pero

onde o equilibrio de forzas entre os dous grupos coligados e maila singular personalidade política e humana do candidato socialista fíxolle vivir á corporación numerosos momentos de tensión. Alcalde e *coalcalde* loitaron durante meses polo reparto dos millóns dos orzamentos, en dura competencia con diferentes sectores do propio persoal do concello, maiormente dos bombeiros, que tiveron en vilo a cidade.

### **O porvir do nacionalismo**

A nova configuración do Congreso dos Deputados e a formación dun goberno sen ningunha dependencia dos nacionalistas abre un novo capítulo na política española. Nesta perspectiva a carencia dun grupo parlamentario propio faille ó BNG aínda máis difícil o seu papel de oposición. Moitas das súas iniciativas morren nas propias cámaras parlamentarias, nas que os tres deputados e mailo senador do BNG teñen que loitar case sempre en solitario.

Agora centrarán, sen dúbida, os seus esforzos por mante-la súa primacía dentro da esquerda no Parlamento Galego, soñando cunha perda da maioría absoluta do Partido Popular que a boa marcha xeral da economía e mailo peso político de Fraga Iribarne fan practicamente imposible. A consolidación dunha alternativa nacionalista con pers-

pectivas de futuro ten que empezar desde agora, pero pensando no 2004 ou no 2005. Iso supón clarexar moitas liñas políticas actualmente confusas dentro do nacionalismo e preparar un relevo xeracional que non se ve vir por ningures. Isto é moito máis importante, vai moito máis alá das alternativas ou diferencias conxunturais que poida haber entre as múltiples siglas que conviven no BNG, por moito que as pugnas UPG-Esquerda Nacionalista ou Francisco Rodríguez-Beiras sirvan a cotío de fonte de inspiración para os consabidos cronistas políticos dos nosos diarios.

### **¿Economía ou especulación?**

Cada vez máis, noticias e comentarios de tipo económico enchen as páxinas dos xornais e minutos de emisións nos medios audiovisuais. Agora todos sabemos falar da bolsa, da evolución dos valores tradicionais ou dos tecnolóxicos, dos máis variados índices. Estamos inmersos nunha cultura de economía global e de especulación planetaria. As cotizacións das empresas dependen case exclusivamente da última noticia ou bulo e pouco importa se detrás hai resultados serios ou non. Esta cultura da especulación, que tivo na cotización de *Terra* o seu exemplo máis relevante, está copando as vitrinas dos medios de comunicación e impedíndonos ver por onde vai a

economía real. Habrá que ver en que paran os sonhos de grandeza do señor Villalonga, no seu papel de lobo que come o mundo enteiro. Por iso resulta tanto máis interesante constata-la boa marcha dalgúns proxectos empresariais galegos, como pode se-la operadora de telecomunicacións *R*, ou a consolidación de grupos empresariais *Pescanova*, *Zeneca* ou *FINSA*, mentres o grupo *Tojeiro* prosegue os seus proxectos de longo alcance e *Zara* continúa a súa expansión mundial. Son todos estes outros tantos exemplos de economía real, da que produce bens e servicios concretos e non mera especulación financeira.

### **Galicia mellora**

Dentro das reiteradas proclamas de que España vai ben, cómpre destaca-la coincidencia de diversos estudos que nos últimos tempos achegan indicios favorables de que tamén mellora Galicia. Acabamos de citar diversos exemplos de empresas industriais e de servicios que hoxe despuntan na economía galega. Poderían citarse bastantes máis, como pode se-lo conxunto do sector da construción, ou o subsector da industria do automóbil, liderado pola boa marcha da Citroën de Vigo. Curiosamente tamén o sector agrícola está presentando ultimamente resultados favorables. Esperemos que o cambio de ten-

dencia sexa neste caso duradeiro ese consolide no futuro. Probablemente estea tocando fondo o longo e doloroso proceso de salvaxe reconversión, que botou fóra do sector nos vinte últimos anos a máis da metade das persoas nel ocupadas. Aínda hai un exceso de poboación ocupada na agricultura, pero case todas son persoas xa en situación de xubilación ou que teñen unha ocupación principal fóra do sector. Aínda falta un importante impulso a esta melloría, o completa-las comunicacións co conxunto da península: completa-las autovías do Noroeste e do Cantábrico, acometer dunha vez as vías rápidas de ferrocarril con Valladolid e Porto. E desenvolver a fondo, de inmediato, as novas tecnoloxías da comunicación, que non coñecen distancias de tempo nin lugar.

### **Segue o terrorismo**

O recomezo do terrible terrorismo en Euskadi, que ademais do imperdoable custo en vidas humanas está rebentando a vida social e política de todo un pobo, tivo tamén un eco sanguento na nosa terra. Xa estabamos afeitos a que non se falase máis do GRAPO, cando volve a reaparecer en Vigo, co seu característico regueiro de sangue inocente. Desgraciadamente a sociedade moderna ten moi poucos medios eficaces para acabar coa

violencia terrorista. Pero o que nunca poderemos facer como cidadáns é resignarnos a unha situación deste tipo. Felizmente entre nós este tipo de conductas non ten arraigo e cando se produce un feito deste tipo a colaboración cidadá permite, polo menos, identificar rapidamente os asasinados, que de tódolos xeitos saben que non contan aquí con ningún tipo de complicidade. Este é, precisamente, un dos aspectos máis dolorosos do terrorismo de Euska-

di, o relativamente amplo apoio social que o sustenta ou a falta de coraxe para afrontalo en diversos sectores sociais e políticos. E neste aspecto a situación actual semella peor que a existente antes da declaración da tregua de ETA, en canto agora se afonda a división entre os sectores políticos democráticos, nunha eterna polémica entre nacionalistas e non nacionalistas.

**Agustín DÍAZ**

### Nota da Redacción

No número anterior, por un erro informático, non apareceu o fragmento final do artigo de Domiciano Fernández, que reproducimos a continuación: “Non é Deus, non é Xesús Cristo quen impón condicións difíciles. Somos os homes os que puxemos obstáculos e dificultades para recibir o perdón e a paz. Non nos referimos ás esixencias lexítimas do perdón, como son a *conversión*, o arrepentimento sincero e o perdoar os pecados, senón ás adicións que dificultan o perdón sacramental e non son inherentes ó sacramento nin impostos por Deus”.

# 1963: Aquel primeiro *Día das Letras Galegas*

Por Xoán BERNÁRDEZ VILAR

O pasado 17 de maio conmemorouse a XXXVIII edición do *Día das Letras Galegas*, algo moi íntimo, querido, e celebrado en todo o país, ata mesmo polos máis reticentes. Quizais porque, no fondo, todos somos conscientes de que o pobo que esquece a súa lingua é un pobo morto. E Galicia resístese a morrer. Entidades, institucións, institutos, colexios, escolas, agrupacións de veciños e culturais, editoriais, librerías... celebraron por todo o alto a data, non só na nosa terra senón tamén no Bierzo, e mesmo en Trincherpe, en Euscadi. Escritores, profesores e conferenciantes tiveron que se multiplicar para poder acudir a cada recuncho

e cubrir máis dunha semana de actos conmemorativos. Houbo ata concentracións políticas e unha carreira en defensa da lingua.

Mais non sempre foi así. Houbo un tempo non excesivamente distante no que as nosas letras non eran obxecto de ningunha clase de fastos, ou no que nin sequera existía a Día das Letras Galegas. E isto foi así ata o gozoso momento no que, por iniciativa do hoxe Presidente da Real Academia, Paco del Riego, se elixiu no ano 1963, centenario da publicación en Vigo da obra *Cantares Gallegos*, de Rosalía, a data do 17 de maio para conmemorar o Primeiro Día das Letras Galegas.

Varias iniciativas institucionais, diversos artigos, tímidos comentarios na maioría dos medios de comunicación, e algunhas librerías que se atreveron a montar tenderetes nalgunhas rúas para vender libros con desconto, foron algunhas das iniciativas máis salientables daquel histórico momento. Mesmo a Asociación Cultural *O Facho*, da Coruña, decidiu fallar naquel día o seu habitual *Concurso de Contos para Nenos*. Mais houbo, así mesmo, outras actuacións.

E lembro particularmente unha delas. Eu era daquela tesoureira da Asociación Cultural de Vigo, entón dedicada por enteiro á catálise da nosa cultura. O anuncio do novo acontecemento fixo que lle propuxera á Directiva a celebración dunha Ofrenda Floral. A primeira chata que me puxeron foi a de que en Vigo non había ningunha estatua de Rosalía, a quen se lle dedicaba o día aquel ano. Como é natural defendínme lembrándolles que, aínda así, a cidade contaba con algo moi representativo, como era o monumento a un dos máis antigos e universais dos nosos poetas: Martín Códax.

A decisión presentábase difícil. Camilo Nogueira, o presidente, dubidaba. Tiña medo ó fracaso. Méndez Ferrín, dubidaba tamén. Estabamos en pleno esplendor do Réxime, e resultaba practicamente imposible predicir o que podía

acontecer. Afortunadamente Serxio Vilamor e Alfonso Álvarez Gándara amosáronse máis animados, e souberon contaxiar os demais. A proposta acabou por ser aceptada, malia a sospeita de que puidese ser que non acudisemos á ofrenda ninguén máis que nós.

Levei persoalmente á Policía a perceptiva petición para que se autorizase o acto, así como os comunicados á prensa viguesa. E agardei. Non podía facer outra cousa. O día 17 pola mañá advertín con satisfacción que os xornais publicaban o comunicado nas páxinas de información local, a dúas columnas, moi próximo ás pequenas glosas que lle dedicaban á conmemoración. Era un bo comezo.

O monumento a Martín Códax está no Castro: trátase dun enorme pelouro do monte no que fora gravado un dos seus poemas. O pelouro está no medio dun estanque, na rotonda do seu nome, e esta pendurada sobre a cidade e a ría, trazada entre os outeiros de Coruxo, ó sur, e o escuro perfil do Morrazo, ó norte. Ó fondo Toralla e as illas Sías, fechaban a excepcional paisaxe.

Non estou demasiado seguro, mais coido lembrar que o acto estaba programado para a unha da tarde. O que si podó asegurar é que saín do traballo unha hora antes. Había un sol algareiro e relucente no ceo. Mentres subía principiei a



notar que o tráfico, cousa estraña naquel lugar e á aquela hora, parecía máis denso e mesto que de costume. Xa no alto do monte, as dificultades aumentaron, a pesar de que, cousa estraña tamén, había varios gardas dirixindo a circulación. “Qué demos está a pasar aquí?”, pregunteime.

Aparquei como puideron nas inmediacións do castelo que coroa o Castro, e fiquei sorprendido. Na rotonda do Restaurante, no alto das murallas, e no paseo e os accesos á rotonda de Martín Códax había moita xente. Unha cantidade enorme. E non se trataba dos paseantes habituais, senón de persoas que acudían ó acto. Resultoume sumamente difícil achegarme ó monumento, onde se atopaba xa o resto da Directiva.

Alfonso Álvarez Gándara, actualmente Decano do Colexio de Avogados, improvisou entón as palabras necesarias para resaltar axeitadamente aquela efeméride, autenticamente emblemática xa. Teño que dicir, que non prevíramos nada semellante. E como é persoa que sabe realmente expresarse, caeron moi ben na audiencia, polo menos entre aqueles ós que a súa voz puido chegar. Logo a súa esposa, daquela moza del aínda, muller elegante, e de acusada feminidade, lucindo a súa longa cascada de louros cabelos, encargouse de depositar diante do monolito, con

moita parsimonia e cerimonial, o humildísimo ramo de flores que eu mercara unha hora antes.

Ó día seguinte, os xornais ofreceron reportaxes gráficas da cerimonia. O máis importante de todo, sen embargo, fora que a cidadanía resultara moito máis receptiva do que nin o máis optimista chegara a imaxinar, e que o obxectivo resultara sobradamente cumprido.

### Artes plásticas

*O Padroado Curros Enríquez* concedeuulle o premio *Celanova, Casa dos Poetas* ó pintor e ilustrador ourensán Xaime Quessada, un dos máis destacados e galardoados de Galicia. A cerimonia da entrega terá lugar o vindeiro día 31 de Agosto.

Inaugurouse en Allariz o *Museo Iconográfico*, inicialmente con pezas doadas polo médico allaricense, residente en Andalucía, Aser Seara, ás que se irán sumando outras.

*Caixavigo e Ourense* ven de convocar a IV edición da *Bienal de Gravado Xulio Prieto Nespereira*. Os concursantes non poderán presentar máis que dúas obras, inéditas e orixinais. Os premios serán de un millón, e de medio millón de pesetas, respectivamente, finalizando o prazo de participación o vindeiro 31 de agosto.

### **Audiovisual**

O grupo *Luar na lubre*, nacido hai 14 anos na Coruña, resultou o auténtico protagonista da gala dos Premios da Música outorgados o pasado mes de Abril pola Sociedade Xeral de Autores e a Asociación de Intérpretes e Executantes. A súa obra *Cabo do Mundo* foi considerada como o mellor traballo discográfico, no apartado de novas músicas, mentres que *Chove en Santiago*, como a mellor cantiga en galego.

A compañía *Sons Galiza* ven de convocar unha nova edición do seu certame para música folk galega. Os participantes deberán enviar unha casete con catro temas antes do próximo día 5 de xullo á compañía, San Salvador de Muxa s/n, 27192, Lugo. O premio será a gravación dun disco longo, mentres que ós finalistas editaráselle un disco compacto conxunto con tres pezas de cada un.

### **Cine e teatro**

O filme *Arde Amor*, de Raúl Veiga, recibiu o premio á mellor película estranxeira no Bare Bones Film Festival de Oklahoma, (Estados Unidos).

*Sei quen es*, fita de sorprendente calidade dirixida por Patricia Ferreira, recibiu o premio á mellor dirección novel no Festival internacional de cine de Las Palmas de

Gran Canaria. Unha distinción que se ven sumar ó premio que xa lle concedera o público no Festival de Lleida e que estivo a piques de obter tamén en Berlín.

Cunha xira polas principais vilas de Galicia e do Norte de Portugal, o Centro Dramático Galego acaba de sorprendernos gratamente coa súa representación de *A burla do galo*. Trátase dunha fascinante e case increíble obra de Roberto Vidal Bolaño, moderna, irónica, profunda, e chea de suxestións, excepcionalmente posta en escena e non menos excepcionalmente interpretada.

### **Congresos, comunicacións**

Acéfala a Asociación de Escritores en Lingua Galega dende a morte de Uxío Novoneira, o pasado mes de abril foi confirmado como presidente da mesma Carlos Mella, que viña cubrindo xa o baleiro de xeito provisorio.

### **Decesos**

O pasado 24 de marzo finou en Rianxo, vila da que era Filla Predilecta, Teresa Castelao, irmá do intelectual e político Alfonso Castelao. A extinta estaba a piques de cumprir 101 anos de idade, e consagrara a súa vida a protexer a lembranza e a obra do seu irmán. Asistiu unha multitude de amigos,

xente do pobo, diversos autores e políticos, e representacións da Real Academia, e das institucións públicas e políticas do país.

O 21 de abril abandonounos Fernando Pereira Caamaño, antigo emigrante en Montevideo ligado ó *Padroado da Cultura Galega* desta cidade e da súa emisión radial *Sempre en Galiza*. Retornado ó país a finais dos anos 70, abriu unha librería en Vigo, e foi despois alcalde durante tres lexislaturas do seu Concello nativo, Soutomaior.

Baixo a súa presidencia Soutomaior converteuse no primeiro concello en adoptar a nosa lingua como oficial. Fernando Pereira ergueu tamén nel obradoiros, casas da cultura e bibliotecas, practicando unha ordenación racional do seu territorio. Foi soterrado no cemiterio de Arcade na presenza de varios miles de veciños e figuras de tódolos eidos da cultura.

Tamén no mes abril, desapareceu un destacado autor da literatura castelá: Antonio Buero Vallejo. Nado en Guadalajara en 1916, estudou na *Escuela de Bellas Artes* de Madrid. No ano 1939 sería condenado a morte, conmutada logo por cadea perpetua, para obter por último a liberdade condicional. Emporiso sería o dramaturgo máis galardoado e de maior proxección de todo o estado mentres viviu. As súas obras,

que deben ser lidas entre liñas, afondan sempre na loita do home para vencer a angustia que lle produce a mediocridade da súa vida cotián.

### **Etnografía**

Tense dito que en Galicia non hai pinturas rupestres. Ningún texto fala ou se ocupa da existencia entre nós de obras da calidade e a grandiosidade das de Lascaux, Altamira, Tito Bustillo, etc... Mais hainas. As pinturas galegas foron estampadas en lugares moito menos protexidos que os indicados, como son rochas e dolmens, polo que moitas son xa a penas perceptibles. As que aínda se conservan amosan unha paleta pouco ampla, nas que se utilizou o óxido de ferro e o cinabrio para o vermello, e o carbón vexetal para os tons escuros, e son tamén moito máis recentes cás famosas, calculándose nada máis que uns 7000 anos de antigüidade. Pois ben, respecto das 17 pinturas aínda existentes na nosa terra acaba de alertarnos recentemente o profesor de prehistoria Ramón Fábregas, ó advertir que se atopan seriamente ameazadas pola contaminación. Urxen, pois, medidas necesarias para salvar esta riqueza artística.

O Concello de Pontevedra ven de publicar un *Roteiro* que marca os once lugares da mesma máis estreitamente relacionados coa fi-

gura de Castelao, a quen está dedicado o ano 2000. Castelao, non o esquezamos, escribira en 1947: “Escollín a Pontevedra para vivir e morrer, e se tal programa non chega a cumprirse non será certamente por culpa miña”.

O *Museo da Limia*, con fondos subministrados polos veciños de Vilar de Santos, e convertido no lugar de encontro social para toda a poboación, foi distinguido pola *Asociación de Museólogos de España*. Este *Museo da Limia* ten só catro anos de vida pero amosa nada menos que 700 pezas, algunhas só en depósito, relacionadas co traballo agrícola, a forxa, os canteiros, ou o liño. Persoas que traballaron nestes oficios encárganse de ilustrar os visitantes nos segredos dos mesmos. O Museo conta tamén cunha escola de danza, e cun obradoiro de liño.

O Museo do monte Santa Trega, na Guarda, creado no ano 1914 para salvagardar os tesouros atopados na Citania e no monte, acaba de recuperar 21 das súas pezas, levadas hai preto de dez anos por un temerario investigador, sen recibo. As pescudas de dous concelleiros foron as que permitiron a recuperación deste importante patrimonio.

Organizados polo Concello da vila olívica, entre o 16 e o 25 de xullo próximos, vanse celebrar en distintos puntos da cidade de Vigo

diversos actos destinados a achegar o folclore popular ós veciños.

Co apoio da Facultade de Humanidades da Universidade viguesa, tivo lugar no Carballiño o *II Congreso de Estudos Chamoso Lamas*, baixo o lema *O home e o medio: O Patrimonio cara ó novo milenio*. Asistiron arredor de 250 universitarios galegos, leoneses e do norte de Portugal. É dicir, da antiga *Gallaecia*.

Baiona a Real ven de conmemorar por todo o alto o 507 aniversario da arribada ás súas augas da carabela *Pinta*, ó seu retorno do Descubrimento no Novo Continente. A *Pinta* estaba capitaneada por Martín Alonso Pinzón, e o seu piloto era o miñorán Cristóbal García Sarmiento. Isto acontecía o día primeiro de marzo do ano 1493. Con este motivo a vila vestiuse de Idade Media, engalanouse con motivos históricos, e celebrou diversos actos culturais, con salvas, pregóns, lecturas de Reais Provisións, Cédulas e Alcabalas recibidas pola Vila, talleres artesáns, ofrendas florais, mercado de época, poxa de antigüidades, teatro ó aire libre, e ata a reprodución do desembarque da tripulación da carabela. Todo isto con acompañamento de bandas de música e de Gaitas. E aínda que se volveu dicir que Baiona foi o primeiro lugar do vello continente que soubo da Descuberta, convén

puntualizar que non foi exactamente así. Pois, se ben, Colón non chegaría a Lisboa ata tres días despois, a realidade constatable é que do descubrimento souberon antes as xentes das europeas illas Azores, nas que estivera Colón os días 18 a 24 do mes de febreiro anterior.

As dez comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago acaban de convocar os arquitectos das mesmas a un concurso de ideas para renovar os sinais da rota Xacobeá, na actualidade un tanto anacrónicas, desactualizadas, de difícil interpretación, ou mesmo diferentes en cada lugar, o que converte o Camiño nun auténtico desafío á capacidade mental dos peregrinos para non se trabucar de ruta. Búscanse propostas para bancos, mesas, fontes, contedores de lixo, parasoles, pavimento, e letreiros de información.

### As letras

Baixo a dirección de Ana Suárez e Antonio Balboa, ambos doutores en Historia, acaba de nacer unha nova editorial: *Lóstrego*. A súa primeira colección leva o título de *O saber no peto*, sendo os seus primeiros títulos: *Os Celtas*, *As relixións do mundo*, *As festas rituais de Galiza*, *A música Rock*, *As Olimpíadas...* Títulos sumamente suxestivos que nos indican con claridade as metas e as angueiras

desta editorial de cara a un mundo tan importante e decisivo como é o da cultura e do coñecemento, en xeral absolutamente esquecido por outras editoriais. A nosa máis cordial felicitación por esta iniciativa.

A *Asociación Española de Críticos Literarios* ven de conceder os Premios da Crítica a Xosé Luís Méndez Ferrín, pola súa obra *No ventre do silencio*, e a Manuel Álvarez Torneiro, polo seu libro de poemas *Luz de Facer memoria*. Os autores premiados nas demais linguas do Estado foron: Luís Mateo Díez, por *La ruína del cielo*, Valentí Puig por *Maniobres privadas* e Lourdes Oñederra por *Eta emakumeari sugeak esanzion*. En poesía: *Verano inglés* de Guillermo Carnero, *Cor meu, el mon*, de Jordi Sarsanedas, e *Ibaia euri erasotan bezala*, de José Luís Padrón.

Henrique Monteagudo, pola súa *Historia Social da Lingua Galega* e Xosé Fernández Ferreiro, coa novela *O atentado*, resultaron os gañadores da XV edición do *Premio Losada Diéguez*, que convoca o Concello de Boborás (Ourense).

Xosé Vázquez Pintor, en narrativa, e Xoán Carlos Lagares Díez, en investigación lingüística, resultaron vencedores no último *Premio Carvalho Calero* convocado polo Concello do Ferrol.

Así mesmo o tudense Eduardo González Solleiro, de 18 anos de

idade, resultou gañador do XVIII Certame Literario Minerva, coa súa obra *A casiña de bonecas*. O segundo e terceiro premios foron para a ourensá Beatriz Lorenzo López, por *A Perla*, e para o tamén tudense Samuel Solleiro González, por *Fantastía con espellos número 1*. En poesía os galardoados foron, Tania García Ruibal, de Bueu, por *Ta*, Lucía Aldao Sánchez, da Coruña, por *Poemas dende o chan*, e Carolina Alba Castro Estévez, de Compostela, por *Sereas de outubro*.

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, foi galardoada co *Premio das Letras e as Artes* a escritora ourensá Pura Vázquez. Esta, nacida no ano 1918, foi mestra en Venezuela e secretaria da Escola de Xornalismo deste país, pasando en 1949 a membro correspondente da Real Academia Galega. Poetisa, autora dramática e de contos para nenos, Pura Vázquez é tamén a primeira muller que recibe este premio.

O pasado día 20 de maio tivo lugar en Vigo a XXIII edición dos *Premios da Crítica*. Na modalidade de ensaio, a distinción recaeu en Luís Álvarez Pousa polo seu libro *A identidade fronte á Rede*. Na correspondente a investigación foi galardoado Román Rodríguez González, autor de *De aldeas e cidades*. Na de música o galardón recaeu na gravación do *Codex Calixtinus* efectuada polo coro Ultreia. No

apartado de ciencias e artes da representación, elixiuse a *Caixavigo e Ourense*, pola súa aposta cultural das últimas décadas. O premio ás iniciativas culturais foi para a *Aula Castelao* de Pontevedra, organizadora dende hai 17 anos da *Semana Galega de Filosofía*. Por último, e no apartado de creación literaria, foi distinguido Bieito Iglesias, autor de *O mellor francés de Barcelona*, unha colección de relatos.

Foron entregados tamén os premios de relatos *Costa da Morte*, organizados polos Equipos de Normalización Lingüística da zona. No primeiro nivel os gañadores foron, Laura Canosa, de Cee, Sabela Ramos, tamén de Cee, Rocío Suárez, de Malpica, e Carmen Marina Vidal de Zas-Baio.

Manuel Forcadela ven de gañar o *VIII Premio Aula de Poesía de Barcelona*, coa súa obra *Refutación de Musa*. Presentáronse 450 libros de poemas en galego, castelán, catalán, portugués e italiano. A obra do galardoado será publicada nos cinco países.

### Novas en xeral

O concello vigués ven de convocar o premio á *Mellor Acción Publicitaria* en galego, dirixido a todas as campañas que se fagan na nosa fala ó longo do presente ano. O fallo darase a coñecer o 26 de xaneiro do próximo ano, festa dos

publicistas. Preténdese con el potenciar a presenza do galego nos medios de comunicación, na actualidade reducida a unha presenza a penas testemuñal do 4%.

### **Varia**

A Casa das Ciencias da Coruña convoca os seus *Premios de Divulgación Científica* nas modalidades de vídeo, traballos en soporte informático, e traballos xornalísticos, con dotacións de dous e un millón de pesetas. O prazo de admisión dos mesmos rematará o 31 de agosto. Máis información no teléfono 981 27 18 28.

A Sociedade *Valle Inclán* do Ferrol e a Fundación Caixa Galicia, veñen de convocar a *XX edición do Premio Esquío de Poesía*. A súa dotación será de 1.500.000 pesetas, cun *accessit* de 250.000. O tema será libre e a extensión dun mínimo de cincocentos versos, inéditos. Deberán de se presentar por cuadruplicado, a dous espazos, e con plica, antes do 31 de xullo próximo.

O próximo día 31 de agosto remata o prazo de presentación de orixinais para o "*VIII Premio Manuel Lueiro Rey*" de novela curta, convocado polo Concello do Grove e Sotelo Blanco Edicións. Os orixinais deberán de presentarse no propio Concello, por quintuplicado, cun mínimo de 60 páxinas e un máximo de 120.

A *Fundación Caixagalicia* convoca o seu *XIII Premio de Narracións Xuventís Rúa Nova*, para traballos en galego ou castelán. Os participantes non poderán ter cumpridos 18 anos o vindeiro 16 de novembro. O prazo de presentación rematará o 16 de outubro. Máis información no teléfono 981 58 44 36.

O pasado 25 de xuño foille entregado ó profesor Xesús Alonso Montero, na actualidade profesor emérito da Universidade de Santiago, o *Premio Trasalba 2000*, concedido pola *Fundación Otero Pedrayo*. Esta valorou a longa dedicación do profesor na defensa da fala e a cultura galegas desde as máis diversas tribunas, tanto na cátedra como pola súa abondosa obra de ensaísta e investigador.

O 25 de marzo cumpríronse 10 anos do pasamento de Ricardo Carvalho Calero, profesor, lingüista, poeta, investigador, ensaísta, e narrador destacado. Con este motivo celebráronse representacións teatrais da súa obra, así como diversos actos académicos e mesas redondas, especialmente en Compostela e Vigo. E anúnciase xa para o mes de novembro un Simposio sobre a súa figura na Universidade da Coruña. Mais, antes, posiblemente ó mesmo tempo que este número de *Encrucillada*, aparecerá nas librerías unha monumental obra conxunta na que arredor de cen

autores homenaxean a este desaparecido home de letras.

A VI Edición dos premios *Lois Peña Novo* en favor da normalización do idioma, acaban de serlle concedidos ós xuíces da Audiencia de Pontevedra, Xosé Xoán Barreiro Pardo, Luciano Varela e Xoán

Manuel Alfaya, polas súas sentencias e resolucións na nosa lingua. Foron, así mesmo, distinguidos con senllos premios o Colexio de Avogados de Ourense, o Servizo de Normalización lingüística da Universidade de Vigo, e o Concello de Allariz.

**Xoán BERNÁRDEZ VILAR**





# Pedriñas evanxélicas para botar abaixo un sistema inxusto

Por Victorino PÉREZ PRIETO

*No necesario, unidade;  
no discutible, liberdade;  
en todo, caridade.*

Santo Agostiño

A historia de David vencendo a Goliat cunha pedriña, quedou na Biblia como a imaxe dun Deus que está de parte dos febles, e fai que o imposible poida ser realidade. O Goliat moderno é o capitalismo liberal co seu invento da globalización. Gustavo Gutiérrez recordábanos días pasados que “a globalización é fascinante para uns poucos e cruel para a maioría”, cómprenos volver á utopía bíblica de David, sabendo que podemos vencer o xigante da economía neoliberal cunhas pedriñas utilizadas sabiamente. Esas pedriñas están no Evanxeo; o teólogo peruano invitábanos a dar con elas para *ver, escoitar, acompañar e compartir* cos pobres como Xesús de Nazaret, sabendo situarnos, coma el, na perspectiva adecuada. Atoparanse nesta *Rolda*, coma sempre, algunhas pedriñas concretas da Igrexa de base, que non quere ser cómplice do sistema.

## Igrexa en Galicia

A **Asemblea de Crentes Galegos** xuntouse a primeiros de maio no Monte do Gozo, nunha convocatoria que xa facía o número quince. O tema para debater e sacar conclusións foi “Esixencias do compromiso cristián”. Eu lembraba con eles os comezos, nos que tiven a sorte de participar. O traballo do día empezaba compartindo os froitos dun cuestionario previo, para chegar a unha reflexión sobre a realidade presente e uns compromisos de acción que manteñan a esperanza: Fronte ao neoliberalismo, compre manter aceso o facho da utopía e seguir a participar nas organizacións sociais e nas estruturas eclesiais. Estiveron moi presentes as palabras de Casáldaga: “Solidariedade eficaz, *versus* Individualismo corrosivo... Afirmación cultural, *versus* Idolatría da globalización”.

As comunidades cristiás celebraron con solemnidade a finais de marzo o **XX Cabodano de Óscar Romero**, cunha “Misa Campesíña Nicaragua” na igrexa das Capuchinas da Coruña... en galego, como compre aquí. Concelebraron Manuel Espiña, o salesiano Xavier Blanco e o xesuíta Xaime García Agudín. “Tódolos grupos de cristiáns galegos estaban presentes na Eucaristía”, coméntanos gozoso Anuncio Maroño. Tódalas revistas relixiosas se

fixeron eco deste importante aniversario; particularmente a prestixiosa revista italiana de información relixiosa *Adista* dedica a meirande parte do seu n.º 29 (15 abril) ó bispo mártir.

Anuncio deunos tamén noticia da homenaxe que se lle fixo na Coruña ós militantes recentemente falecidos en accidente de tráfico en Perú, o avogado **Enrique Aller** e a enfermeira **Menchu Arteche**. Organizou o acto *Solidariedade Internacional Galega*.

Estivo tamén en Galicia, dando conferencias en distintas cidades, a coñecida periodista, escritora e militante cristiá **María López Vigil**, especialista en temas de Latinoamérica e moi coñecedora de Monseñor Romero e o seu legado.

En abril houbo varios **encontros de xente de Somos Igrexa** de Ferrol e A Coruña cos compañeiros que levan a coordinación da plataforma no estado, Emilia Robles e Javier Malagón.

E un feito especialmente salientable foi tamén o **IX Congreso Xustiza e Paz**, celebrado en Vigo a finais de Abril. O lema era “Xustiza e paz sementes de esperanza. Os cristiáns ante a globalización”, e estaba organizado polo *Colectivo Verapaz* e comunidades dominicanas. Participaron tres coñecidos teólogos galegos

(Chao Rego, Julio Lois e Torres Queiruga); poñendo magnificamente o broche de ouro **Gustavo Gutiérrez**, o pai dos teólogos da liberación.

### Santiago

A diocese compostelá ven de estreir a **edición electrónica do seu boletín *O Adro*** ([www.archi-compostela.org/adro](http://www.archi-compostela.org/adro)) que ampliou en catro páxinas a edición en papel.

Froito das conferencias e a exposición con ocasión do centenario de Quiroga Palacios, creouse a ***Cátedra Cardeal Quiroga Palacios*** dentro do ITC (Instituto Teolóxico Compostelano), co fin de “manter viva a memoria do Cardeal... recordar e difundir a súas ensinanzas e destacar o seu compromiso coas xentes e a cultura galega”.

A primeiros de Abril houbo o curso de Liturxia ***Celebrar a Misa dominical***, a cargo de Antonio Alcalde, cura de Madrid. Máis interesante semellou ser o ciclo de conferencias ***A Biblia, un libro para o 2000***, organizado a primeiros de maio polo ITC en colaboración coa Delegación de Ecumenismo. Participaron o escriturista da U.P. de Salamanca Sánchez Caro e o director do Instituto Ecuménico Juan XXIII, tamén desta universidade, xunto co escriturista do ITC J.A. González. Con esta

ocasión houbo tamén no devandito centro unha mostra-exposición de Biblias antigas.

Na Coruña tiveron a finais de marzo unha ***Semana da Encarnación***, con gran asistencia e participación de público. Foi organizada polos xesuítas do Centro Fonseca. Falaron de temas de Cristoloxía: Torres Queiruga, Modesto Vázquez, Xosé Ramón Busto e Xosé Luís Blanco Vega. Na mesma igrexa dos xesuítas, na que foron as conferencias, proxectouse tamén unha das máis orixinais películas sobre Xesús de Nazaret: *Xesús de Montreal*. O mesmo Centro Fonseca ten en perspectiva outra semana complementaria a esta para novembro: *Xesús no cine*, coa proxección de tres películas e conferencias sobre Xesús Cristo e o diálogo interreligioso.

### Lugo

Valentín Arias cóntanos que continúan os **xubileos**, coas súas colectas para unha casa de acollida para drogadictos e familias necesitadas. E os mozos parece que tiveron un bo protagonismo na peregrinación ao Cebreiro desde Pedrafita, xuntándose 130. Estes celebraron tamén o **XXXI Festival da Canción Misioneira**, con fase galega en Pontevedra e estatal en Murcia.

**Juan M. Laboa falou en Lugo para curas e leigos** de que se aveciñaba un cambio grande na Igrexa no espacio de cinco anos, con moito mais protagonismo dos leigos e meirande incorporación da muller á vida eclesial. Recoñeceu que a Igrexa ía detrás da sociedade en ritmo de actividade e actualización; e que había que saber aceptar as críticas, pero tamén saber facer ver o que se facía ben.

### Ferrol

No capítulo dos correspondentes **xubileos diocesanos**, un deles foi o dos curas, no día do seu padroeiro, San Xoán de Ávila. Ademais da Misa chea de clérigos na catedral mindoniense, aproveitouse para homenaxear e coñecer mellor a Quiroga Palacios –que foi máis de tres anos bispo desta diocese– cunha conferencia de Mínguez Goyanes.

Caritas Diocesana trouxo a **Julián del Olmo**, responsable do departamento de comunicación de Caritas Española, para presentar a nova cara da revista e falar da comunicación na Igrexa.

E a **HOAC organizou unha interesante mesa redonda** co tema que este ano presidiu as celebracións do primeiro de maio: *A saúde e o traballo. Por un traballo sen vítimas*. Para informar, reflexionar e apuntar solucións ante

un problema que clama ó ceo (o incremento dos accidentes de traballo), participaron: un coñecido líder sindical (Mario Bouza), unha avogada profesora da U. de A Coruña (Asunción López) e un teólogo (este que escribe).

### Ourense

O noso correspondente destaca dous feitos nestes últimos meses da igrexa ourensá. O primeiro é a recién inaugurada **páxina diocesana en Internet** ([www.diocesisourense.com](http://www.diocesisourense.com)), posiblemente demasiado centrada no bispo, na catedral e delegacións. Vense sumar ás de Vigo e Lugo.

O segundo é a **procesión de Fátima**, feito que Xosé Manuel Domínguez nos conta e valora así: “Máis que cando gaña un equipo de fútbol, máis que en calisquera outra convocatoria pública, relixiosa ou non en Ourense, a cidade paralizouse por unha inmensa enxurrada humana na procesión de Fátima. Resulta rechamante a distancia entre a abondosidade e vizosidade destas manifestacións e a case nula participación da xente nas tarefas eclesiais. ¿Relixiosidade adurmiñada? ¿Incapacidade da Igrexa para conectar?”

### Vigo

**O Seminario Diocesano cumpre cento cincuenta anos** de

andaina. Desde o Día do Seminario (19 de marzo) ó día do aniversario da súa Consagración ó Sagrado Corazón, sendo bispo de Tui Lago González (13 de maio), celebráronse diferentes actividades conmemorativas: Unha exposición en Tui, unha xuntanza dos curas no aniversario da Consagración, e unha xornada para antigos alumnos, leigos incluídos.

O noso correspondente coméntanos tamén que o Día do Seminario tivo unha acollida moi boa nos Medios de Comunicación, polo que compre felicitar ós responsables diocesanos. Pero non deixa de subliñarnos acertadamente que sería mellor presentar a mensaxe en positivo, non insistir tanto na falta de vocacións, ou nos problemas coa cultura actual para conseguilas.

Postos a mentar éxitos de comunicación, tamén hai que reseñar o do **Xubileo**, as diferentes iniciativas, relixiosas, turístico-relixiosas e solidarias relacionadas en el, están a ter bastante eco nos Medios. A iniciativa de abrir un piso de acollida para reclusos en período de incorporación social está resultando amplamente publicitada e positivamente considerada.

A **Escola de Teoloxía para Leigos da Diocese, Lucerna**, celebrou o día das Letras Galegas viaxando a Allariz. “Foi unha xornada de cultura e de convi-

venia, das que achegan a fe e a sensibilidade da xente de hoxe —coméntanos Santi Avión—; agoiramos que este tipo de iniciativas, aínda que sinxelas, vaian enraizando na nosa Igrexa”.

### **As outras igrexas irmás galegas**

O protestantismo galego xa leva moitos anos entre nós, pero só nas últimas décadas foi atopando unha canle máis libre e axeitada para o seu labor evanxelizador, progresando nunha relación máis normal coa sociedade galega. Comentábame un dos seus pastores, Segundo Navaza, que ultimamente mesmo se están a normalizar as relacións institucionais, sendo recibidos cordialmente polas distintas consellerías e ata polo presidente da Xunta.

Con todo, os protestantes galegos e españois aínda se queixan dunha falta de igualdade no trato das institucións estatais coas confesións cristiás minoritarias, e dunha certa “**xenofobia relixiosa antiprotestante**”, por parte dos medios de comunicación, que adoitan cualificalos indiscriminadamente de “sectas”. A Consellería de Medios de Comunicación de la FEREDE (Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España) enviou recentemente unha dura carta ao director de *La Voz de Asturias*, que publicara unha

reportaxe na que incluía como sectas a respectadas igrexas evanxélicas, entre outros a bautistas e pentecostais. Esta entidade denunciou os feitos con estas palabras: “A Xefatura Superior de Policía láva as súas mans, como Pilatos, ante a crucifixión pública a que foron sometidas as Igrexas evanxélicas asturianas nun dos principais diarios locais, que as meteu no caixón das *sectas destructivas*” (ICPress).

Con motivo do **125 aniversario da primeira igrexa evanxélica en Galicia**, do 25 de abril ó 7 de maio houbo na Coruña a exposición *Galicia íntima*, con fotografías, documentos e obxectos desde principios de século ata hoxe. Un detalle que se podía ver nela era unha carta datada a finais do século pasado, dun misioneiro inglés a un emigrante galego en América ¡escrita xa en galego! A exposición

foi organizada polo Consello Evanxélico de Galicia, especialmente polas *Asembleas de Irmáns*, coa colaboración do Concello da Coruña. Tivo un gran éxito de público e vaise repetir proximamente en Ferrol.

Os evanxélicos galegos tiveron a finais de abril os seus tradicionais **retiros de Semana Santa** en Panxón, coa participación de predicadores galegos, madrileños, andaluces e ingleses, e un bo pianista axudoulles nas súas celebracións. E tiveron tamén outro curioso acto a mediados de maio: a **I Olimpíada Evanxélica de Galicia**, no estadio da Universidade da Coruña, feita seguindo o exemplo doutras organizadas con en Cataluña e en Madrid; colaborou a Federación Galega de Atletismo, a Delegación de Cultura da Xunta, Universidade da Coruña, etc.

## Igrexa en Portugal

A noticia por excelencia que nos chega de Portugal nestes últimos meses é a da beatificación dos pastoriños na visita do papa a Fátima e o presunto segredo revelado.

Pero antes de falar diso, queremos facer alusión ás conclusións dun **estudio sobre a relixiosidade portuguesa** que a Universidade de Lisboa acaba de presentar en público, segundo o cal

(e cito textualmente a parte do informe que nos chegou da xornalista Ana Vicente): “Asisten á Misa de forma regular ou irregular o 42,6% dos portugueses; a comunidade católica tradicional é máis triste, intolerante e vota á dereita; a práctica relixiosa en Portugal é marcadamente feminina e caeu na mocidade; e o 86% dos que responderon á enquisa non practican”.

O goberno portugués quere regular unha **nova lei de liberdade relixiosa**. En relación con iso, desenvolvéronse en Lisboa unha serie de **conferencias sobre diálogo interreligioso**, promovidas polo *Centro de Reflexão Cristã*, con bastante participación de público. Pero houbo tamén un **encontro de leigos da diocese de Lisboa**, no que participaron preto das 13.000 persoas, pero rexeitaron ir os movementos de acción católica, por disentir; só foron as organizacións máis conservadoras: Neocatecumenais, Focolares, Opus Dei, Comunión e Liberación, etc.

**O Papa, a Virxe de Fátima e a inutilidade dun gardadísimo segredo.** Os rumores sobre o tremendo terceiro segredo de Fátima, só coñecido antes pola sobrevivente dos tres pastoriños, Sor Lucía, e por Paulo VI –que seica ao sabelo desmaiara–, contaban que o último dos segredos da Virxe falaba da fin do mundo. Non é de estrañar que moitos devotos montaran en cólera cando se lles dixo que falaba só do pasado atentado do papa actual, Xoán Paulo II. “Não acredito que seja esse o segredo. Acho que deve ser uma coisa bem pior, tão grave que a Igreja não pode revelar”, afirmaba unha das devotas de Nosa Señora de Fátima. Outra atopaba que a Igrexa divulgou iso para non ter que admitir que o verdadeiro segredo é moito mais grave: “Tanto

que nós nem imaginamos o que pode ser”.

Verbo deste presunto segredo revelado pola Virxe e gardado celosamente durante 83 anos, o cardeal Angelo Sodano, secretario de Estado do Vaticano, dixo que se refería a “un bispo vestido de branco” que reza cos fieis e “cae na terra como morto, baixo os disparos dunha arma de fogo”. Xoán Paulo II fixo un regalo á Señora do Rosario –“cuxa man maternal detivo a bala disparada por outra man”, segundo propias palabras–, entregoulle á Virxe o anel que lle regalara o cardeal primado de Polonia Stefan Wyszynski, cuando Wojtyla foi elixido en 1978. O máis grave parécenos a afirmación de Sodano, dicindo que esta revelación da Virxe ós pastoriños de Fátima en Cova de Iria é “unha visión profética comparable á das Sagradas Escrituras”; aínda que tentara amañar despois a afirmación...

E algúns preguntámonos ¿E por que non ía ser Monseñor Óscar Romero o “bispo vestido de branco abatido por uns tiros”? Morreu realmente froito dun atentado, e fíxoo da máxima maneira que o pode facer un mártir cristián clérigo: asasinado dicindo Misa (por iso estaba todo de branco...).

De calquera xeito, un non pode ver toda esta montaxe de Fátima e os seus segredos máis que con ironía e humor –cando non con

sonoro cabreo, coma o P. Mario no libro *Fátima nunca mais*—, pensando que a Virxe terá cousas máis importantes que facer que “baixar á terra” para contar estas cousas.

Pola súa banda, a *Asociación de Teólogos Juan XXIII* manifestouse a tal respecto por medio do seu presidente, Miret Magdalena, dicindo que “a doutrina oficial da Igrexa está respaldada polo que escribiu a principios de século o

papa Pío X, que aclarou que revelacións como as de Fátima, as de Lourdes ou calquera outra, non se lles pode dar a consideración de doutrina, senón simplemente de fe humana”. Xa San Juan de la Cruz opinaba que se deben rexeitar este tipo de revelacións, porque “son sempre dubidasas... e non poden engadir nada ó que di o Evanxeo”. Por iso, “é moito máis seguro seguir o Evanxeo que este tipo de ensinanzas”.

## Igrexa en España

Os responsables das publicacións dos relixiosos españois queren crear unha **axencia de noticias propia**. Reuníronse en abril en Madrid, preto da *Xornada Mundial das Comunicacions Sociais*, para mellorar a calidade das súas publicacións, canalizar mellor a información e buscar alternativas novas. Non en van, a información relixiosa nos diarios españois carece de interese nun 90%, aparte de ter un marcado carácter clerical, como recoñeceu unha xornalista.

No mosteiro de Santo Toribio de Liébana **comezou a finais de abril o Ano Xubilar Lebaniego**, nun dos máis importantes centros espirituais da historia cristiá, como testifica o coñecido *Beato de Liébana* (que non é un santo, senón un códice). Unha curiosidade, pero tamén unha riqueza cultural e

relixiosa que se celebra desde “tempo inmemorial”, con documentación desde comezos do século XVI.

En **Astorga comezou a VIII edición de *Las Edades del Hombre***, a prestixiosa exposición de arte sacra. Nesta ocasión, a mostra leva o título de *Encrucijadas*, por ser esta pequena e vella cidade un cruce de camiños e culturas; estará aberta ata o mes de outubro.

Outra nova que nos parece importante, é que **Cataluña será rexión eclesiástica**, tal como se anunciou na última asemblea episcopal catalana. Isto dálle unha entidade xurídica propia ás oito dioceses, con dúas sés (Tarragona e Barcelona), aínda que non acadaran a aprobación da desexada conferencia episcopal propia.



¿Cando ocorrerá outro tanto en Galicia? Quizais cando teñamos outros bispos e unha igrexa con máis conciencia galega.

E de Cataluña ven tamén unha **chamada a revisar a moral sexual da Igrexa**, sobre todo no referente ós métodos de control da natalidade. As declaracións son nada menos que do ex abade de Monserrat, o benemérito (72 anos) Cassiá Just: “Hai moitos escritos de xente célibe, que non ten ningunha experiencia do matrimonio, e que esixen dunha forma incomprendible pesos que eles non levan”(Vida Nueva). ¡Canta razón! Con todo, parécenos que a gran parte dos fieis xa non lle importa moito o que diga ou deixe de dicir a xerarquía verbo deste tema; xa lle pasou a vez de dicir algo.

Da vida das **igrexas evanxélicas** en España, salientamos un

par de cousas máis, da moita información recibida de *I.C. Press*. A mediados de maio houbo en Granada un **encontro dos líderes da IEE** (Igrexa Evanxélica Española), que contou cun amplo programa aberto ó público, e no que participou entre outro o coñecido teólogo católico Jose M<sup>a</sup> Castillo, xunto cun pastor metodista arxentino e Jose M<sup>a</sup> Mardones. Tamén preto desas datas, foi a **visita a Madrid dos líderes internacionais do Exército de Salvación** para organizar un Festival. Esta confesión protestante, que ten realizada no pasado un loable traballo entre os marxidados, aínda segue cos seus anacrónicos uniformes e os seus cadros militares: o *Xefe do Estado Maior*, o *Tenente Coronel-Xefe Nacional*, etc. Vese que en tódalas igrexas precisamos moito dunha fonda renovación.

## Igrexa no mundo

O *Anuario Estadístico da Igrexa* asegura que **os católicos no mundo aumentan**, nun número superior ao crecemento demográfico. Actualmente son máis de mil millóns, a metade en Centro e Sudamérica. Aumenta igualmente o número de seminaristas. A revista *Vida Nueva*, da que collemos esta información, fala tamén dun **aumento da relixiosidade popular** (novenas, rogativas, procesións, etc.). Calcúlase que só os santuarios

españóis recibirán este ano corenta millóns de peregrinos. Moitos máis recibirán os santuarios americanos; só ó de Guadalupe acudirán o 12 de decembro seis millóns de persoas, por iso adoita dicirse aló: “En México non somos moi católicos, pero somos todos guadalupanos”. Algo parecido coma os ferroláns con Chamorro, e outros galegos cos Milagres, o Corpiño, etc. O que máis nos cuestiona é que gran parte dos

mozos viven hoxe a súa relixión nesa liña.

**“Voume de Chiapas, pero Chiapas vaise comigo”.** Eran as verbas de Samuel Ruiz a comezos do mes de Maio, no último acto público en San Cristóbal de Las Casas, antes da chegada do seu sucesor. O *tati* Samuel manifestouse unha vez máis convencido de que xa non é posible avanzar e agardar só un melloramento secundario, senón unha fonda transformación da sociedade na conflictiva zona mexicana. Pronunciou estas palabras ó facer a presentación do Informe Anual do *Centro de Dereitos Humanos Fray Bartolomé de Las Casas*, encabezado por el ata esta data. O informe titúlase *A guerra en Chiapas: ¿incidente na historia?*, e fálase nel das numerosas violacións dos dereitos humanos, moitas do Exército Mexicano. Para o bispo, os observadores internacionais e a solidariedade serviron para contrarrestar a información oficial e que Chiapas teña hoxe en día unha repercusión a nivel mundial, porque en todas partes se fala do que alí está pasando, evitándose a impunidad. (*Pulsar*).

Tamén soubemos que **o Papa ordenou investigar presuntas irregularidades cometidas por Samuel Ruiz**. O delegado da Congregación para o Culto Divino, Jorge Medina, afirmou que no Vaticano recibiron bastantes

denuncias de ordenacións irregulares de diáconos, especialmente de ter ordenado a mulleres diaconisas. As denuncias empezaron hai tres meses, cando o bispo ordenou 400 diáconos en Chiapas, seica a metade mulleres. (*Pulsar*).

**O novo bispo de San Cristóbal de las Casas é Felipe Arizmendi Esquivel**, secretario xeral do CELAM. Samuel Ruiz manifestou a súa alegría polo nomeamento. O novo bispo tomou posesión da diocese a finais de abril manifestando: “Non me pidan que sexa coma os meus predecesores; non veño a competir, nin a destruír, senón a complementar”. Dixo que non viña con intencións de “desmantelar” a obra do seu antecesor Samuel Ruiz, porque “significaría dar marcha atrás no amor preferencial polos pobres e na promoción integral dos indíxenas”. A eses indíxenas (o 75% da diocese) dedicou un saúdo moi especial: “A Igrexa ámaos e non os vai abandonar nin traizoar”. O novo bispo dixo tamén comprender as razóns dos que se ergueron en armas, e apoiar as súas xustas demandas, pois “non pode haber paz verdadeira e permanente mentres subsistan as graves inxustizas”, aínda que criticou a violencia guerrilleira e dos grupos paramilitares. Apoiou a negociación e o diálogo entre os zapatistas do EZLN e o goberno, suspendido en 1996, e propúxose como mediador: “Se podemos servir en algo para o

diálogo estamos dispostos a facelo”. Pero o coordinador governamental dixo xa que o novo bispo “non era garante de imparcialidade entre o goberno federal e os zapatistas”, e descartou que fora ser intermediario (*Pulsar*). Mesmo os evanxélicos destacaron a súa vontade de buscar “unha relación máis fraterna entre católicos e non católicos, para que a relixión sexa un factor de unidade e reconciliación” (*I.C.Press*). Bo sinal. Pola contra, **o arcebispo salvadoreño, Fernando Sáenz Lacalle, pediu o indulto para os militares acusados de ter asasinado a tres monxas estadounidenses**, e que xa foran sentenciados a 30 anos de cárcere. O bispo argumentou vergonzosamente –¡unha vez máis!– que “só cumpriron ordes superiores”. **En Perú, a Igrexa ofreceuse a participar no “Tribunal de ética electoral”**, a única maneira de evitar que o presidente Alberto Fujimori, realizara unha fraude electoral e quedara no poder. Todo inútil, como se sabe, Fujimori triunfou de novo, seguindo coa farsa das eleccións a pesar das críticas de tódolos observadores internacionais, incluídos os de EE. UU. Lamentablemente, Fujimori contou co apoio dalgún bispo ultraconservador coma o prelado de Lima, Monseñor Cipriani, a quen o libro dun xornalista chama “teólogo de Fujimori” (*Adista*).

Na Igrexa europea tivo moito eco a **declaración do novo**

**arcebispo de Westminster, Murphy O’Connor, cuestionando o celibato dos curas**: “O matrimonio non é incompatible co sacerdocio”. Tamén causou gran pesar a **morte do cardeal John O’Connor, arcebispo de New York**. Era a figura máis destacada da igrexa católica en USA. Pero non tardou en ser nomeado o seu sucesor na diócese, Edward Egean, persoa moi próxima ao papa (*Vida Nueva*).

O Coliseo romano acolleu unha **homenaxe ecuménica aos mártires do século XX**, coa presenza do Papa e os Patriarcas de Constantinopla, Moscú, Rumanía e Alexandría, representantes da Federación Luterana Mundial, o Consello Metodista, a Igrexa Pentecostal, etc. O Papa recoñeceu entre os mártires non só aos católicos, porque “o ecumenismo dos mártires é o máis convincente”.

Poñemos remate a esta *Rolda*, lembrando que a mediados de maio celebráronse con toda solemnidade os **80 anos do papa Xoán Paulo II**, con máis de 4.000 curas celebrando con el unha Misa no Vaticano. Medio millón de persoas participaron xa un mes antes nos actos da Semana Santa vaticana, presididos polo papa, incluído o tradicional Viacrucis. Parece que non haxa dúbida de que este papa “morrerá coas botas postas”, coma o xeneral Custer.

**Victorino PÉREZ PRIETO**

## Recensións

---

**JACQUES DUPUIS**, *Hacia una teología cristiana del pluralismo religioso*, Sal Terrae, Santander 2000, 632 páxs.

É unha gratísimas nova atoparmos traducida ó castelán esta obra do P. Dupuis que hai tres anos se publicou en inglés, e axiña noutros idiomas. Longamente traballada e difundida polo autor, en cursos monográficos, conferencias, artigos, aparece agora estruturada nun libro ben trabado e unificado. É o libro polo que se lle pediron ó autor algunhas aclaracións desde a *Congregación para a doutrina da fe*, pouco despois de saír a edición inglesa. Axíña se deron a coñecer reaccións en defensa do P. Dupuis; destacan as do Cardeal Franz Köning e a dos Provinciais xesuítas da India (Ver, respectivamente, revista *Sal Terrae*, Febreiro 1999, pág. 167-171; e Abril 1999, páxs.341-342). Parece que a cousa non foi a máis.

Antes foron vertidas ó castelán dúas obras deste autor: *Jesucristo al encuentro de las religiones* (1991) e *Introducción a la Cristología* (1994). Ademais de artigos nalgún diccionario.

O profesor Jacques Dupuis, é un xesuíta nado en Bélxica no ano 1923; fixo a licencia en Filosofía en Lovaina; máis tarde, xa na India, conseguiu a licencia en Teoloxía. Voltou a Roma para o doutoramento en teoloxía na Pontificia Universidade Gregoriana, coa tese titulada “*L’esprit de l’home*”. *Etude sur l’antropologie religieuse d’Origène* (publicada en 1967) De 1948 a 1984 viviu na India, onde ensinou teoloxía durante vintecinco anos. Profesor ordinario de Teoloxía sistemática desde 1984 na Universidade Gregoriana, agora, xa case xubilado, é director da revista *Gregorianum*, e imparte cursos monográficos, polos que se interesan numerosos alumnos (as aulas mais grandes da universidade éñchense). Foi consultor do *Consello pontificio para o diálogo interrelixioso* e da comisión de misión e evanxelización do *Consello ecuménico das Igrexas*.

Esta obra percíbese baixo mais dun aspecto como obra de madurez. Está vertebrada en catorce capítulos distribuídos en dúas partes semellantes en extensión, de sete capítulos cada unha, despois dunha ampla introducción. E remata cunha apertada conclusión de oito páxinas. A bibliografía ocupa 45 páxinas; Cabe destacar tamén as numerosas notas a pé de páxina: máis de mil.

Estes datos abondarían para ver que estamos ante un traballo de longa elaboración e de minuciosa articulación. Aquí non cabe máis que unha ollada ó conxunto:

A primeira parte é unha panorámica das aproximacións cristiáns ás relixións, –tanto na Biblia e na Patrística coma nos concilios, no maxisterio

e na tradición teolóxica–, ata a situación actual de cambio e de urxencia de superación das categorías occidentais. Podemos condensar esta primeira parte na problemática entre a *chamada universal á salvación* –Deus noso Salvador “quere que tódolos homes se salven e cheguen ó coñecemento da verdade” (I Tim 2,4)– e a *posibilidade da salvación en Xesús Cristo sen a pertenza á Igrexa* e/ou a peculiaridade do camiño cristián –¿como entender hoxe o axioma *extra ecclesiam nulla salus*?–.

A segunda parte é un esforzo por construír unha teoloxía *do diálogo e en diálogo* con outras tradicións relixiosas ás que se lles recoñeza o mesmo dereito e o mesmo deber, sen exclusivismos. Intenta ser unha visión sintética conforme á actual conciencia da Igrexa, superando o eclesiocentrismo (en favor dun “modelo reinocéntrico”) e afondando nunha cristoloxía trinitaria e do Espírito, en diálogo coas grandes relixións da humanidade; trata de manter os dous axiomas fundamentais da fe cristiá tradicional: *a universalidade da vontade salvífica de Deus e a necesidade da mediación de Xesús Cristo*. Pero é escusado dicir, despois do xa dito, que o exame é profundo e o camiño estreito, arredando tanto dun doado sincretismo (teoloxía universal) coma dun cerrado illamento. É unha teoloxía, no mellor sentido do termo, “confesional”; respectuosa cos outros camiños e atenta ás súas luces, sen agachar ou disimular a singularidade da revelación cristiá (que ten a súa mellor expresión na forma dunha *cristoloxía trinitaria*) como contribución ó patrimonio común, e intentando avanzar sopesando outras posturas nun amplo abano de enfoques e matices.

Toda a problemática que o autor vai desenrolando con moitos datos que analiza con tino, non lle resultará nova ó lector que teña seguido, nos últimos anos, a teólogos que temos aquí ben preto de nós. Mesmo se aledará de certas coincidencias de enfoque (aínda que varíen as palabras), con un teólogo que introduce toda esta óptica tan abarcadora, dende a perspectiva da misión evanxelizadora, ou mellor, do diálogo como forma de evanxelización. Aínda que o academicismo é claro a paixón é a do misioneiro.

O que teña o gusto e a paciencia de ler este groso libro (que naturalmente recomendo ós que teñan unha iniciación á teoloxía) agárdalle unha fermosa e profunda exposición teolóxica na que se palpa a cada paso a madurez dun teólogo de amplos horizontes; moi fundamentado na Tradición e coa inqueda da misión, entroncado no talante dialogante do Vaticano II, quere seguir abrindo o camiño longo e estreito cara adiante, coas posibilidades e luces do presente. Anda moi lonxe do “periodismo teolóxico” ou de certa pseudoteoloxía repetitiva, sen nervio nin paixón. Ten

unha estrutura perfectamente trazada e unha prosa fluída, dentro da súa austeridade. E lese sen dificultade (a non ser que se queiran compulsar as numerosas citas) pero axiña se advirte un enfoque que perfora fondo.

Cando se remata o percorrido vese mellor, co autor, que:

a) O pluralismo relixioso non so é lexítimo senón que é unha riqueza que manifesta a sobreabundante diversidade na automanifestación de Deus á humanidade.

b) O significado da unicidade e universalidade de Xesús Cristo como unidade relacional desde a perspectiva ampla da Cristoloxía trinitaria (iluminación da Palabra de Deus e vivificación do Espírito).

c) Un mellor xeito de entender a complementariedade mutua e a converxencia entre o cristianismo e as outras tradicións relixiosas do mundo: converxencia histórica e escatolóxica.

**Xosé Antón SEOANE**

**ANDRÉS TORRES QUEIRUGA**, *Por el Dios del mundo en el mundo de Dios. Sobre la esencia da vida relixiosa*, Sal Terrae, Santander 2000, 119 páxs.

Un novo libro sobre a vida relixiosa. Un libro que, como se indica no seu subtítulo, intenta enfrontar o seu núcleo central: a mesma esencia. Un libro que “pretende aclarar o característico e específico da vida relixiosa, encadrándoo na fundamental e igualitaria comunidade cristiá”.

O que resulta sorprendente, xa de entrada, é que unha achega destas características nos chegue da man dunha persoa que non vive desde dentro este tipo de existencia tan peculiar que chamamos vida relixiosa. O autor mesmo o reconece e o fai notar xa na introducción. Sitúa a súa contribución desde a “distancia empática”, desde fóra pero en sintonía coa experiencia real.

Pola miña parte, quero reaccionar a esta achega desde dentro: desde a identificación que me dan moitos anos de pertenza a este modo de vida e pola busca, compartida con tantas outras persoas, de novos camiños cara a unha vida relixiosa máis auténtica e transparente á súa intención fundamental.

Desde aquí, desde a identificación cordial e comprometida coa vida relixiosa, quero agradecer a Torres Queiruga a súa achega. Creo que apunta ó cerne mesmo da necesidade actual e, ademais, estou convencida de que a súa reflexión desde a “distancia empática”, lle posibilita mostrar cunha gran nitidez a estrutura fundamental na que deberá moverse a busca.

Hoxe resulta xa tópico falar de crise. Diríamos que todo grupo eclesial, político ou social que queira significar valores permanentes, non o pode facer buscando sen máis a continuidade coa tradición anterior. O cambio é tan forte, que as formas que antes os facían visibles, agora poden resultar claramente opacas ou mesmo evocar xustamente o contrario.

A vida relixiosa, este “modo de chegar a ser cristián”, referendado por tantos séculos de historia, atópase nunha desafiante encrucillada. Impulsada polo *aggiornamento* do Vaticano II, emprendeu unha *travesía* con diferentes ritmos e acentos, dando signos claros de valentía, autenticidade e xenerosidade. Unha busca con grandes acertos no fundamental que, sen dúbida, non exenta de custos e contradicións.

En conxunto, o modo de entenderse a si mesma, as súas estruturas e o seu estilo de vida experimentaron grandes e fondos cambios. Uns cambios necesarios pero insuficientes. Diríamos que, mirando cara a diante, o proxecto de vida relixiosa conforme a un novo paradigma está a medio facer. Non atopou aínda a nova coherencia do seu conxunto.

Unha crise de identidade que coloca a vida relixiosa nunha situación de precariedade ante o diálogo coa cultura actual e ante a continua ameaza de que *ventos contrarios* a fagan ollar cara *o porto* do que saíu impulsada polo Concilio, hai aproximadamente trinta anos.

Por iso, a contribución de Torres Queiruga chega no momento oportuno e golpea no cravo mesmo da urxencia actual. Situándose no horizonte da súa propia e suxerinte visión teolóxica, a través dunha análise rica e clarificadora, vai mostrando “desde abaixo a estrutura fundamental da vida cristiá, para situar logo na súa armazón viva cada forma concreta”; e entre elas, o lugar que lle corresponde á vida relixiosa.

Unha busca delicada e profunda que vai precisar de continuas matizacións para “sinalar acentos e marcar polaridades”, que permitan aproximarse á súa identidade básica, sen recaer no eterno perigo de buscar privilexios. Perigo sobre o que xa nos alerta desde o principio: “ningunha proposta que busque defini-la vida relixiosa mediante un tipo de nota que, directa ou indirectamente, implique superioridade ou excelencia sobre os demais modos de vida cristiá, por disimuladas que estas poidan parecer, vai por bo camiño”.

Como xa se anuncia no mesmo título, a vida relixiosa precisa “polarizarse no Deus do mundo”, a través dunha “dedicación prioritaria ós valores directamente relixiosos” desde un “testemuño que os faga visibles e dispoñibles en favor da comunidade”. Esta identidade leva á vida relixiosa a recrear nunha dobre dirección o seu contacto co mundo: 1) “A reconversión da actividade dedicada a traballos seculares –refrese o autor, de maneira expresa, a aqueles traballos xa cubertos pola sociedade civil– en testemuño e apostolado directo”; 2) “A dedicación desde o amor misericordioso, ás novas necesidades non atendidas, ós novos rostros da marxinação, do sufrimento e da miseria”.

Desde esta comprensión “polarizada no Deus do mundo” a vida relixiosa posúe un sentido en si mesma, pero precisa da achega e do servizo dos que configuran a súa vida “polarizándose no mundo de Deus”. Note o lector ou lectora a íntima e indisoluble implicación das dúas polaridades: *Deus do mundo* e *mundo de Deus*. Nin a vida relixiosa se pode comprender fóra do compromiso co mundo; nin a vida segrar vivir a súa mundanidade fóra de Deus.

No seu conxunto, este libro articula a súa contribución en torno a catro capítulos: 1) A vida relixiosa dentro da igrexa; 2) A situación actual da vida relixiosa; 3) O futuro da vida relixiosa; 4) Unha aplicación concreta: contribuír á presenza do verdadeiro Deus de Xesús. Trae, ademais, un epílogo, que supón, ó mesmo tempo, a súa máis preciosa validación. Nel a irmá Gloria Vieiro, relixiosa da Congregación das Servas de María Reparadora, que acaba de facer a súa tese de mestrado sobre a obra do autor, reacciona desde o Brasil. Desde a súa vida cotiá nunha favela de Río Comprido (Río de Xaneiro), buscando desde a Teoloxía da Liberación unha vida relixiosa significativa ó lado dos excluídos, expresa así a súa íntima sintonía:

“Indica Vde. o máis fundamental no camiño de renovación da vida relixiosa: recupera-la experiencia do ‘Deus do mundo’ que Xesús nos mostrou. Un Deus enteiramente deitado na súa creación, amorosamente inclinado a cada home e a cada muller, empeñado en axudarnos e salvarnos. Un Deus sempre próximo ós máis excluídos e identificado con eles. Centrar a vida no ‘Deus do mundo’ significa, entón, acolle-lo seu amor no servizo ó mundo, a fin de que a vida sexa abundante para tódalas persoas”.

**Mª Pilar WIRTZ MOLEZÚN**



**R. DEL PRADO**, *Ética Xeral*. Estudio, traducción e notas de Ramón López Vázquez, Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro 1999, 357 páxs.

Teño que confesar que este libro foi para min unha sorpresa. Tanto polo autor como polo texto. Publicado na Coruña en 1935, estamos ante unha ética verdadeiramente á altura do tempo europeo e, por suposto, español. Máis aínda, cubría un baleiro do que era consciente o autor nun prólogo sobradamente modesto (p. 87-88).

Unha ética, lonxe da vulgata escolástica, pero para nada entregada nin a seducción neokantiana nin ós relativismos máis ou menos culturalistas. Nikolai Hartmann, Dietrich Hildebrandt e, por enriba de todo, Max Scheler –omnipresente– son as guías fundamentais. Co cal xa se pode prever que se trata dunha “ética material de valores”, moi pegada ás posturas schelerianas e moi lonxe, por tanto, do formalismo kantiano.

Pero o autor pensa pola súa conta e, aínda que en principio o libro está dirixido a alumnos do ensino secundario, a fundamentación é rigorosa, cousa nada doada nese mundo complexo e sutil dos *valores*, hoxe tan descoñecido (e non sempre para ben). Rica resulta igualmente a exposición dos diversos sistemas, nun amplo percorrido histórico: formalismo, eudemonismo e utilitarismo, vitalismo, aristotelismo e tomismo, vitalismo (onde, con matices, inclúe a Ortega, pois “é unha obriga dos profesores españois motivar aos xoves para que se interesen polo pensamento español actual”: 253-260), resultan sometidos a crítica intelixente e rigorosa, toda ela tendente a xustificar e fundamentar unha ética dos valores.

Todo iso na primeira parte, a máis extensa. O problema do deber e a súa fundamentación constitúe o obxecto da segunda, para rematar coa terceira titulada “Moralidade e felicidade”, que se pecha cunha acertada crítica das ideas de sanción e remuneración na orde moral. De feito, as derradeiras palabras do libro constitúen unha preciosa constatación teolóxica: “Pero a *idea dunha xustiza divina que premia e castiga* non se corresponde para nada con ningún dos atributos esenciais divinos. Imaxinar un Deus rabioso, rillado polos impulsos de vinganza, ou repartindo presentes entre os máis achegados, significa que estamos pintando un Deus á imaxe e semellanza do ser humano, movido polas necesidades biolóxicas, encerrado nos límites marcados pola materia, pero non un Deus rebordante de amor e centro irradiador de enerxía espiritual” (p. 348).

Era bo citalas, porque este home traballador e honesto –por acusacións falsas e, como di o traductor, froito seguramente da envexa e do resentimento– foi inicuamente represaliado polo bando vencedor na guerra civil e desterrado a Madrid, onde morreu en 1946 no illamento e a pobreza.

De todo isto e de moitas e moi interesantes cousas dá cumprida conta o traductor Ramón López Vázquez, profesor de filosofía na nosa universidade. Nunha introducción densa e extraordinariamente informada (p. 11-83), ofrece os datos fundamentais deste home que, nacido na provincia de Burgos (1893) e formado en Valladolid e Madrid, foi desde 1928 ata o 1936 profesor no Instituto Eusebio da Garda. Discípulo de Ortega e aberto ós aires europeos, penso que o introductor ten toda a razón en facelo membro da *Escola de Madrid*, pois, a pesar do esquecemento no que caeu, foino con dereito propio, pola súa información, pola súa fondura e acaso principalmente pola autenticidade da súa paixón intelectual.

Pero aquí non queda xa máis espació para remitir ó lector a esta introducción, que, rigorosamente académica na información, está escrita con viveza e paixón, mesmo cun confesado afán reivindicativo dun mestre que deixou fonda pegada nos seus alumnos da Coruña (poden verse algúns datos na p. 13).

**Andrés TORRES QUEIRUGA**

**XOSÉ MÍNGUEZ GOYANES**, *Quiroga Palacios no seu tempo*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2000, 372 páxs.

Como ben apunta Xosé Ramón Barreiro no prólogo, o inesquecible cardeal Quiroga Palacios merecía unha boa biografía, que situara a súa relevancia histórica no seu tempo e a súa significación na historia galega. A admiración que o prestixioso historiador galego sente pola figura do cardeal non é un caso illado, outros moitos compartimos este sentimento; mesmo o que isto escribe, aínda que non puider coñecelo máis que coma un seminarista moi novo. Na miña memoria quedou de xeito indeleble unha significativa imaxe de Quiroga Palacios: cando veu de participar no Concilio Vaticano II (no que tivo unha importante intervención), a primeira visita que fixo nada máis chegar á súa diocese foi ao seu benquerido Seminario de Belvís. Erguéramos moi cedo ós seminaristas para recibilo como se merecía (¡ás cinco da mañá!); pero no meu maxín infantil (un neno de once anos) non quedou gravada a molestia da madruga, senón a impresionante imaxe daquel home que xuntaba a un tempo a típica figura dun príncipe da Igrexa (¡a súa humanidade, a maxestosidade agrandada polos seus capisallos cardinalicios...!) e a dun pastor que amaba agarimosamente os seus fillos, un pai bonachón, a carón do que un se sentía acollido e seguro.

A pesar da perspectiva histórica que nos leva hoxe a ver máis criticamente o pasado da nosa Igrexa, tamén eu teño que dicir con Barreiro que “o tempo transcorrido non rebaixou en nada a miña admiración”. A pesar de cargar co sambenito de ser “un amigo de Franco”, a figura do cardeal sobresae coma a dun dos mellores prelados que tivo a Igrexa galega, moi amado polo seu pobo, porque era un home bo e caritativo, ademais de intelixente. Este libro ven facerlle xustiza, tras outros intentos feitos con amor e boas intencións, pero máis haxiográficos que elaborados con rigor histórico, como é o caso do aínda recente libro de Cesáreo Gil Atrio, *Don Fernando. El cardenal de Galicia* (1993).

Mínguez Goyanes non é un clérigo, senón un historiador laico (non laicista), profesor da Universidade de A Coruña, que xa ten publicado nesta revista. Este voluminoso libro de case catrocentas páxinas é o froito do seu traballo de doutoramento, elaborado ao longo de varios anos, baixo a dirección de Barreiro Fernández. A seriedade do traballo vese na amplitude e variedade das fontes utilizadas (documentación e testemuños persoais), e no equilibrio da análise e a exposición, cousa pouco doada. Ante a figura dun típico prohome da Igrexa, como é o caso de do cardeal Quiroga, pódese caer no pío exceso haxiográfico, ou na incompreensión laicista cara a un eclesiástico; cómprelle ao historiador ter en conta a perspectiva sociohistórica do home, máis visible, pero tamén a perspectiva interior do crente, máis difícil e complexa.

A obra ven estruturada en catro partes ben diferenciadas: A primeira está dedicada á vida de Quiroga Palacios, en tres etapas (xuventude e sacerdocio, bispo de Mondoñedo e arcebispo de Santiago). Na segunda faise un achegamento ao contexto socioeconómico e relixioso da súa época (marco político, económico e sociorelixioso). Logo, fai un achegamento ós axentes que colaboraron co cardeal no seu traballo (clérigos e leigos). Para presentar na última parte, a máis extensa, a proxección pública do cardeal, por medio das súas actuacións, máis que no seu pensamento, pois como reconece acertadamente o autor, Quiroga Palacios foi un “bispo xestor” máis que un intelectual (cambios nas infraestructuras diocesanas, relación coa xerarquía, actuación no campo social, catequese e ensino, medios de comunicación e relación coas outras confesións cristiás).

Seguramente é a obra que merecía Quiroga, e un magnífico regalo no centenario do seu nacemento. Aínda que teña cousas opinables, sobre todo para os que conviviron co prelado e aínda están connosco.

**Victorino PÉREZ PRIETO**

**GÓMEZ PEREIRA, Antoniana Margarita.** Reproducción facsimilar de la edición de 1749. *Traducción:* José Luis Barreiro Barreiro - Concepción Souto García. *Traslación y actualización lingüística:* Juan Luis Camacho Lliteras. *Estudio preliminar y versión al español:* José Luis Barreiro Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela - Fundación Gustavo Bueno, Santiago 2000, 50 + 361 páxs.

O lector desculpará esta prolíxa presentación do título, que, máis ca unha recensión, parece enunciar os “créditos” dunha produción cinematográfica. Pero era conveniente, para que, xa á primeira ollada, se poida apreciar o inxente traballo que representa (aínda se apreciaría mellor, vendo o amplo e apertado que resulta o texto de cada páxina).

Trátase da edición dun libro historiograficamente moi importante, do que Menéndez y Pelayo chegou a afirmar que “en más estimaría poseer un ejemplar que ser rey de Celtiberia”, e que Ortega y Gasset cualificou como “una de las obras más importantes del pensamiento español”. Dos únicos 30 exemplares que da obra orixinal existen en tódalas bibliotecas do mundo, un está na biblioteca da Universidade de Santiago; e, por enriba, non existía ningunha traducción ó romance. Motivos máis ca sobrados para lle agradecer ó profesor Barreiro Barreiro, axudado por un competente puñado de colaboradores, a iniciativa de editar e traducir esta obra “non menos útil ca necesaria, que trata sobre temas físicos, médicos y teolóxicos”, como reza o subtítulo que aclara o título non menos curioso: como se sabe, o autor, indeciso en cómo bautizar o libro, optou por poñerlle o nome dos seus pais, Antonio e Margarita.

Gómez Pereira (1500-1558), naceu case que con seguridade en Medina del Campo. Pero con moita probabilidade era polos pais, xudeus conversos, de orixe galego-portuguesa “ou viceversa”, como repite o editor, quen ó editala prosegue o seu meritorio labor de rescatar autores que honran a nosa cultura: reeditou hai uns anos as *Discusiones sobre la metafísica* (1878) de Indalecio Armesto e alégranos co anuncio da próxima traducción da *Logica* e a *Metaphysica (ad gallaicorum studentium potissimum accommodata)* (Santiago 1801 e 1803), de José González Varela, prof. de Filosofía na Universidade de Santiago.

Á presente obra, publicada por primeira vez en 1554, antepoñlle unha densa e documentada introducción. Nela aclara a situación histórica: a disolución postnominalista da escolástica, co comezo dunha mentalidade máis científica e empirista, pórtico do pensamento ilustrado ó que Barreiro está dedicando atención preferente. Describe a súa recepción na cultura española e na europea, sobre todo no seu carácter de posible antecesor de

Descartes pola súa negación da alma nos animais, reducidos a “máquinas” (ocupáronse do asunto, entre outros, Bayle, Voltaire, Leibniz e a mesma Enciclopedia). E sobre todo, trata da posible interpretación. Analiza tres posibilidades fundamentais: analítico-expositiva, que segue a marcha do autor; sistemático-constructiva, atenta sobre todo ó problema da inmortalidade da alma humana como principio organizador da obra; e verosímil-sospeitada, pola que se inclina con decisión.

Con ela intenta demostrar que “Pereira non di o que quere dicir”. Refírese ó problema da inmortalidade, da que Pereira se mostra defensor, pero despois de refutar tódolos argumentos tradicionais a favor, para os substituír polos seu propios. Neste proceder Barreiro cre descubrir a estratexia de quen, negando no fondo, aparenta afirmar na letra. Os motivos principais nos que apoia esta hipótese son de tres tipos: 1) intratextuais (dedicatorias intencionadas a personaxes que o podían protexer e reiteradas profesións de ortodoxia), 2) o tipo de alusións e interpretacións críticas respecto de determinados intérpretes, e 3) sobre todo, a circunstancia histórica de medo á represión inquisitorial.

Para se formar un xuízo definitivo acerca de se demostra ou non esta suxestiva hipótese, haberá que esperar a outros estudos e contrastes. A maior dificultade que persoalmente se me ocorre é xustamente o dualismo alma-corpo de Pereira, coa súa abrupta contraposición entre a persoa humana e os animais: para o dualismo a inmortalidade natural nunca foi un problema difícil; por iso os gregos a admitiron con facilidade, mentres que a Biblia a negou a causa da súa antropoloxía unitaria. En todo caso, Barreiro argúe con erudición e serenidade, creando unha seria verosimilitude para a súa tese, que seguramente dará qué pensar: máis non pode pedir unha proposta filosófica.

Sinto non estar en disposición de lle ofrecer ó lector unha opinión contrastada acerca da tradución: precisaría un tempo –e acaso tamén unha competencia– do que non dispoño. Si podo dicir que as calas que fixen dan fe dunha lectura clara, correcta e moi intelixible. Nun texto difícil, “de estilo pesado e farragoso”, de parágrafos longos, de escasa puntuación, non moi coidado e non sempre coherente no uso dos termos (cf. as observacións de Barreiro na p. 46-47)... isto é unha garantía, que honra a un equipo de traballo que prestou un inestimable servizo á nosa cultura.

**Andrés TORRES QUEIRUGA**

## LIBROS CHEGADOS Á REDACCIÓN

**BARCIELA GARRIDO, PILAR E REY SEARA, EUSEBIO**, *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*, Xerais, Vigo 2000, 300 páxs. Colección Roteiros.

Unha fermosa guía práctica para coñece-lo noso patrimonio. Dende os dólmens de Axeitos e Dombate ós labirintos de Mogor e Campolameiro pasando polos castros de Baroña e Santa Tegra. Sen esquecer o romano de Hércules e Lugo. Ilustracións a cor, encadernación e ...colle-la mochila.

**FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, MANRIQUE**, Rogelio Groba, *Meditacións en branco e negro*. Xerais, Vigo 2000, 326 páxs. Crónica.

Froito dunha sintonía entre o músico e o xornalista nace esta biografía en catro movementos, non só do gran compositor senón da mesma música galega nesta segunda metade de século. Ven cun disco compacto *Anacos*, que me está a acompañar e que non podó transmitir.

**SUSO DE TORO**, *Non volvas*, Xerais, Vigo 2000, 190 páxs. Narrativa.

O título fai referencia a unha orde. Unha orde que unha nai dá a unha filla para que abandoe a aldea. Pasados os anos na cidade a muller transgrede o mandato e *volve* atrás... Con ela volven moitas mulleres que queren busca-las súas raíces e facer memoria proveitosa.

**VV.AA.**, *A canción de Concerto*, Xerais, Vigo 2000. Adxunta disco compacto.

Volume I dunha antoloxía musical da canción lírica sobre textos literarios galegos. A soprano Laura Alonso acompañada polo pianista Manuel Burgueras interpretan textos de Rosalía, Brañas, Curros...

**ALUMNOS DO REAL SEMINARIO STA.CATALINA DE MONDOÑEDO**, *A carón do lume*, Citania, Lugo 1999, 200 páxs.

Recolle todo o que de literatura popular se ten escrito na revista *Amencer* dende 1982 polos seus colaboradores alumnos, máis dun cento. Adiviñas, cantigas, contos, lendas, oracións, refráns, romances, xogos, medicina, trabalinguas, unha colección moi rica e co gran mérito de ser traballo de campo dos autores.

**POLKINGHORNE, JHON**, *Ciencia y Teología. Una introducción*. Sal Terrae, Maliaño 2000, 200 páxs.

O autor, Físico e Teólogo, pretende, e penso que o consegue, nos facer afondar na fe non só sen temor á ciencia senón axudados por ela.

**ONIMUS, JEAN**, *Jesús en directo*, Sal Terrae, Maliaño 2000, 142 páxs.

Se dicimos que é un libro máis sobre Xesús, non queremos dicir que sexa redundante ou inútil, é proba da riqueza inagotable da súa figura. O autor admírao pola súa obra feita en poucos meses. Un home que non escribe nada, que non é discípulo de ningún célebre mestre, e con todo, continúa despois de 2000 anos sendo máis cercano que moitos fundadores de relixións.

**DUPUIS, JACQUES**, *Hacia una teología cristiana del pluralismo religioso*, Sal Terrae, Maliaño 2000, 630 páxs. Libro recensionado neste número.

**LE PICHON, XAVIER**, *Las raíces del hombre. De la muerte al amor*. Sal Terrae, Maliaño 2000, 200 páxs. Presencia social.

Hai que coñece-lo punto de partida para entende-la mensaxe. O autor vive desde hai 20 anos coa súa familia na comunidade de *El Arca* entre persoas discapacitadas mentalmente. Esta proximidade do sufrimento humano levouno a estudialo desde as súas orixes, desde a evolución do mundo animal. Camiña coa ciencia, (é catedrático de Xeodinámica) e coa fe, e quérenos descubri-lo miolo da dignidade do ser humano.

**WEIL, SIMONE**, *Escritos esenciales*, Sal Terrae, Maliaño, 2000, 176 páxs. El pozo de Siquén.

Eric O. Springsted prepara e introdúcenos a esta edición dos escritos desta gran muller que morre con 34 anos deixando toda unha traxectoria aberta á reflexión. Filósofa, mística, comprometida co seu mundo no taballo e na guerra, unha cristiá anónima que diría Rahner, porque non recibiu o batismo, pero viviu.

**G. CASCALES, JOSEF E FORCANO, BENJAMÍN**, *Bernhard Häring: Entrevista-testamento. Su obra y personalidad*, Utopía, Madrid, 2000, 160 páxs.

Temo-la sorte de poder ler traducidas do alemán as palabras alentadoras dun home ben coñecido que nos seus derradeiros momentos e despois de pedir perdón polo mal que poidera ter feito engadiu, “Ante a morte non me arrepiño nin o máis mínimo de todo o que fixen por quitalo medo ás persoas”. Paga a pena le-lo gran teólogo moralista.

**FORCANO, BENJAMÍN**, *Yo creo en la Resurrección*, Nueva Utopía, Madrid 2000, 144 páxs. Nun primeiro capítulo resume as teorías sobre a resurrección de Xesús e o seu senso actual cun estilo didáctico e divulgativo. Logo recolle testemuñas de cristiáns e cristiás que xa viviron a súa morte e acaba con textos para a celebración da resurrección.

**AMALADOSS, MICHAEL**, *Vivir en libertad*, Las teoloxías de la liberación del continente asiático, Verbo Divino, Estella, 264 páxs. O título explica suficientemente o que pretende. Dar a coñecer como en continentes distintos de Sudamérica experimentaron a necesidade dunha teoloxía diferente que anunciara a salvación a xentes dende unha realidade moi concreta e moi distinta á que vai dirixida a tradicional.

**VV.AA.** *Para celebrar El sacramento de la penitencia*, Verbo Divino, Estella 2000, 168 páxs. Jesús Equicia dirixe esta serie de aportacións para entender e celebrar hoxe este sacramento que manifesta o perdón divino e a reconciliación eclesial. Os autores coñecen a crise desta práctica e tentan actualiza-lo seu valor para vivilo en plenitude. Moi luminoso este título e moi de actualidade para os lectores do último número de *Encrucillada* pois abre novos horizontes.

**DIAZ- PETERSON, ROSENDO**, *De colores, Andrómeda*, Madrid 1990, 190 páxs.

Esta novela ven agora da man do autor que reside en Cangas despois de ter aprendido e ensinado nunha morea de Universidades de Europa e Norteamérica. Como galego e emigrante é sensible á situación dos traballadores ós que presta a súa atención nestas páxinas de creación que non se afastan da realidade.

**TABOADA CHIVITE, XESÚS**, *Refraneiro galego*, Xunta de Galicia, Vigo 2000, 196 páxs.

Pouco novo hai que dicir destas coleccións que nos dan coñece-la rica filosofía do noso pobo.

**RIVAS, PACO**, *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*, Xunta de Galicia, Vigo 2000, 92 páxs.

Como o anterior forma parte dos cadernos de fraseoloxía galega que coordina Xesús Ferro Ruibal dende o centro Ramón Piñeiro.

**VV.AA.** *A Gaita Galega*, Xunta de Galicia, 2000, 282 páxs.

Edición facsimilar da Revista publicada en La Habana dende 1885 a 1889, todo un logro do momento que hoxe non nos chama a atención. O Centro Ramón Piñeiro preparou a edición que dirixiu Alonso Girgado e fai o estudio Natalia Regueiro coa colaboración de Lourdes Pazo e Amelia Rodríguez.

**VV.AA.** *Galicia 2000*, Xunta de Galicia, 1999, 526 páxs.

En 24 capítulos preséntanos unha visión da Galicia actual dende a Xeografía ata as Institucións que a gobernan. Ilustracións e cor.



**IGLESIAS DIEGUEZ, ALFREDO**, *Historia do pensamento antropolóxico en Galicia*, Xunta de Galicia, 1999, 436 páxs.

O autor subtitula “O discurso sobre a evolución humana (1850-1976)”. Nesta clave desenvolve o seu pensamento, nado da súa tese de doutoramento, e que recolle a evolución destes anos coas súas respostas progresivas ou regresivas.

**PRADO (DEL), RAMÓN**, *Etica xeral*. Xunta de Galicia, 1999, 356 páxs. Con este título sae á luz na nosa lingua, traducida e anotada por Ramón López Vázquez, a obra escrita no 1930 por este filósofo orteguiano, profesor no Instituto Eusebio da Guarda de A Coruña. Ver recensión neste número.

**VIDAL BOLAÑO, ROBERTO**, *A burla do galo*, Centro dramático galego, 2000, 220 páxs.

Montaxe, texto e estudio crítico da obra teatral recentemente estreada.

**VÁZQUEZ, LOIS**, *No noso bosque convosco*, revista Estudios, Madrid 2000, 102 páxs.

Unha vez máis ven a estas páxinas o poeta e amigo. A vida na gran cidade (Madrid), lonxe de facelo esquecer, afirmao na lembranza e na vivencia do “bosque”, con árbores e paxaros, e sobre todo con todos nós onde segue a soña-la gran fraternidade.

*Estou dentro do bosque. As árbores  
deixanme ve-lo bosque,  
as que levan froito madurecido,  
e as que só nos dan sombra,  
para sentirnos ben,  
agarimados pola man dunha nai.*

**Engracia VIDAL ESTÉVEZ**

### **Calendario do contribuínte a *Encrucillada***

Só a última recomendación para quen reciba un *recordatorio*. Non o esquezades. Contamos con todos e todas. Un ano máis que non imos ter *números vermellos*. ¿Non si? Gracias.

---

## **Encontro de oración e convivencia organizado pola *Asociación Irimia***

Como cada verán desde hai sete anos, Irimia organiza un encontro de oración e convivencia, para tódolos que queiran facer uns días un camiño cristián xuntos (matrimonios con fillos incluídos). Será segundo o réxime habitual de autoxestión, compartindo roles e gastos.

Este ano será no antigo mosteiro de Vilanova de Lourenzá, preto de Mondoñedo, entre os días 11 (pola tarde) e 16 de Agosto (rematando tamén pola tarde).

O encontro será animado por Victorino Pérez Prieto, con momentos de oración, meditación, diálogo e celebración. O tema que conducirá o encontro será *Seguir a Xesús polo camiño das Benaventuranzas*.

Compre levar unha Biblia (mellor a galega...), un caderno, un bolígrafo, e moitas ganas de dar e recibir.

Os interesados deben apuntarse antes do 30 de xullo, chamando ó teléfono 981 41 75 32 (Rosa).

## **XXIII Romaxe de Crentes Galegos *Os Tempos Son Chegados***

O día 9 de setembro de 2000 habemos celebrar, *se Dio-lo quere*, a Romaxe que pecha o milenio. Desta vez acólleno-la xente de Campo Lameiro, que nos espera no Castro de Penalba, a partir das 11 da mañá aínda que a celebración será, –coma sempre que somos puntuais coa chegada–, ás 12.

Como segue quedando xente que traballa desinteresadamente por aquilo no que cre, a liturxia está sendo redactada por Marica do Campo e *Saraibas* axudaranos coa súa música.

Xa sabedes que na revista Irimia ha de saír cumprida información de como chegar a Campo Lameiro desde os distintos lugares de Galicia.

---

*COLABORAN NESTE NÚMERO*

*XOÁN BERNÁRDEZ VILAR,* escritor, licenciado en historia.

*AGUSTÍN DÍAZ BLANCO,* xornalista, redactor de TVE en Galicia.

*XAIME M. GONZÁLEZ ORTEGA,* profesor de Bioloxía e Xeoloxía do I.E.S. Camilo José Cela (Padrón).

*TEREIXA LEDO REGAL,* socióloga.

*VICTORINO PÉREZ PRIETO,* escritor e teólogo, párroco de San Paulo (Ferrol).

*SOLEDAD PITE SANJURJO,* profesora de Debuxo do I.E.S. Rosalía de Castro (Santiago).

*MANUEL REGAL LEDO,* escritor e teólogo.

*FRANCISCO REGUEIRA,* catedrático de Filosofía no I.E.S. Valle-Inclán (Pontevedra).

*XOSÉ ANTÓN SEOANE,* párroco, profesor de teoloxía do Instituto de Ciencias Religiosas.

*ANDRÉS TORRES QUEIRUGA,* teólogo, académico, profesor da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago.

*ENGRACIA VIDAL ESTÉVEZ,* profesora de Lingua galega.

*M<sup>a</sup> PILAR WIRTZ MOLEZÚN,* relixiosa da Compañía de María.

---

**Encrucillada**  
*Revista galega  
de pensamento  
cristián*